CURSO 202-2023

# PROGRAMACIÓN AULA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP FONTES-BAIÑA

TITORA: CELIA ABELLA FERNÁNDEZ

**ÍNDICE**

**1- BREVE INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN: legal, contexto e alumnado.**
**2 -OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
**3-CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS**
**4-ÁREAS (Cada unha delas contén):**
- Contribución ao desenvolvemento as competencias clave.
- Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe.
- Organización, secuenciación e temporalización dos contidos.
- Indicadores de logro.
- Mínimos esixibles.
- Criterios Metodolóxicos.

**4.1 Área de Lingua e Literatura Galega.**
**4.2 Área de Matemáticas.**
**4.3. Área de Lingua Castelá e Literatura.**
**4.4 Área de Ciencias Sociais.**
**4.5 Área de Ciencias da Natureza.**
**4.6 Área de Educación Artística (Plástica).**
**5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**
- Criterios metodolóxicos.
- Agrupamentos.
- Organización dos espazos.
- Organización dos tempos.

**6. TIPOS DE AGRUPAMENTOS.**
**7. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS.**
**8. ORGANIZACIÓN DO TEMPO.**
**9. MATERIAIS E RECURSOS.**
**10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- PLAN LECTOR
- As TIC.
- O emprendemento.
- A Educación Cívica e Constitucional.
- O traballo cooperativo.
- A Educación en Valores.

**11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**
**12. AVALIACIÓN**
- Procedemento.
- Avaliación Inicial.
- Instrumentos de avaliación.
- Criterios de cualificación.

-Sistema de cualificación.

**13. MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.**
**14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE**
**15. INDICADORES PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**
**16. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS.**
**17. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA.**
**18. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN MUSICAL.**
**19. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE RELIXIÓN CATÓLICA.**
**20. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VALORES.**
**21. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FRANCÉS.**
**22. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

## 1- BREVE INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación de aula (PA) é un documento anual que evita improvisacións sendo ademáis un elemento de calidade da práctica educativa que permite artellar unha resposta axeitada no alumnado e ademáis garante a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe facilitando así a reflexión sobre a práctica docente.

**CONTEXTUALIZACIÓN.**

**LEGAL**:

Fundaméntase nas seguintes referencias lexislativas:

Decreto 374/1996 do 17 de Outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das eescolas de educación infantil e educación primaria.

Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Decreto 105/2014 de currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación da ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato de Galicia, DOGA nº 29 do 11 de febreiro de 2022.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

**CENTRO:**

A organización interna do centro é a establecida, seguindo o Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das centros de educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997 que regula determinados aspectos de la organización e funcionamento das escolas de educación Infantil e Primaria.

Instalacións: conta coas instalacións e condicións materiais adecuadas segundo a lexislación vixente, baseándose no Real Decreto 132/2010 de 12 febreiro que recolle os requisitos mínimos que han de cubrir os centros.

Servizos: o colexio conta con *servizo de transporte* organizado segundo o disposto no Real Decreto 203/1986 do 12 de xuño, Decreto 160/1988, Orde do 1 de marzo de 1991, Orde 29 de xullo de 1988, Decreto 30/2007 do 15 de marzo, Orde do 17 de marzo de 2007; sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores..
O Centro tamén brinda o *servizo de comedor* ( seguindo o Decreto 10/2007 do 25 de Xaneiro, a Orde do 21 de febreiro do 2007 modificada pola Orde do 13 de xuño do 2008. ) O servizo de Comedor do noso Centro é de Xestión Indirecta.
Un dato a ter en conta é as relacións coas familias do alumnado, xa que elo constitúe o contexto de socialización máis importante para os/as nenos/as e xoga un papel fundamental no seu desenvolvemento como persoa autónoma e activa dentro da sociedade polo que é importante articular medidas para favorecer esa relación, a través, dunha comunicación bidireccional, e unha participación no control do proceso.
Neste curso realizouse unha reunión xeral coas familias do alumnado e posteriormente realizaranse as titorias individuais.
As titorias serán os martes en horario de tarde.

Sinalar que na maioría das familias tanto o seu nivel cultural como perfil socio -económico é medio, e a actividade económica depende do medio rural e a pesca , sector servizos así como na industria da zona. A maioría das nosas familias falan o galego .

**CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS/AS**

O grupo de 4º de Educación Primaria está formado por 14 alumnas/os, dos cales 5 son nenos e 9 son nenas.
É un grupo bastante homoxéneo en canto á consecución das aprendizaxes e non presenta ningún caso de conduta disrruptiva. Aínda así cabe destacar:
-Catro alumnos que repetiron xa nalgún curso pasado.
-Dúas alumnas con dificultades de aprendizaxe, unha delas valarada no 2018 e outra pendente de valoración.
-Unha alumna TEA.

-Unha alumna valorada como altas capacidades e coa que se segue un programa de enriquecemento curricular.

**2- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA**

A **finalidade** da educación primaria será a de facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

-Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

-Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

-Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade..

-Coñecer e empregar a lingua galega e a castelá e desenvolver hábitos de lectura..

-Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

-Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

-Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

-Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

-Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

-Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

-Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

-Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
-Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
-Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

## 3-CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, polo que cada unha se divide en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o dividimos no que chamamos **descritores da competencia**, que "describen" ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en **desempeños competenciais** redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto, obxectivable e observable nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores**, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar dende as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

As competencias nas que nos centraremos serán as seguintes:
- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
-Competencias sociais e cívicas (CSC).
-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
-Conciencia e expresións culturais (CCEC)

**AREAS**
**4.1 -ÁREA DE LI**
**CONTRIBUCIÓN**

Na área de Lingu
sistemático, face

**Competencia ma**

O desenvolveme
de situacións xa
linguaxe como ve

Os descritores qu
-Comprometerse
sostible.
-Recoñecer a imp
-Aplicar métodos
-Manexar a lingu
-Realizar argume
-Aplicar os coñec
reais e en calque

**Comunicación li**

A expresión oral
sistemática procu

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía | Coidado do medio e dos seres vivos | • Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.<br>• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.<br>• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.<br>• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura. |
| | Vida saudable | • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.<br>• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. |
| | A ciencia no día a día | • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>• Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.<br>• Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao |

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. A gama de experiencias comunicativas que se dean ao alumno serán clave para que favorezan un desenvolvemento amplo e a adquisición sexa progresiva.

Os descritores que utilizaremos serán:
-Comprender o sentido dos textos escritos.
-Gozar coa lectura.
-Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
-Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
-Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
-Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
-Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
-Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

**Competencia dixital**

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual achega o alumnado a un abano de posibilidades que lle van permitir desenvolverse e integrarse con máis facilidade a diferentes niveis. Dende esta área se fai imprescindible o manexo de diferentes ferramentas para a adquisición de información transformada en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:
-Empregar distintas fontes para a busca de información.
-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
-Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
-Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
-Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais**

A sociedade na que vivimos actualmente lévanos a tomar conciencia sobre a pluralidade na que estamos inmersos, coñecer o mundo no que vivimos e coñecer o seu contorno, dános unha perspectiva diferente; polo tanto, esta competencia vainos axudar a entender as diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:
-Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

-Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas**

A área de Lingua Galega e Literatura pídenos que o alumnado se mova nun marco de actitudes e valores tales como: o respecto, o exercicio activo da cidadanía, desenvolver un espírito crítico, o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia.

Os descritores desta competencia poden axudar a conseguir o proposto.
-Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
-Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
-Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
-Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
-Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
-Involucrarse ou promover accións cun fin social.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta área implica un proceso de ensino-aprendizaxe proactivo, polo que é necesario utilizar a lingua para adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de favorecer o uso de diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:
-Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
-Ser constante no traballo superando as dificultades.
-Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
-Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
-Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
-Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
-Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender lévanos a favorecer un deseño metodolóxico sistematizado que afiance todos aqueles aspectos que supoñan avance na adquisición de vocabulario, coñecemento da lingua, achegamento á literatura, consolidar o hábito lector, a creatividade e o gozo polo estético.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

-Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

-Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

-Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente,…

-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

-Planificar recursos necesarios e pasos sinxelos a realizar no proceso de aprendizaxe.

-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

**Contidos:**

B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo.

B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.

B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).

B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos.

B1.7. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión.

B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.

B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

B1.11. Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

B1.12. Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes.

B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

**Criterios de Avaliación:**

B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.

B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.

B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.

B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.

B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.

B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.

B1.7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.

B1.8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.

B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.

B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.

B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

B1.12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes.

B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. (CCL,CAA)

LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral. (CCL,CSC)

LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información. (CCL,CD,CAA,CSC)

LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. (CCL,CAA)

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. (CCL,CSIEE, CAA)

LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates. (CCL,CSIEE, CAA,CCL)

LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. (CCL,CSC)

LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. (CCL,CSC)

LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. (CCL,CSC,CAA)

LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. (CCL,CSC,CCEC)
LGB1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. (CCL,CSC,CCEC)
LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume. (CCL,CSC,CCEC)
LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. (CCL,CSC,CCEC,CAA)
LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. (CCL,CAA)
LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. (CCL,CAA)
LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. (CCL, CCEC)
LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. (CCL, CD, CAA, CSIEE, CSC)
LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. (CCL,CSC,CCEC,CAA)
LGB1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. (CCL,CAA, CSIEE)
LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. (CCL,CAA,CSIEE,CCEC)
LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. (CCL,CSC)
LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas. (CCL,CSC)
LGB1.12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica. (CCL,CCEC)
LGB1.12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora. (CCL,CSC,CCEC)
LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios. (CCL, CCEC)
LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. (CCL,CSC,CCEC)

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

**Contidos:**

B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.
B2.2. Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas web infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descricións, instrucións e explicacións).

B2.4. Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan.
B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo. B2.6. Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.
B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.
B2.9. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.
B2.10. Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así como as virtuais e participación en actividades literarias.
B2.11. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.
B2.12. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

**Criterios de Avaliación:**

B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.
B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.
B2.7. Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias.
B2.8. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente. (CCL,CSC,CD)
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade. (CCL)
LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. (CCL,CAA,CSIEE)

LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas). (CCL)
LGB2.1.6. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB2.1.7. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. (CCL,CAA,CSIEE, CSC, CMCT)
LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. (CCL,CAA)
LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais. (CCL,CAA)
LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. (CCL,CAA)
LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. (CCL,CAA,CD)
LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. (CCL,CAA,CD,CSIEE)
LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. (CCL,CAA)
LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada. (CCL)
LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade. (CCL)
LGB2.6.4. Fai lecturas dramatizadas de textos. (CCL,CSC)
LGB2.7.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. (CCL,CAA,CSC)
LGB2.7.2. Identifica o funcionamento da biblioteca de aula, de centro, así como as virtuais e colabora no seu coidado e mellora. (CCL,CAA,CSC)
LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro. (CCL,CSC, CCEC)
LGB2.8.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. (CCL,CAA,CSC)
LGB2.9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. (CCL,CAA,CSC, CCEC)
LGB2.10.1. Amosa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. (CCL)
LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. (CCL,CAA,CSC,CSIEE)

**BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR**

**Contidos:**

B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.

B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros.
B3.3. Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas.
B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións).
B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións,subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.
B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

**Criterios de Avaliación:**

B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.
B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). (CCL)
LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe. (CCL,CSC,CCEC)
LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores. (CCL,CAA,CSIEE)
LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos. (CCL,CAA,CSIEE)

LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia,avisos, instrucións… (CCL,CAA,CD)

LGB3.2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis). (CCL,CSC,CCEC,CAA)

LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido. (CCL,CAA)

LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión. (CCL,CSC,CCEC)

LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. (CCL,CAA,CSC)

LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información. (CCL,CAA,CSIEE)

LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. (CCL,CSC, CCEC,CAA,CSIEE)

LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. (CCL,CD,CAA,CSIEE)

LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido. (CCL,CD,CSIEE)

LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado… en calquera soporte. (CCL,CD,CAA)

LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento. (CCL,CSC)

**BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

**Contidos:**

B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).

B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.

B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe

B4.4. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

B4.5. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.

B4.6. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.

B4.7. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.

B4.8. Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía.
B4.9. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa compresión e coa produción de textos.
B4.10. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
B4.11. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.

**Criterios de Avaliación:**

B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.
B4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos.
B4.5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.
B4.6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.
B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.
B4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas. (CCL,CAA)
LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas. (CCL,CAA)
LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. (CCL,CAA)
LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores. (CCL,CAA)
LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao. (CCL,CAA)
LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación. (CCL,CSC,CCEC)
LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas. (CCL,CSC,CCEC)
LGB4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos. (CCL,CSC,CCEC)
LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos (CCL)
LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. (CCL)

LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono. (CCL,CSC,CCEC)
LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...de puntuación.(CCL,CAA)
LGB4.5.1. Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito. (CCL,CAA)
LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións. (CCL,CAA,CD)
LGB4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital. (CCL,CAA)
LGB4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. (CCL,CAA)
LGB4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual. (CCL,CAA)
LGB4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. (CCL,CSC,CCEC)
LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. (CCL,CCEC)
LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. (CCL,CCEC,CSC)

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

**Contidos:**

B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos), así como da literatura galega en xeral.
B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses.
B5.4. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.
B5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.
B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade.
B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.
B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

**Criterios de Avaliación:**

B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.

B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.

B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.

B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. (CCL,CAA,CCEC)

LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes. (CCL,CCEC)

LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. (CCL,CCEC,CD)

LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. (CCL,CCEC,CD)

LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro. (CCL,CCEC)

LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. (CCL,CCEC,CSC)

LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade. (CCL)

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. (CCL,CSC,CCEC)

LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.(CCL,CCEC).

**ORGANIZACIÓN, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**

Traballaremos 12 Unidades Didácticas, distribuidas da seguinte maneira:

| **TITULO** | **CONTIDOS BÁSICOS** | **TEMPORALIZACIÓN** |
|---|---|---|
| "Quen busca atopa" | A biografía.<br>Os tipos de dicionario.<br>Oración, parágrafo e texto.<br>A sílaba: o ditong e o hiato. | 1º Trimestre |
| "Aproveita o día e aforra enerxía" | O informe.<br>As abreviaturas e os símbolos.<br>Suxeito e Predicado. Tipos de oracións. | 1º Trimestre |

**INDICADORES DE LOGRO**

-Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

-Emprega a lingua oral galega en asembleas, conversas e intercambio de opinións como forma de comunicación (social e lúdica) cos demais e de expresión das súas ideas.

-Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas para a súa idade e propias da lingua galega.

-Escoita as intervencións dos seus compañeiros (postura adecuada, contacto visual, atención), amosando respecto e atención polos sentimentos dos demais.

-Usa as normas sociocomunicativas: espera de quenda, escoita activa e participación respectuosa, preguntando, asentindo etc., ao interlocutor e incorporando certas normas de cortesía.

-Expresa as súas propias ideas co vocabulario adecuado e coa orde necesaria para cumprir o obxectivo da intención comunicativa.

-Compara textos orais sinxelos producidos en lingua galega.

-Participa de forma construtiva preguntando, expresando dúbidas e construíndo un coñecemento común nas tarefas da aula.

-Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual (avisos, horarios, instrucións, normas...), realizando actividades sinxelas relacionadas cos citados textos .

-Utiliza de forma guiada as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.

-Elabora textos orais sinxelos.

-Utiliza nas súas expresións un vocabulario adecuado para a súa idade.

-Iníciase de forma autónoma no manexo de distintos recursos (dicionario, Internet…) para ampliar o seu vocabulario.

-Distingue polo contexto o significado das palabras polisémicas.

-Identifica o tema de textos sinxelos.

-Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe

-Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos.

-Interpreta personificacións e hipérboles en textos sinxelos.

-Identifica a estrutura xeral dun texto.

-Emprega o dicionario, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.

-Extrae as ideas principais dun texto.

-Reproduce con corrección e creatividade textos breves apropiados para a súa idade.

-Actúa en resposta ás ordes ou instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.

-Responde de forma correcta a preguntas concernentes ao texto oral.

-Recorda algunhas ideas básicas dun texto escoitado e responde preguntas relacionadas con este.

-Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con fluidez e entoación adecuada.

-Descodifica as palabras propias da súa idade e aplica os signos de puntuación (por exemplo, o punto e a coma).

-Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

-Le en silencio con fluidez textos de distinta complexidade achegados polo mestre/a.

-Realiza lecturas en silencio comprendendo os textos lidos (resume e opina).
-Utiliza as bibliotecas de aula e de centro respectando as normas básicas do seu funcionamento.
-Identifica as partes da estrutura organizativa de textos sinxelos.
-Elabora esquemas e mapas conceptuais sinxelos coa axuda do mestre/a.
-Interpreta o título dun texto e algunhas ilustracións con pautas establecidas.
-Recoñece as palabras clave coa axuda do mestre/a.
-Formula hipóteses baseándose no texto e as imaxes que o acompañan.
-Utiliza a biblioteca aplicando as normas de funcionamento con orde e responsabilidade.
-Localiza referencias bibliográficas: autor, editorial, ilustracións.
- Elabora textos breves , recollendo as ideas fundamentais.
-Aplica os signos de puntuación e ortografía básica.
-Reproduce textos sinxelos e breves ditados de forma lenta e con menor repetición.
-Expresa, por escrito e brevemente, ideas e opinións.
-Identifica, coa axuda do mestre/a, todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
-Conxuga con corrección formas verbais en pasado, presente e futuro, e úsaas nas súas producións escritas.
-Distingue familias de palabras con pautas establecidas previamente.
-Usa os aumentativos, diminutivos e onomatopeas na súa comunicación oral.
-Diferencia palabras compostas, prefixos e sufixos, e incorpóraos nas súas producións orais e escritas.
-Identifica, coa axuda do mestre/a, os diferentes tipos de palabras nun texto sinxelo.
-Identifica a orde alfabética na utilización dun dicionario.
-Distingue as características que definen as diferentes clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronome, determinante).
-Identifica correctamente as normas da concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita cunhas normas previamente establecidas.
-Identifica a sílaba átona e tónica.
-Recoñece correctamente os signos de puntuación (por exemplo, punto e coma) en textos dados.
-Coñece as regras de uso do acento gráfico en palabras agudas, diferenciando a posición da sílaba tónica.
-Coñece a concordancia das diferentes palabras dunha oración e aplícaa en producións propias sinxelas.
-Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, pertencentes á literatura infantil, mellorando a súa comprensión.
-Recoñece a rima como recurso propio dos poemas.
-Identifica comparacións, aumentativos e diminutivos en textos literarios, coa axuda do mestre/a.
-Narra textos literarios sinxelos (por exemplo, contos, poemas e cancións), a partir de pautas ou modelos dados, buscando o fomento da creatividade.
-Colabora en dramatizacións de textos literarios adecuados para a súa idade, individualmente e en grupo.
-Memoriza cunhas pautas establecidas e reproduce textos orais breves e sinxelos (por exemplo, contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas).

-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

**MÍNIMOS ESIXIBLES**

-Exprésase oralmente en galego, polo menos, nas materias nas que se imparten en galego.
-Fai uso das normas básicas da linguaxe oral: quenda de palabra, ton axeitado, dicción correcta…
-Le en voz alta e de xeito comprensivo textos adecuados á súa idade, tratando de entonar correctamente.
-Comprende o que le.
- Amplía o vocabulario co uso do diccionario.
-Escribe en galego cunha porcentaxe de castelanismos inferior ao 20%, usando conectores propios do galego e dun xeito coherente.
-Emprega correctamente os tempos verbais.
--Usa as normas ortográficas que lle corresponde: uso do b, uso do v, c/z, verbos con h.
-Emprega a coma e o punto e seguido e aparte correctamente.
-Sabe buscar no dicionario.
-Descompón en sílabas e recoñece a sílaba tónica.
-Recoñece  substantivos, adxectivos, verbos, determinantes, preposicións,  adverbios e pronomes persoais.
-Amplía vocabulario mediante prefixación e sufixación e elabora familias léxicas.
-Recoñece o suxeito dunha oración, tamén o suxeito elíptico.
-Recoñece o predicado.
-Coñece os principais tempos verbais: presente, pretérito, copretérto  e futuro de indicativo.
-Recoñece un texto narrativo, un texto poético e un texto teatral.

**CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS  A UTILIZAR NA ÁREA DE LINGUA GALEGA**

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes

organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

## 4.2 ÁREA DE MATEMÁTICAS:

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afines a área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Os obxectivos curriculares da área así como criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe cobren os aspectos básicos desta competencia no uso de elementos matemáticos e resolución de problemas así como de comprensión e aplicación dos métodos científicos. Así mesmo, engadiremos algúns aspectos máis que os complementen, como pode ser o coidadodo medio ambiente para adestrar a boa xestión de recursos materiais ou hábitos saudables desde o centro de interese suscitado nas unidades.
Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:
Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
-Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
-Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
-Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
-Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
-Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
-Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
-Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
-Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática

**Comunicación lingüística**

A comprensión escrita así como a expresión oral e escrita deben adestrar desde todas as áreas, pois son parte do que se denominaron aspectos competenciales transversais. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descritor de cada un destes indicadores.
A comprensión é vital para o desenvolvemento de calquera área e en concreto para a desenvolver comprensión dos enunciados dos problemas. Por este motivo deberiamos adestralo de xeito explícito e sistemática ao longo de todas as unidades.
Os descritores que priorizaremos serán:
-Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos.
-Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.

-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
-Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas. -Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

**Competencia dixital**

No decreto do currículo do Ministerio de Educación queda clara a necesidade de traballar de xeito transversal en todas as áreas as tecnoloxías da información e comunicación audiovisual. É evidente a importancia das ferramentas dixitais para a adquisición de coñecemento en todas as materias e idades.
Para iso, no área de Matemáticas, traballaremos os seguintes descritores da competencia:
-Empregar distintas fontes para a procura de información.
-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
-Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
-Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais**

Desde a área de matemáticas podemos contribuír ao adestramento desta competencia desde ainterculturalidade e respecto por crenzas e pensamentos diferentes e a expresión artística con sentido estético na realización de traballos.
Tomamos como referencia os seguintes descritores:
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencia social e cívica**

A competencia social e cívica encerra a comprensión e a aplicación de dereitos e deberes dos cidadáns nun Estado democrático. Traballar cos compañeiros, convivir, compartir coñecemento, participar na xestión do grupo, propoñer, colaborar, son aspectos desta competencia que podemos adestrar desde a área.
Para iso poñeremos o acento nos seguintes descritores:
-Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Involucrarse ou promover accións cun fin social..

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Desenvolver a autonomía persoal, o liderado na xestión de grupos de traballo e estimular a creatividade son aspectos facilmente abordables desde calquera área no traballo diario e mediante a proposta de traballo en grupos colaborativos. Ademais podemos promover o adestramento de habilidades propiamente emprendedoras no deseño de tarefas que permitan a xestión de recursos materiais e persoais.
Os descritores sobre os que traballaremos son:
-Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

-Ser constante no traballo, superando as dificultades.
-Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
-Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
-Xerar novas e diverxentes posibilidades cos coñecementos previos da unidade.
-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
-Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

**Aprender a aprender**

A competencia aprender a aprender toma especial relevancia nun área cuxa finalidade última é xerar procesos de pensamento eficaces para resolución de problemas. Por este motivo, traballarémola de xeito especialmente intensa, dado que está incrustada na súa razón de ser. Ademais, unha das maiores dificultades que atopamos na aprendizaxe desta asinatura é a pouca conciencia sobre a aprendizaxe e pouca confianza nas capacidades persoais para enfrontala. Por iso, a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe e a consecución de obxectivos é especialmente relevante.

Os descritores sobre os que traballaremos son:
-Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
-Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
-Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
-Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

**BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

**Contidos:**

B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos.
B1.2. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
B1.3. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas
B1.4. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

**Criterios de Avaliación:**

B1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.
B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.
B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.
B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.

**Estándares de Aprendizaxe:**

MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade. (CMCT, CCL)
MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc. (CMCT, CAA, CSIEE)
MTB1.2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. (CMCT, CAA, CSIEE)
MTB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia. (CMCT, CAA, CSIEE)
MTB1.2.4. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...). (CMCT, CCL, CAA)
MTB1.3.1. Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a co-herencia da solución e buscando outras formas de resolvelos. (CMCT, CAA, CSIEE)
MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc. (CMCT, CAA, CSIEE)
MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático. (CMCT, CAA)
MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada. (CMCT, CSC, CSIEE)
MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. (CMCT, CD,CAA)

**BLOQUE 2. NÚMEROS**

**Contidos:**

B2.1. Números naturais, decimais e fraccións.
B2.2. A numeración romana.
B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.
B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.
B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.
B2.6. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.

B2.7. O número decimal: décimas e centésimas.
B2.8. Fraccións. Representación gráfica.
B2.9. Os números decimais: valor de posición.
B2.10. Descomposición e redondeo de números naturais e decimais
B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e divisió
B2.12. Identificación e uso dos termos propios da división
B2.13. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.
B2.14. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.
B2.15. Operacións con fraccións.
B2.16. Operacións con números decimais.
B2.17. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
B2.18. Estimación de resultados.
B2.19. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
B2.20. Automatización de algoritmos.
B2.21. Descomposición de números naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras.
B2.22. Construción de series ascendentes e descendentes.
B2.23. Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras.
B2.24. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.
B2.25. Utilización da calculadora.
B2.26. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.
B2.27. Resolución de problemas da vida cotiá

**Criterios de Avaliación:**

B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas)
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.
B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.
B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

**Estándares de Aprendizaxe:**

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. (CMCT,CCEC, CCL)

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. (CMCT, CAA, CCL)
MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. (CMCT, CAA)
MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas. (CMCT, CAA) (CMCT, CAA)
MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados. (CMCT, CAA)
MTB2.3.3. Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados. (CMCT, CAA)
MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. (CMCT, CAA)
MTB2.4.2. Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50. (CMCT)
MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. (CMCT, CAA)
MTB2.4.4. Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta. (CMCT, CAA)
MTB2.4.5. Emprega a calculadora aplicando as regras dos eu funcionamento para investigar e resolver problemas. (CMCT, CAA, CD)
MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións. (CMCT, CAA)
MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. (CMCT, CAA, CSIEE).

**BLOQUE 3. MEDIDA**

**Contidos:**

B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
B3.2. Realización de medicións.
B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.
B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.
B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.
B3.6. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.
B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación.
B3.8. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.
B3.9. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.
B3.10. Cálculos con medidas temporais.
B3.11. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.

B3.12. Múltiplos e submúltiplos do euros

B3.13. Equivalencias entre moedas e billetes.

**Criterios de Avaliación:**

B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.

B3.2. Operar con diferentes medidas.

B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.

B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

**Estándares de Aprendizaxe:**

MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. (CMCT, CCL,CAA)

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. (CMCT, CAA)

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. (CMCT)

MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. (CMCT)

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. (CMCT)

MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións. (CMCT, CAA)

MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas. (CMCT, CAA, CSC)

**BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

**Contidos:**

B4.1. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación

B4.2. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.

B4.3. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.

B4.4. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio e diámetro.

B4.5. Identificación e denominación de polígonos atendendo o número de lados.

B4.6. Corpos xeométricos: elementos, relación e clasificación.

B4.7. Poliedros. Elementos básicos: vértices, caras e arestas. Tipos de poliedros.

B4.8. Corpos redondos: cono, cilindro e esfera.

B4.9. Regularidades e simetrías: recoñecemento de regularidades.

B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.

B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.

**Criterios de Avalición:**

B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo

B4.2. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.

B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.

B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

**Estándares de Aprendizaxe:**

MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos. MTB4.1.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas. (CMCT, CAA)

MTB4.2.1. Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados. (CMCT, CD)

MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro. (CMCT, CAA)

MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados. (CMCT, CAA)

MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas. (CMCT, CAA)

MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos. (CMCT, CAA)

MTB4.4.1. Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo. (CMCT, CAA, CSC)

MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisión. (CMCT, CAA, CSIEE)

MTB4.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo. (CMCT, CAA).

**BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE**

**Contidos:**

B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos. B5.2. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

**Criterios de Avaliación:**

B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais… comunicando a información.

B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.

**Estándares de Aprendizaxe:**

MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares. (CMCT, CAA)

MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas…(CMCT, CAA)

**ORGANIZACIÓN, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**

Traballaremos varias Unidades Didácticas, distribuídas da seguinte maneira:

| TITULO | CONTIDOS BÁSICOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|
| "Números de ata sete cifras" | Números de seis e sete cifras.<br>Aproximacións.<br>Sumar e restar decenas, centenas e millares.<br>Analizar datos estadísticos. | 1º Trimestre |
| "Suma e resta" | Propiedade conmutatita e asociativa.<br>Estimacións de sumas e de restas.<br>Sumas e restas combinadas.<br>Completar enunciados na resolución de problemas. | 1º Trimestre |
| "Multiplicación e potencias" | Propiedades da multiplicación.<br>Estimación de produtos.<br>Potencias.<br>Sumar e restar centenas a números de 3 e 4 cifras. | 1º Trimestre |
| "Divisións" | División exacta e división enteira.<br>Proba da división.<br>Divisións con ceros no cociente.<br>Operacións combinadas.<br>Multiplicar por 10, 100 e 1000.<br>Multiplicar un díxito por decenas, centenas e millares. | 1º Trimestre |
| "Práctica da división" | Divisións con divisor de dúas cifras.<br>Propiedade da división exacta.<br>Multiplicar dous números rematados en cero.<br>Multiplicar números de 2 cifras por 2 e por 20. | 1º Trimestre |
| "Fraccións" | Fraccións.<br>Comparación de fraccións.<br>Fracción de un número. | 2º Trimestre |

| | | |
|---|---|---|
| | Fraccións propias e impropias.<br>Números mixtos.<br>Dividir decenas, centenas e millares entre 10.<br>Dividir centenas e millares entre 100 e entre 1000. | |
| "Números decimais" | Unidades decimais.<br>Números decimais.<br>Comparación de decimais.<br>Aproximación de decimais.<br>Hallar a metade de decenas e centenas.<br>Hallar a metade de números de 2 e 3 cifras. | 2º Trimestre |
| "Suma, resta e multiplicación de decimais." | Suma e resta de números decimais.<br>Multiplicación de números decimais.<br>Sumar 11 a un número.<br>Sumar 9 a un número. | 2º Trimestre |
| "Tempo e diñeiro" | O reloxo dixital.<br>Unidades de tempo.<br>Problemas con tempo e diñeiro.<br>Restar 11 a un número.<br>Restar 9 a un número.<br>Programar horarios. | 2º Trimestre |
| "Lonxitude" | O metro, o decímetro e o centímetro.<br>O milímetro.<br>O kilogramo, o hectómetro e o decámetro.<br>Sumar números de 2 cifras sen levar e levando mentalmente.<br>Interpretar datos de altitudes. | 2º Trimestre |
| "Capacidade e masa" | O decilitro, centilitro e mililitro.<br>O decalitro, o hectolitro e o kilolitro.<br>O decígramo, ocentígramo e o miligramo.<br>O kilómetro, o hectómetro e o kilogramo.<br>Problemas de medida.<br>Sumar 21, 31, 41 a números de 2 cifras.<br>Interpretar datos de altitudes. | 2º Trimestre |
| "Rectas e ángulos." | Posicións relativas de rectas e circunferencias.<br>Medida e trazado de ángulos. | 3º Trimestre |

| | | |
|---|---|---|
| | Simetrías e translacións.<br>Restar 21, 31, 41… a números de 2 cifras.<br>Traballar con ángulos nos deportes. | |
| “Polígonos” | Perímetro. Polígonos regulares.<br>Clasificación de triángulos.<br>Clasificación de cuadriláteros e paralelogramos.<br>Tratamento da información.Pictogramas.<br>Área do cadrado e do rectángulo.<br>Analizar mosaicos. | 3º Trimestre |
| “Corpos xeométricos” | Prismas e pirámides. Elementos.<br>Clasificación de prismas e pirámides.<br>Corpos redondos.<br>Elixir os datos que resolven un problema.<br>Interpretar unha maqueta. | 3º Trimestre |
| “Probabilidade e estadística” | Suceso seguro, posible e imposible.<br>Máis probable e menos probable.<br>Media. | 3º Trimestre |

**INDICADORES DE LOGRO**

-Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas en contextos da vida cotiá e a contorna inmediata.

-Comprende o enunciado de problemas da vida cotiá e a contorna inmediata (datos, relacións entre os datos, contexto do problema) e exprésao mediante unha representación gráfica.

-Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas da vida cotiá e a contorna inmediata, seguindo unha orde no traballo e os pasos e procedementos necesarios.

-Reflexiona sobre o proceso levado na resolución de problemas relacionados con situacións da contorna inmediata e a vida cotiá, revisa as operacións utilizadas e as unidades dos resultados, comproba a coherencia das solucións no contexto da situación e busca outras formas de resolución.

-Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que hai que resolver da contorna inmediata e a vida cotiá, contrastando a súa validez e coherencia e valorando a súa utilidade.

-Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas, etc.).

-Expone novos problemas, a partir de uno resolto variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, propoñendo outros contextos, etc.

-Informa oralmente apoiándose en diferentes soportes (textos, gráficos, pictogramas, diagramas, etc.) sobre o proceso de investigación realizado a partir de cuestións concretas de carácter matemático sobre a vida cotiá e a contorna inmediata, expoñendo as fases de leste e valorando, coa axuda de pautas e cuestións definidas, os resultados e as conclusións obtidas.

-No tratamento de situacións problemáticas da vida cotiá e a contorna inmediata realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez tendo en conta as características das informacións ou datos iniciais e o contexto da situación.
-Elabora hipóteses sinxelas, propón a súa comprobación e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións que hai que resolver da vida cotiá e a contorna inmediata, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
-Desenvolve e mostra actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade, estratexias persoais de autocorrección e espírito de superación.
-Exponse a resolución de retos e problemas da vida cotiá e a contorna inmediata con precisión, esmero e interese superando bloqueos e inseguridades ante situacións descoñecidas e utilizando a reflexión sobre os erros como método de aprendizaxe.
-Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias adecuadas para cada caso, con confianza e precisión.
-Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas da vida cotiá e a contorna inmediata.
-Utiliza a calculadora para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas da vida cotiá e a contorna inmediata.
-Iníciase no coñecemento e a lectura de números romanos.
-Le, escribe e ordena, en textos numéricos e da vida cotiá, números ata a centena de milleiro e decimais ata as décimas, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
-Identifica e nomea números ordinais do 1.º ao 40.º en situacións da vida cotiá e a contorna inmediata.
-Interpreta, en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais ata a centena de milleiro e decimais ata as décimas, utilizando razoamentos apropiados e considerando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
-Descompón, compón e redondea números naturais ata a centena de milleiro e decimais ata as décimas, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
-Ordena e compara números naturais ata a centena de milleiro e decimais ata as décimas, utilizando a recta numérica como apoio gráfico.
-Descobre os números negativos en situacións cotiás.
-Redondea mentalmente números decimais á décima máis próxima en situacións de resolución de problemas da vida cotiá e a contorna inmediata.
-Resolve operacións en expresións numéricas introducindo o paréntese.
-Utiliza diferentes tipos de números en contextos próximos.
-Coñece e aplica os criterios de divisibilidade máis sinxelos como por 2, 5, e 10.
-Realiza operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
-Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.
-Resolve problemas utilizando a multiplicación para efectuar recontos.
-Realiza sumas, restas e multiplicacións con números decimais ata as décimas.
-Aplica o uso do paréntese en estruturas sinxelas.

-Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división en números naturais ata a centena de milleiro e decimais ata as décimas en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
-Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa números menores dunha centena de milleiro, atendendo ao valor posicional das súas cifras.
-Constrúe series numéricas (ata a centena de mil), ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir de calquera número, e de cadencias 5, e 50 a partir de múltiplos de 5.
-Descompón números naturais menores dunha centena de milleiro, atendendo ao valor posicional das súas cifras.
-Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
-Identifica múltiplos e divisores de 2, 3, 5, e 10 utilizando as táboas de multiplicar.
-Calcula os primeiros múltiplos dun número natural menor que 20.
-Calcula todos os divisores dun número natural menor que 20.
-Descompón números decimais ata as décimas, atendendo ao valor posicional das súas cifras.
-Utiliza estratexias persoais de cálculo mental en cálculos relativos á suma e resta de números naturais ata a centena, e multiplicación e división por unha cifra, explicando de forma oral o proceso seguido.
-Estima e redondea o resultado dun cálculo, valorando a resposta en situacións da contorna escolar e familiar e da vida cotiá.
-Usa a calculadora para resolver problemas.
- Identifica as unidades do Sistema Métrico Decimal: lonxitude, capacidade e peso/masa, na contorna inmediata e a vida cotiá.
-Estima lonxitudes, capacidades e masas en situacións da vida cotiá, elixindo a unidade e os instrumentos máis adecuados para medir e expresar unha medida explicando de forma oral o proceso seguido.
-Mide lonxitudes, capacidades e masas da contorna inmediata e a vida cotiá utilizando instrumentos convencionais (regra, metro, balanza, litro, etc.) e non convencionais, expresando o resultado na unidade máis adecuada, explicando de forma oral o proceso seguido.
-Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa obtidas na contorna inmediata e a vida cotiá, en forma simple, expresando o resultado na unidade determinada previamente.
-Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude (lonxitude, capacidade ou masa) da contorna inmediata e a vida cotiá.
-Resolve problemas relacionados con situacións da contorna inmediata e a vida cotiá, utilizando as unidades de medida (lonxitude, masa e capacidade) máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas e explicando o proceso seguido.
-Utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións: segundo, minuto, hora, día, semana e ano.
-Realiza equivalencias e transformacións entre horas-minutos e minutos-segundos.
-Resolve problemas da vida cotiá utilizando as medidas temporais.
-Coñece a función, o valor e as equivalencias entre moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.

-Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.
-Resolve problemas relacionados con situacións da contorna inmediata e a vida cotiá, utilizando medidas de lonxitude, masa, capacidade, tempo e moeda.
-Identifica posicións relativas de rectas e circunferencias na contorna inmediata e a vida cotiá, en creacións persoais, debuxos, etc.
-Identifica ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice, etc. na contorna escolar e familiar e na vida cotiá.
-Realiza gráficos sinxelos (esbozos, planos, etc.) de espazos da contorna escolar e familiar, conservando a proporcionalidade.
-Clasifica e describe triángulos e cuadriláteros, atendendo aos seus lados e os seus ángulos, identificándoos en obxectos cotiáns, fotografías, propaganda, etc.
-Calcula o perímetro de figuras planas a partir da medida dos seus lados.
-Identifica e clasifica cuadriláteros en obxectos da contorna inmediata, representacións, fotografías, carteis, imaxes, etc.
-Identifica e diferencia os elementos básicos de circunferencia e círculo: centro, radio, diámetro, corda e arco.
-Identifica e nomea polígonos atendendo ao número de lados en obxectos cotiáns, establecendo a relación dos prefixos que forman os seus nomes con outras palabras que os conteñen.
-Recoñece e identifica prismas e pirámides na contorna inmediata, imaxes, fotografías, vídeos, simulacións, etc.
-Recoñece e identifica corpos redondos (cono, cilindro e esfera) na contorna inmediata, imaxes, fotografías, vídeos, simulacións, etc.
-Comprende e describe posicións e percorridos na contorna inmediata e interpreta e elabora representacións espaciais destes en esbozos de itinerario, planos, etc., utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, paralelismo, perpendicularidad e perímetro).
-Recolle datos da contorna inmediata e a vida cotiá e rexístraos en táboas ou cadros de dobre entrada, diagramas de barra, lineais e circulares.
-Recolle, ordena e clasifica datos en función de máis dun criterio, relativos á contorna inmediata e a vida cotiá, expresando o resultado mediante táboas ou cadros de dobre entrada, diagramas de barra, lineais e circulares.
-Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos (diagramas de barras, lineais e circulares), con datos obtidos en situacións da contorna inmediata e a vida cotiá.

**MÍNIMOS ESIXIBLES**

-Comprende o enunciado de problemas sinxelos da vida cotiá e a contorna inmediata (datos, relacións entre os datos, contexto do problema) , extrae os datos e expresa o resultado adecuadamente.
-Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas, etc.).
-Escribe, le, descompón e compara números naturais de ata seis cifras.
-Sabe a táboa de multiplicar con seguranza e salteada.
-Recoñece, le, escribe, descompón e compara números decimais ata as milésimas.

-Suma, resta e multiplica por varias cifras  números naturais e decimais.
-Divide números naturais con dúas cifras no divisor.
-Le e representa números fraccionarios.
-Suma, resta e multiplica fraccións con igual denominador.
-Coñece a prioridade das operacións nas expresións combinadas.
-Identifica as unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade e tempo.
-Compara e transforma unidades en relación coa unidade fundamental.
-Coñece as moedas e billetes de curso legal e establece equivalencias entre elas.
-Coñece os tipos de liñas.
-Coñece a posición das rectas no plano.
Identificas as principais figuras planas e os seus elementos.
-Halla o perímetros das figuras planas.
-Identifica os principais corpos xeométricos.
-Encontra as coordenadas dun punto no plano.
-Clasifica un suceso como seguro, posible ou improbable.

**CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA DE MATEMÁTICAS**

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.
Os métodos utilizados deben partir da perspectiva do persoal docente como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que o persoal docente deberá xerar neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
Elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

## 4.3 ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

**CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Na área de Lingua Castelá incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMC**T)

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Tamén, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder utilizar a linguaxe, como instrumento para comunicar e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:
-Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
-Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
-Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
-Desenvolver e promover hábitos de vida saudables en canto á alimentación e ao exercicio físico.
-Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
-Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparellos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
-Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

**Comunicación lingüística. (CCL)**

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas. Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua.

Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favoreza unha correcta aprendizaxe e que lle asegure un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.
Os descritores que utilizaremos serán:

-Comprender o sentido dos textos escritos.
-Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
-Gozar coa lectura.
-Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
-Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
-Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
-Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

**Competencia dixital (CD)**

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.

Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.
Na área de Lingua adestraremos os seguintes descritores:
-Empregar distintas fontes para a busca de información.
-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
-Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
-Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
-Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A través da lingua podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.
Os descritores que adestraremos nesta competencia son:
-Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
-Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencia social e cívica (CSC)**

A área de Lingua permítenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos axudarán a desenvolvernos na sociedade na que vivimos.
Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:
-Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
-Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e na resolución de conflitos.
-Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
-Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.
-Involucrarse ou promover accións cun fin social.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

A área de Lingua esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de

emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.
Neste caso, os descritores a adestrar son:
-Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
-Ser constante no traballo, superando as dificultades.
-Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
-Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
-Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
-Xerar novas e diverxentes posibilidades cos coñecementos previos da unidade.
-Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Aprender a aprender (CAA)**

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo con aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:
-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
-Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
-Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
-Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico.
-Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

**Contidos:**

B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.

B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.

B1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.

B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.

B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da

mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)
B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.
B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.
B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar.

**Criterios de Avaliación:**
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.
B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos. B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.
B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel
B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.
B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.

**Estándares de Aprendizaxe**:
LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade. (CCL, CAA, CSC)
LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. (CCL, CAA, CSC)
LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes. (CCL)
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación. (CCL)
LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación. (CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE)
LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. (CCL)
LCB1.4 2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonemagrafía idénticas en textos significativos. (CCL)

LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. (CCL, CAA)
LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). (CCL, CAA)
LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. (CCL)
LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)
LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses. (CCL, CAA, CCEC)
LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). (CCL, CAA, CSIEE)
LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar). (CCL, CAA, CSIEE)
LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)
LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información. (CCL, CAA, CD)
LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. (CCL, CSC)
LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación. (CCL, CD, CAA, CSC).

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER**

**Contidos:**

B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel.
B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos).
B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.
B2.4. Gusto pola lectura.
B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal.
B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector
B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.
B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.
B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.
B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento

guiado da información.

**Criterios de Avaliación:**

B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.

B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.

B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.

B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.

B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.

B2.6. Mostrar interese por manter unha biblioteca propia.

B2.7. Identificar a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.

B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. (CCL)

LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social. (CCL, CAA)

LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. (CCL, CAA)

LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes. (CCL, CAA)

LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. (CCL, CAA)

LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. (CCL, CAA)

LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto. (CCL, CMCT,CCA)

LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos. (CCL, CCA)

LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar. (CCL, CCA)

LCB2.4.1. Dedica un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos. (CCL)

LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo. (CCL, CD,CAA)

LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma. (CCL, CD,CAA)

LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero. (CCL, CAA)

LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. (CCL, CSC)

LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade. (CCL, CAA, CSC)

LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos. (CCL, CAA, CSC)
LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. (CCL, CD, CAA).

**BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**
**Contidos:**
B3.1. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.
B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.
B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.
B3.6. Realización de ditados.
B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)
B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal.
B3.9. Revisión e mellora do texto. B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómics.
B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas
B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
B3.13. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro.

**Criterios de Avaliación:**
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
B3.3 Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita.
B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.

**Estándares de Aprendizaxe:**
LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos

informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas…. (CCL, CD, CAA)

LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. (CCL, CAA, CSIEE)

LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados. (CCL, CD,CAA, CSIEE)

LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. (CCL, CAA)

LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. (CCL, CSC)

LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente. (CCL, CAA)

LCB3.3.2. Reproduce textos ditados. (CCL)

LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. (CCL, CAA, CSIEE)

LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito. (CCL, CAA, CSIEE)

LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada. (CCL, CAA)

LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa compresión ou mellorar a súa presentación. (CCL, CD, CAA, CSIEE)

LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. (CCL, CSC)

LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc. (CCL, CD, CAA, CSIEE)

LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel. (CCL, CAA, CSIEE).

**BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

**Contidos:**

B4.1. A palabra. A sílaba. Ditongos e hiatos.

B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

B4.3 Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.

B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos.

B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.

B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos.

B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.

B4.8. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos.
B4.9. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación.
B4.10. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.
B4.11. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.
B4.12. Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma.
B4.13. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

**Criterios de Avaliación;**
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
B4.6. Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural.
B4.7. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia.

**Estándares de Aprendizaxe:**
LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados. (CCL)
LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos. (CCL)
LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. (CCL)
LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita. (CCL)
LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. (CCL)
LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. (CCL)
LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos. (CCL)
LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado. (CCL)
LCB4.3.1. Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso para buscar o significado de diferentes tipos palabras. (CCL, CAA)
LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. (CCL,CAA)

LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas. (CCL)
LCB4.4.1. Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso. (CCL, CAA)
LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita. (CCL)
LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. (CCL)
LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos. (CCL)
LCB4.4.5. Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos. (CCL)
LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. (CCL)
LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe. (CCL, CD, CAA)
LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España. (CCL, CSC)
LCB4.7.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.(CCL, CSC).

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

**Contidos:**

B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.
B5.4. Identificación de recursos literarios.
B5.5. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.
B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.
B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

**Criterios de Avaliación:**

B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.
B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.
B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.
B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade.
B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.
B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de

comunicación e como recurso de gozo persoal.

**Estándares de Aprendizaxe:**

LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. (CCL, CCEC)

LCB 5.2.1. Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. (CCL, CCEC)

LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios. (CCL, CAA)

LCB 5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas. (CCL, CCEC)

LCB 5.3.2. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios. (CCL, CCEC)

LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

LCB 5.5.1. Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións. (CCL, CAA, CCEC)

LCB 5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade. (CCL, CAA, CCEC)

LCB 5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. (CCL, CSC, CCEC).

**ORGANIZACIÓN, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**

Traballaremos 12 Unidades Didácticas, distribuídas da seguinte maneira:

| TITULO | CONTIDOS BÁSICOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|
| "Somos observadores" | O diccionario.Frases feitas e abreviaturas.<br>Enunciado/Oración.<br>Diptongo e hiato.<br>O conto. | 1º.Trimestre |
| "¿A que non te lo esperabas" | Sinónimos e antónimos<br>Clases de sustantivos<br>Palabras agudas<br>Narrar un suceso.<br>Tipos de conto. | 1º.Trimestre |
| "Un gesto legendario" | Palabras derivadas<br>El grupo nominal.<br>Palabras llanas.<br>Extraer ideas de un texto. | 1º.Trimestre |

| | | |
|---|---|---|
| | La leyenda. | |
| “Una Navidad ecológica” | Prefijos re- y pre-<br>Determinantes posesivos y numerales.<br>Palabras esdrúxulas<br>Las noticias.<br>Las fábulas. | 1º.Trimestre |
| “Mejor de lo que imaginas” | Prefixos i-in-im- des-<br>Formas personales y no person.<br>El punto y coma.<br>La descripción.<br>El ritmo y la métrica de la poesía. | 1º.Trimestre |
| ¡No te rindas! | Sufixos –oso, -ivo, -ante, -able.<br>Os tempos verbais.<br>Adxectivos con v.<br>Solicitar e dar información.<br>A comparación e a metáfora. | 2º.Trimestre |
| “Por si las moscas” | Aumentativos e diminutivos.<br>Tempos simples e compostos.<br>Verbos con j.<br>Expoñer un tema.<br>A hipérbole. | 2º.Trimestre |
| “Ni sapos ni culebras” | Palabras homófonas.<br>Verbos haber, ser e estar.<br>Verbos con h.<br>O esquema e o resumo.<br>A aliteración. | 2º.Trimestre |
| ¿Quién dijo miedo?” | As palabras compostas.<br>Os graos do adxectivo.<br>Verbos con v.<br>A entrevista.<br>Estilo directo e indirecto. | 2º.Trimestre |
| “Viva la diferencia!” | As interxeccións.<br>Os adverbios.<br>Os parénses e as comiñas.<br>A comunicación<br>Teatro. | 2º.Trimestre |
| “Inventa el futuro” | Polisemia.<br>Preposicións e conxuncións.<br>Palabras con b.<br>Uso de conectores. | 3º.Trimestre |

| | | |
|---|---|---|
| | O cómic. | |
| “Abre bien los oídos” | Familia de palabras<br>As linguas de España.<br>Palabras con x e con s.<br>O debate<br>Maneiras de ler. | 3º.Trimestre |

**INDICADORES DE LOGRO**

-Utiliza a lingua oral en asembleas, conversacións e presentacións como forma de comunicación (social e lúdica) cos demais e de expresión das súas ideas e pensamentos persoais.

-Expresa ideas con claridade e transmíteas con coherencia e corrección.

-Recoñece e emprega conscientemente recursos lingüísticos (entoación, ton de voz, ritmo do discurso, ampliación do vocabulario e estrutura do parágrafo) e non lingüísticos (linguaxe xestual e corporal) para comunicarse nas interaccións orais.

-Exprésase cunha pronuncia e unha dicción correctas (entoación, pronuncia e vocabulario) cando narra feitos ocorridos ou experiencias persoais, relatos, argumentos de libros ou películas, e cando describe personaxes e lugares coñecidos.

-Expresa as súas propias ideas co vocabulario adecuado, con orde e coherencia, introducindo o seu punto de vista.

-Participa activamente nas situacións interactivas de comunicación na aula, contestando preguntas e facendo comentarios relacionados co tema (asembleas, conversacións e presentacións).

-Participa de forma construtiva, expresando dúbidas, achegando experiencias e construíndo un coñecemento común nas tarefas da aula.

-Mostra unha actitude de escoita activa, centrando a súa atención na mensaxe escoitada.

-Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual (noticias, avisos, horarios, instrucións, normas, etc.), realizando actividades relacionadas con estes (preguntas, resumo, opinión...).

-Comprende o sentido de elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (vocabulario...).

-Emprega nas súas expresións un vocabulario adecuado á súa idade.

-Diferenza polo contexto o significado das palabras polisémicas, homófonas e homónimas.

-Identifica o tema do texto.

-Obtén as ideas principais dun texto.

-Resume un texto distinguindo as ideas principais.

-Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios próximos aos seus gustos e intereses con entoación e creatividade.

-Reproduce con corrección e creatividade as distintas técnicas de comunicación oral que estudou.

-Actúa en resposta ás ordes ou instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.

-Responde de forma correcta a preguntas concernentes ao texto oral.

-Reproduce textos orais sinxelos e breves imitando modelos narrativos, descritivos argumentativos, expositivos, instrutivos e informativos.

-Lembra algunhas ideas básicas dun texto escoitado propio da súa idade e exprésaas oralmente en

resposta a preguntas directas.
-Comeza a organizar e planificar o discurso adecuándose á situación de comunicación e ás diferentes necesidades comunicativas.
-Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender; escoita activamente, recolle datos pertinentes, iníciase na participación en enquisas e entrevistas, e exprésase oralmente con claridade.
-Iníciase no acceso á información a través de entrevistas, noticias e debates infantís procedentes da radio, a televisión, publicacións de prensa infantís ou Internet.
-Centra a atención en aspectos concretos propostos con antelación e recolle esta información dun modo organizado (rexistros, anotacións, etc.).
-Realiza entrevistas dirixidas e formula preguntas para buscar información.
-Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuadas.
-Descodifica con precisión as palabras propias da súa idade e aplica os signos de puntuación (por exemplo: o punto e coma) para dar sentido á lectura.
-Entende a mensaxe de maneira global e identifica as ideas principais dos textos lidos en voz alta.
-Comprende diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos e descritivos) e de textos da vida cotiá.
-Le en silencio e con fluidez textos de diferente complexidade.
-Realiza lecturas en silencio comprendendo os textos lidos (resume, extrae e opina).
-Identifica as partes da estrutura organizativa dos textos e capta o propósito destes segundo unhas pautas establecidas.
-Elabora esquemas e mapas conceptuais sinxelos.
-Interpreta o valor do título e das ilustracións máis relevantes dun texto traballado en clase.
-Marca as palabras crave dun texto cunhas pautas previamente establecidas.
-Aumenta o seu interese pola lectura de textos.
-Comprende o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.
-Extrae información dos diferentes textos xornalísticos e publicitarios, identificando a súa intención comunicativa.
-Extrae e ordena información nas diferentes actividades propostas polo docente.
-Ilustra os argumentos de lecturas dando referencias bibliográficas: autor, editorial, xénero e ilustracións.
-Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá (notas, diarios, cartas, correos electrónicos e noticias), imitando textos modelo.
-Escribe textos usando o vocabulario adecuado, organizando as ideas con claridade, secuenciando temporalmente o escrito, mantendo a cohesión e respectando normas gramaticais e ortográficas, imitando textos modelo.
-Elabora textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar a partir de textos facilitados, recollendo as ideas fundamentais de forma coherente.
-Aplica correctamente os signos de puntuación e as normas de ortografía, iniciándose na aplicación das regras de acentuación.

-Reproduce con corrección textos breves ditados a maior ritmo e con menor repetición, incrementando a dificultade do vocabulario incluído.
-Iníciase no uso de estratexias de procura e selección da información: comeza a resumir, elaborar esquemas e enunciados máis complexos, dando resposta a preguntas sobre un texto dado.
-Expresa por escrito e brevemente ideas, opinións e valoracións.
-Afiánzase na planificación e redacción de textos seguindo uns pasos (planificación, redacción); determina con antelación como será o texto e a súa extensión, e presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde.
-Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar, substituír e expresar características do nome, e expresar accións ou estados.
-Conxuga e usa con corrección formas verbais en pasado, presente e futuro en todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo.
-Diferenza familias de palabras apoiándose nos campos semánticos, con axuda do docente.
-Coñece, recoñece e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas, aumentativos, diminutivos e onomatopeas na súa comunicación oral e escrita en situacións de aula.
-Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos, e é capaz de crear palabras derivadas e incorporalas nas súas producións orais e escritas.
-Clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto previamente proposto.
-Coñece a estrutura do dicionario e úsao para buscar o significado de palabras dadas con certa autonomía.
-Elixe a acepción correcta da palabra descoñecida segundo a situación que lle ofrece o texto oral ou escrito, ou entre as varias que lle mostra o dicionario, cunhas pautas dadas.
-Coñece as normas ortográficas básicas e aplícaas nas súas producións escritas.
-Recoñece as características que definen ás diferentes clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronome e determinante), aplicándoas en producións sinxelas.
-Combina correctamente as normas da concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.
-Diferenza sílaba átona e sílaba tónica, e clasifica as palabras dun texto segundo a posición da sílaba tónica.
-Usa con corrección os signos de puntuación (por exemplo: punto, coma, interrogación e exclamación), afianzando a súa comprensión lectora.
-Coñece e aplica as regras de uso de táchea en palabras agudas e chairas, diferenciando a posición da sílaba tónica.
-Aplica a sintaxe adecuada en producións escritas propias con pautas determinadas previamente.
-Coñece, valora e respecta a variedade lingüística de España.
-Diferencia os textos literarios propios da literatura infantil (narrativos, poéticos e dramáticos), considerándoos como medio de gozar e aprendizaxe.
-Le textos narrativos de tradición oral, literatura infantil e adaptacións de obras.
-Recoñece os recursos métricos e realiza rimas sinxelas.
-Recoñece comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.

-Escribe textos literarios sinxelos (por exemplo: contos, poemas, cancións e pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

-Interpreta textos dramáticos individualmente e en grupo.

-Memoriza cunhas pautas establecidas e reproduce textos orais breves e sinxelos (contos, poemas, cancións, refráns, adiviñas, etc.).

-Esfórzase por escribir correctamente (grafía, orde, limpeza e estética) de forma persoal e creativa.

-Iníciase na utilización das novas tecnoloxías para escribir e presentar os textos, e afianza estratexias na procura de información.

-Recoñece a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con eles.

-Utiliza os medios informáticos para obter información sobre temas da contorna máis próxima baixo supervisión do docente.

-Iníciase na utilización das novas tecnoloxías para escribir e presentar os textos, e afianza estratexias na procura de información.

-Discrimina distintos programas educativos dixitais adecuados á súa aprendizaxe.

-Consulta diferentes fontes para obter datos e información e realizar traballos individuais ou en grupo.

-Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá (notas, diarios, cartas, correos electrónicos e noticias) imitando textos modelo.

-Utiliza ocasionalmente fontes en formato papel e dixital (dicionario, Internet) no proceso da escritura, de forma guiada ou autónoma.

-Usa de forma habitual distintos recursos (dicionario, Internet...) para ampliar o seu vocabulario.

-Utiliza a información para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectivo.

-Activa coñecementos previos, axudándose deles para comprender un texto traballado en clase.

-Realiza inferencias con axuda do docente e formula hipótese baseándose no texto e as imaxes que o acompañan.

-Recoñece a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con eles.

-Interpreta esquemas de chave e de números e mapas conceptuais sinxelos traballados en clase.

-Organiza o seu tempo de lecer incluíndo a lectura de diferentes textos da biblioteca de aula.

-Consulta diferentes fontes para obter datos e información e realizar traballos individuais ou en grupo.

-Establece relacións entre as ilustracións e os contidos do texto.

-Interioriza a biblioteca como fonte de consulta e aplica as normas de funcionamento.

-Selecciona lecturas e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de entretemento, manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.

-Utiliza ocasionalmente fontes en formato papel e dixital (dicionario, Internet) no proceso da escritura, de forma guiada ou autónoma.

-Iníciase no uso de estratexias de procura e selección da información: comeza a resumir, elaborar esquemas e enunciados máis complexos, dando resposta a preguntas sobre un texto dado.

-Reescribe noticias sinxelas e transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e a linguaxe propios do xénero, imitando modelos e seguindo unha guía de

axuda.
-Escribe diferentes tipos de textos (notas, diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, etc.), adecuando a linguaxe ás súas características básicas e imitando textos modelo encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.
-Afiánzase na planificación e redacción de textos seguindo uns pasos (planificación, redacción); determina con antelación como será o texto e a súa extensión, e presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde.
-Escoita as intervencións dos compañeiros (postura adecuada, contacto visual, atención e interese), mostrando respecto polos sentimentos dos demais.
-Utiliza as normas socio-comunicativas (espera de quendas, escoita activa, participación respectuosa), interactuando co interlocutor e facendo uso de certas normas de cortesía.
-Esfórzase por escribir correctamente (grafía, orde, limpeza e estética) de forma persoal e creativa.
-Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
-Coñece, valora e respecta a variedade lingüística de España.
-Le textos narrativos de tradición oral, literatura infantil e adaptacións de obras.

**MINIMOS ESIXIBLES**
-Expresa oralmente ideas, sentimentos, e opinións de xeito claro e coherente.
-Emprega a linguaxe e integra a linguaxe non verbal adecuada a cada situación.
-Fai uso das normas básicas da linguaxe oral: quenda de palabra, ton axeitado, dicción correcta…
-Le en voz alta coa entonación e a velocidades adecuadas textos propios da súa idade.
-Produce textos con coherencia, usando o punto e a coma así como os conectores adecuados.
-Emprega correctamente os tempos verbais.
-Usa as normas ortográficas que lle corresponde: uso do b, uso do v, verbos en –ger, -gir, -bir , c/z, verbos con h.
-Emprega a coma e o punto e seguido e aparte correctamente.
-Sabe buscar no dicionario.
-Descompón en sílabas e recoñece a sílaba tónica.
-Recoñece substantivos, adxectivos, verbos, determinantes, preposicións, adverbios e pronomes persoais.
-Amplía vocabulario mediante prefixación e sufixación e elabora familias léxicas.
-Recoñece o suxeito dunha oración, tamén o suxeito elíptico.
-Recoñece o predicado.
-Coñece os principais tempos verbais: presente, imperfecto, perfecto simple, perfecto composto e futuro de indicativo.
-Recoñece un texto narrativo, un texto poético e un texto teatral.

**CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ**
Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan

pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, e de acordo co proxecto lector do centro, organizarase un tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

## 4.4 ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A área contribúe de forma substancial á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Así mesmo ofrece o uso de ferramentas matemáticas, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática para a resolución de tarefas e problemas da vida cotiá. Ao mesmo tempo, debe potenciar a interacción co mundo físico, xa que moitas das aprendizaxes integradoras están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que o rodea. Así se vai desenvolvendo a competencia que permite interpretar o mundo físico, o achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

-Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

-Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.

-Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.

-Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

-Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

**Comunicación lingüística**

A área de Ciencias Sociais contribúe significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e, polo tanto, o desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística.

Os descritores que utilizaremos serán:

-Comprender o sentido dos textos escritos.

-Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.

-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

-Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

**Competencia dixital**

Contribúe tamén de forma relevante, á Competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área, esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica, esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto de aprendizaxe, nesta área.

Adestraremos os seguintes descritores:

-Empregar distintas fontes para a busca de información.

-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

**Conciencia e expresións culturais**

A contribución da área á Competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

-Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

**Competencias sociais e cívicas**

Respecto das competencias sociais e cívicas hai que considerar dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas (a familia, os amigos/ás, os compañeiros/ás, etc.), que requiren favorecer a toma de conciencia persoal de emocións e sentimentos e o desenvolvemento de actitudes de comunicación, diálogo, de resolución de conflitos con asertividade. Un segundo ámbito é aquel que transcende as relacións próximas ao alumnado, abordar o barrio, o municipio, a comunidade, o estado, a Unión Europea, etc. Comprender a súa organización, as súas funcións e os mecanismos de participación da cidadanía, vai máis alá dos aspectos conceptuais e require da aprendizaxe de destrezas sociais e actitudes.

Esta área convértese así nun espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades con el respecto ao grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente coma nas propias do ámbito social en que se vive.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

-Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

-Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.

-Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

-Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.

-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

-Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

-Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

-Involucrarse ou promover accións cun fin social.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Inclúense contidos directamente relacionados co desenvolvemento da competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao ensinar a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

-Ser constante no traballo superando as dificultades.

-Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.

-Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

-Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

**Aprender a aprender**

A aprendizaxe das Ciencias Sociais contribuirá ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender, mediante desenvolvemento de técnicas para tratar a información: a realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra parte, a reflexión e a expresión oral e escrita sobre que se aprendeu, como e para que, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

-Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

-Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

**BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS**

**Contidos:**

B1.1.Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais.Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquedanza e que

supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
B1.2.Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións. B1.3.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.
B1.4.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.
B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia
B1.6 A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.
B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área.
B1.8.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).
B1.9.Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.
**Criterios de Avaliación:**
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.
B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.
B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias Sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.
**Estándares de Aprendizaxe:**
CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.(CAA,CD,CMCCT, CCL)
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. (CSIEE, CAA)
CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. (CAA, CCL, CMCCT)
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. (CSC, CAA)
CSB1.2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. (CSC, CAA)
CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. (CCL, CAA, CMCCT, CSC)

CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. (CCL, CMCCT, CSC, CAA)

CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación (CCL, CD, CMCCT, CSC)

**BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA**

**Contidos:**

B2.1.A litosfera: placas tectónicas. Os volcáns, os terremotos e as súas consecuencias.

B2.2.Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.

B2.3.Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.

B2.4.Os paralelos e meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude.

B2.5.Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos.

B2.6.Escalas e signos convencionais dun mapa.

B2.7.Orientación no espazo: Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.

B2.8.O tempo atmosférico.

B2.9.Medición e predición meteorolóxica. Instrumentos de medida. Elaboración e comunicación dun parte meteorolóxico empregando as TIC (programa de radio, boletín meteorolóxico etc).

B2.10.Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os climogramas.

B2.11.Os mapas do tempo. Símbolos convencionais.

B2.12.A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga.

B2.13.Vertentes hidrográficas.

B2.14.Os tramos dun río.

B2.15.A litosfera: características e tipos de rochas.

B2.16.Rochas e minerais: propiedades, usos e utilidades.

B2.17.A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica.

B2.18.A intervención humana no medio.

B2.19.A contaminación e o cambio climático.

B2.20.Desenvolvemento sostible e consumo responsable. Elaboración dunha campaña de concienciación no centro educativo.

**Criterios de Avaliación:**

B2.1.Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.

B2.2.Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.

B2.3. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra.

B2.4.Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.

B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.
B2.6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.
B2.7.Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia
B2.8.Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.
B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.

**Estándares de Aprendizaxe:**

CSB2.1..1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias. (CMCCT,CAA, CCL)
CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios. (CMCCT,CAA, CCL)
CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas. (CMCCT,CAA)
CSB2.4.1.Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel. (CMCCT,CAA)
CSB2.5.1.Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico. (CMCCT,CAA, CCL)
CSB2.5.2.Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións. (CMCCT,CAA, CCL, CD)
CSB2.5.3.Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.(CMCCT)
CSB2.6.1.Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. (CMCCT, CCL, CSC)
CSB2.6.2.Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas. (CMCCT, CCL)
CMCCT CSB2.6.3.Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles. (CMCCT,CAA, CCL)
CSB2.7.1.Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos. (CMCCT, CCL)
CSB2.7.2.Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades. (CMCCT, CCL)

CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas. (CSC, CAA)

CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia. (CSC, CAA)

CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.(CSC, CAA)

CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.(CSC, CLL)

**BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE**

**Contidos:**

B3.1.A Constitución de 1978.

B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria.

B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.

B3.5.A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas.

B3.6.Estruturas de goberno básicas: o concello.

B3.7. Manifestacións culturais e lingüísticas de España.

B3.8.Demografía e poboación.

B3.9.Conceptos demográficos: básicos e a súa representación. Representacións gráficas dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas.

B3.10.Educación viaria. dquisición de coñecementos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.

**Criterios de Avaliación:**

B3.1.Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.

B3.2.Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións

B3.3.Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.

B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.

B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.

B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.

**Estándares de Aprendizaxe:**

CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica. (CSC, CCL)

CSB3.2.1.Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións. (CSC, CCL)

CSB3.2.2.Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. (CSC, CCL)

CSB3 3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España. (CSC, CCL)
CSB3.4.1.Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. (CSC, CCL)
CSB3.5.1.Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos. (CSC, CCL)
CSB3.5.2.Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información. (CSC, CCL)
CSB3 6.1.Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas. (CSC, CCL)
CSB3 6.2.Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrocharse o cinto, non molestar a persoa condutora...) (CSC, CCL)

**BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO**

**Contidos:**

B4.1.O tempo histórico. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. Proxecto de traballo colaborativo sobre as formas de vida que caracterizan a Prehistoria.
B4.2.As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura.
B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.
B4.4.A península ibérica na Prehistoria.
B4.5.A península ibérica na Idade Antiga.
B4.6.A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. Os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.
B4.7.Noso patrimonio histórico e cultural.
B4.8.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.

**Criterios de Avaliación:**

B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia
B4.3.Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.
B4.4.Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais
B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa

**Estándares de Aprendizaxe:**

CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. (CSC, CMCCT,CCL)
CSB4.1.2.Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas. (CSC, CCEC, CCL)
CSB4.2.1.Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura. (CSC, CCEC, CAA)
CSB4.3.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C (CMCCT, CSC)
CSB4.3.2.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos. (CSC, CMCCT, CSC, CCEC, CCL)
CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas. (CMCCT, CSC, CCEC, CCL)
CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas. (CCEC, CSC, CCL)
CSB4.4.3.Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas. (CSC, CCEC, CCL)
CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización. (CMCCT, CSC, CCEC)
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural. (CSC, CCEC).
CSB4.6.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo. (CSC, CCEC).

**ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Traballaremos varias Unidades Didácticas, distribuidas da seguinte maneira:

| **TITULO** | **CONTIDOS BÁSICOS** | **TEMPORALIZACIÓN** |
|---|---|---|
| "O planeta en que vivimos" | A Terra e o sistema solar.<br>Como se representa a Terra.<br>O planisferio e o globo terráqueo. | 1º Trimestre |
| "O tempo e o clima" | A atmosfera.<br>O tempo atmosférico.<br>Os diferentes climas da Terra.<br>Os climas de España.<br>A contaminación da atmosfera.<br>Como se elabora o prognóstico do tempo.<br>Realizar gráficos con datos de tempo | 1º Trimestre |
| "A auga e as | A hidroesfera. | |

| | | |
|---|---|---|
| rochas” | Os océanos e os mares.<br>As augas continentais.<br>A xeosfera.<br>A formación do relevo terrestre.<br>Os tipos de relevo. | 1º Trimestre |
| “Relevos, ríos e paisaxes de España” | O relevo de España.<br>Os ríos de España e as súas vertentes.<br>As paisaxes de España.<br>A conservación da paisaxe. | 2º Trimestre |
| “España e os seus habitantes” | España é unha democracia.<br>A organización do territorio de España.<br>Como se goberna España.<br>Os habitantes de España: como se mide a poboación, movementos de poboación e densidade.<br>Os sectores de produción.<br>O consumo responsable. | 2º Trimestre |
| “A prehistoria” | O Paleolítico.<br>O Neolítico.<br>A Idade dos Metais.<br>A arte na Prehistoria.<br>Como labraban a pedra e elaboraban a cerámica.<br>Ordenr unha secuencia de acontecementos. | 3º Trimestre |
| “A Idade Antiga” | O nacemento das civilizacións.<br>Os Iberos e os Celtas.<br>Os pobos colonizadores: Os gregos.<br>A civilización romana.<br>A romanización de Hispania.<br>A caída do Imperio romano. | 3º Trimestre |

**INDICADORES DE LOGRO**

-Selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións con apoio do profesor e comunícaa oralmente e/ou por escrito.

-Utiliza as TIC (Internet, blogs) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados na aula.

-Analiza informacións relacionadas coa área, interpreta e compara imaxes, táboas, gráficos, esquemas ou resumos e manexa as TIC en situacións de traballo na aula.

-Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

-Coñece e utiliza con precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.

-Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.
-Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñen a procura, a selección e a organización de textos de carácter social en situacións de aula.
-Utiliza estratexias para realizar traballos en equipo adoptando condutas responsables en situacións de aula.
-Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respectando os principios básicos do funcionamento democrático (respectar a quenda de palabra e de opinión, escoitar os demais e argumentar).
-Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos coñecidos no colexio sobre a base dos valores democráticos.
-Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social da aula e do colexio e utiliza estratexias para resolver conflitos na aula e no patio.
-Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola e familia).
-Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos exercitando prácticas democráticas en situacións de toma de decisións e co apoio do profesor.
-Mostra actitudes de confianza en si mesmo, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean na aula e no colexio.
-Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas e toma decisións persoais coa axuda dun adulto.
-Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, escoita e respecta as ideas dos compañeiros e reacciona con apertura ante elas en situacións de aula.
-Realiza traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades en situacións de traballo en grupo (por exemplo grupo cooperativo).
-Identifica e describe os diferentes tipos de astros do sistema solar relacionándoos con imaxes.
-Representa graficamente o movemento de translación terrestre e asocia as estacións como consecuencia da translación.
-Representa graficamente o movemento de rotación terrestre asociando o día e a noite como consecuencia deste.
-Representa graficamente e nomea as fases que xera a translación da Lúa.
-Describe as características das capas externas da Terra apoiándose nunha imaxe).
-Identifica e describe oralmente as diferentes representacións da Terra: planos, mapas, globos terráqueos etc.
-Interpreta planos e mapas identificando os seus signos convencionais e a súa linguaxe icónica .
-Localiza e sitúa nunha representación gráfica os puntos cardinais e utilízaos para orientarse en determinadas situacións.
-Describe oralmente as capas da atmosfera e represéntaas de forma gráfica.
-Investiga a función de protección da atmosfera do planeta utilizando recursos interactivos.
-Compara e contrasta o tempo atmosférico e o clima.

-Investiga o uso dalgúns instrumentos meteorolóxicos utilizando recursos interactivos.
-Interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións da súa localidade ou de localidades da súa comunidade autónoma.
-Observa e interpreta mapas meteorolóxicos sinxelos da súa localidade ou de localidades da propia comunidade autónoma e identifica elementos gráficos sinxelos.
-Recoñece algúns dos factores que determinan o clima e elabora unha idea básica deste.
-Diferencia e localiza as diferentes zonas climáticas da súa comunidade autónoma (nun mapa ou soporte dixital) e relaciona a súa flora e a súa fauna.
-Localiza e sinala masas e cursos de auga da propia comunidade autónoma nunha imaxe, nun mapa ou mediante un recurso interactivo.
-Explica, apoiándose nunha representación gráfica, o ciclo da auga; valora o uso responsable e non-responsable desta e actúa en consecuencia.
-Localiza e sinala, nun mapa ou recurso interactivo, os ríos, as cuncas e as vertentes de Galicia.
-Representa graficamente os tramos dun río e descríbeos.
-Describe de forma escrita as rochas das paisaxes da súa comunidade autónoma e as diferenzas segundo o tipo, as propiedades e os usos.
-Describe de forma escrita os elementos das paisaxes da súa comunidade autónoma e, utilizando medios interactivos, investiga sobre a súa diversidade.
-Localiza e sitúa nun mapa ou outros recursos interactivos as principais unidades do relevo da súa comunidade autónoma e as súas vertentes hidrográficas.
-Localiza e sitúa nun mapa ou outro recurso interactivo os principais ríos de Galicia.
-Utilizando a tecnoloxía, investiga sobre o comportamento humano no medio natural e asóciao co uso sustentable dos recursos naturais.
-Analiza accións cotiás e clasifícaas nas que protexen e as que non protexen o medio (por exemplo cunha táboa).
-Explica/simula o proceso para levar a cabo unhas eleccións determinando algúns valores democráticos recolleitos na Constitución española.
-Investiga a composición e o funcionamento do Concello da súa localidade e as funcións que realiza.
-Explica como se elixen e cales son as funcións dos responsables do Concello da súa localidade.
-Define concello, provincia e comunidade e nomea e localiza en mapas políticos Galicia e as súas provincias, así como as diferentes comunidades autónomas.
-Solicita información a través de diferentes fontes para presentar Galicia e outras comunidades autónomas nunha exposición oral/escrita, destacando os seus valores culturais, lingüísticos etc. e mostrando respecto e curiosidade polo que achegan as diferenzas.
-Define, oralmente ou por escrito, a poboación dun territorio: grupos de idade, natalidade, mortalidade, inmigración e emigración.
-Manexa táboas con datos do censo e do padrón para comparar poboacións e elaborar as súas conclusións.
-Define que é poboación activa e inactiva e clasifica diferentes situacións das persoas en relación coa súa situación labora).

-Investiga a través de diferentes fontes como evolucionou a poboación de Galicia en períodos de tempo delimitados.
-Busca información sobre que factores fan que a poboación se concentre ou se disperse nun territorio dado.
-Sitúa nun mapa de Galicia as maiores concentracións de poboación e engade algunha consecuencia desta concentración.
-Pescuda algunhas causas e efectos dos movementos migratorios en Galicia a través de diferentes fontes.

**MÍNIMOS ESIXIBLES**

-Busca información sobre un tema (na internet, en libros, testemuñas…), selecciona o importante, organízaa e expona oralmente ou por escrito ao grupo-clase.
-Coñece os componentes do sistema solar.
-Identifica os movementos da Terra e sabe a que dá lugar cada un deles.
-Diferencia tempo atmosférico de clima.
-Identifica os territorios que forman España e sabe establecer os seus límites.
-Identifica os elementos principais do relevo de España e os principais ríos.
--Explica, apoiándose nunha representación gráfica, o ciclo da auga; valora o uso responsable e non-responsable desta e actúa en consecuencia.
-Coñece as características dos tres sectores de producción.
-Entende o concepto de cambio climático e de consumo responsable.
-Identifica algunha característica das distintas etapas da Prehistoria.
-Identifica algunha característica da Idade Antiga.

**CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS**

Teremos en conta unha serie de principios metodolóxicos e de organización que permitan avanzar cara mellora dos resultados:

-Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, planificadas con rigor, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa.

Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inquedanza, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencais en comunidades de aprendizaxe serían propostas que responderían a ese perfil.

-É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

-A planificación e o desenvolvemento destas propostas levan asociada a utilización de diversos instrumentos de avaliación: cartafol, diarios, rúbricas, debates, mapas mentais, probas específicas etc. que evidencian os distintos graos de execución das aprendizaxes. Destaca o papel activo do alumnado no proceso de avaliación, pois o uso do cartafol lle permite potenciar a autonomía e desenvolver o pensamento crítico e reflexivo.
-Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.
-O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.
-Deberanse buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

## 4.5 ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

### CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.
A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación, interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:
-Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
-Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
-Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
-Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

**Comunicación lingüística**

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes, e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto, prioritario de aprendizaxe na área.
O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e os fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral como a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado na área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que nos intercambios comunicativos se valore a claridade, a exposición, o rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.
Os descritores que utilizaremos serán:
-Plan lector: gozar coa lectura.
-Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
-Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...

**Competencia dixital**

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio; son ademais unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes xa que permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.
Adestraremos os seguintes descritores:
-Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
-Empregar distintas fontes para a busca de información.
-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
-Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

**Conciencia e expresións culturais**
Esta competencia, con respecto á área de Ciencias da Natureza, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.
Os descritores que adestraremos nesta competencia son:
-Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
-Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas**
Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida na que os alumnos e as alumnas desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos cooperativos e grupais, así como no uso de novas metodoloxías, como o traballo por proxectos, que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado, de modo que se potencien estas habilidades.
Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos deseguido:
-Educación en valores: aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
-Involucrarse ou promover accións cun fin social.
-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal, ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e a xestión de proxectos de traballo, ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia, xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e conservar a autoestima, e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área as tarefas, as actividades e o traballo por proxectos farán que o alumnado adquira todas estas destrezas.
Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:
-Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
-Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
-Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

**Aprender a aprender**

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais, que resultan especialmente útiles, nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:
-Intelixencias múltiples: desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
-Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.

## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

## BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

### Contidos

B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.
B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.
B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).
B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.
B1.5. Iniciación á actividade científica.
B1.6. O traballo cooperativo.
B1.7. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.
B1.8. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

### Criterios de Avaliación

B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.
B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.
B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.

### Estándares de aprendizaxe

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.(CAA,CCL,CMCCT,CSIEE)
CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. (CCL,CMCCT,CD)
CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.(CAA,CMCCT,CSIEE)
CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.(CAA,CMCCT,CD)
CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.(CAA,CMCCT)
CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.(CAA,CMCCT,CSIEE)
CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. (CMCCT,CCL)
CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. (CAA,CMCCT,CSC,CSIEE).

**BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE**
**Contidos**

B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.
B2.2. As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.
B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
B2.4. Saúde e enfermidade.
B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
B2.6. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.
B2.7. Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...
B2.8. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais.
B2.9. A relación cos demais. Toma de decisións.
B2.10. A igualdade entre homes e mulleres.
B2.11. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.
B2.12. Identificación de sistemas de conservación alimentaria.
B2.13. Pirámide alimentaria.
B2.14. Análise de dietas equilibradas.

**Criterios de Avaliación**

B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.

B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.

**Estándares de Aprendizaxe**

CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. (CMCCT)
CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos. (CMCCT, CCL)
CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. (CMCCT,CSC)
CNB2.2.2 Identifica e valora as súas habilidades persoais.(CSC,CSIEE)
CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. (CMCCT)
CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.(CAA,CSC)
CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.
(CMCCT)
CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.(CMCCT)
CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.(CMCCT)

**BLOQUE 3. OS SERES VIVOS**

**Contidos**

B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.
B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos.
B3.3. Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables.
B3.4. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.
B3.5 Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.
B3.6 Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.
B3.7. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.
B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.
B3.9. Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.

**Criterios de Avaliación**

B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.
B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.

**Estándares de Aprendizaxe**

CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.(CMCCT)
CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico. (CMCCT)
CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.
(CMCCT,CAA)
CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.
(CMCCT,CCL)
CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.(CMCCT)
CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.
(CMCCT,CCL,CSIEE,CD).

**BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA**
**Contidos**
B4.1. O sol e a auga como fontes de enerxía.
B4.2. Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
B4.3 Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
B4.4. Intervención da enerxía na vida cotiá.
B4.5. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.
B4.6. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.
B4.7. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medio ambientais.
B4.8. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz.
B4.9. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.
B4.10. Realización de experiencias con mesturas.
B4.11. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.
B4.12. Procedementos de separación.

**Criterios de Avaliación**

B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.
B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.

**Estándares de Aprendizaxe**
CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. (CMCCT,CSC )
CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.(CMCCT,CCL,CSC)
CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna. (CMCCT,CSC)
CNB4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz. (CMCCT,CCL)
CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.(CMCCT)
CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.(CMCCT)
CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.(CMCCT)
CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.(CMCCT).

**BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**
**Contidos**
B5.1. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela etc.).
B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.
B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.
B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.
B5.5 Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.

**Criterios de Avaliación**
B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.
B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.

**Estándares de Aprendizaxe**
CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento. (CMCCT,CSC,CSIEE)

CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.(CMCCT,CCL)
CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan. (CMCCT,CCL,CSC)
CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar... (CMCCT,CAA,CCEC,CD,CSIEE).

**ORGANIZACIÓN, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**
Traballaremos varias Unidades Didácticas, distribuidas da seguinte maneira:

| TITULO | CONTIDOS BÁSICOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|
| "As plantas, uns seres vivos esenciais" | Seres vivos e inertes.<br>O reino das plantas.<br>Clasificación das plantas.<br>A nutrición das plantas.<br>A reprodución das plantas. | 1º trimestre |
| "Moitos reinos comparten o medio" | O reino dos animais. Os invertebrados.<br>O reino dos animais: Os vertebrados.<br>Os outros reinos: algas, fungos e bacterias.<br>Os seres vivos e o medio.<br>Relacións no ecosistema. | 1º trimestre |
| "A relación e a saúde" | A función de relación.<br>O olfacto, o gusto e o tacto.<br>O sistema nervioso.<br>O sistema locomotor.<br>A relación e a saúde. | 2º trimestre |
| "A nutrición e a saúde" | A función de nutrición.<br>O aparato dixestivo.<br>Outros aparatos que inerveñen na nutrición.<br>A nutricióne a saúde. | 2º trimestre |
| "A materia e as máquinas" | A materia e as súas propiedades.<br>Sbstancias puras e mesturas.<br>Os cambios na materia.<br>As máquinas.<br>A panca. | 3º trimestre |
| "A enerxía" | Formas e fontes de enerxía. | |

| | | |
|---|---|---|
| | A calor.<br>A luz.<br>O son.<br>A electricidade. | 3º trimestre |

**INDICADORES DE LOGRO**

-Busca e selecciona información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais de Galicia, utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular, microscopio…) e consultando documentos escritos, imaxes e gráficos. Analiza a información, obtén algunha conclusión e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
-Expón oralmente e/ou por escrito experiencias e tarefas, utilizando con claridade, orde e adecuación o vocabulario traballado e manifestando a compresión de textos orais e/ou escritos.
-Realiza experiencias, tarefas sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc., iniciándose na formulación de problemas, enunciando algunha hipótese, utilizando o material proporcionado, realizando e extraendo conclusións sinxelas, comunicando os resultados e presentando as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.
-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor) e nutrición (aparatos circulatorio, excretor…).
-Identifica algunhas das principais características das funcións vitais do ser humano: relación e nutrición.
-Coñece algunhas características do funcionamento do corpo humano.
-Coñece os principios das dietas equilibradas.
-Coñece algúns avances da ciencia que melloran a saúde.
-Coñece e comprende técnicas básicas de primeiros auxilios.
-Identifica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.
-Identifica e describe con axuda a estrutura dos seres vivos (órganos, aparatos), identificando as principais características de cada un deles.
-Observa directa e indirectamente, coñece, identifica e enumera características e recoñece e clasifica os seres vivos (animais e plantas) de Galicia.
-Coñece a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
-Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias, ecosistemas…
-Identifica algunhas das causas da extinción de especies.
-Observa e identifica os compoñentes dun ecosistema próximo.
-Recoñece en debuxos, fotografías e vídeos algúns ecosistemas (charca, bosque, deserto… ) e os seres vivos que habitan neles.
-Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos de Galicia.
-Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais apropiados e comunica de forma oral e/ou escrita os resultados.

-Observa, identifica e clasifica algúns materiais, fixándose nas súas propiedades elementais: cheiro, sabor, textura, cor, capacidade de disolución, peso/masa…
-Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa dun corpo, tales como a balanza e a báscula.
-Identifica e explica, coa axuda do docente, as principais características da flotabilidade nun medio líquido.
-Coñece os cambios de estado e algunhas das leis básicas que os rexen.
-Planifica e realiza, coa axuda do docente, experiencias sinxelas e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas, e comunica o proceso seguido e os resultados obtidos.
-Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: luminosa, sonora, eléctrica e térmica.
-Identifica e explica algunhas das principais características das enerxías non-renovables, identificando a orixe da que proveñen.
-Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento.
-Realiza experiencias sinxelas (por exemplo, no laboratorio, na clase...) para separar os compoñentes dunha mestura mediante filtración.
-Coñece os efectos da calor no aumento de temperatura e na dilatación dalgúns materiais.
-Identifica e experimenta, coa axuda do docente, algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
-Investiga a través da realización de experiencias sinxelas sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia: expón problemas, enuncia hipóteses, selecciona o material necesario, extrae conclusións sinxelas e comunica os resultados.
-Realiza experiencias sobre os fenómenos, tales como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e o cambio de estado.
-Identifica diferentes tipos de máquinas do seu contexto próximo e clasifícaas segundo o número de pezas.
-Observa e identifica algúns dos compoñentes das máquinas máis habituais do seu contexto próximo.
-Observa e identifica, coa axuda do docente, algunha das aplicacións das máquinas non-asociadas ao contexto próximo do alumnado, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
-Coñece os elementos dun circuíto eléctrico.
-Coñece algúns efectos da electricidade.
-Busca e selecciona información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais de Galicia, utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular, microscopio…) e consultando documentos escritos, imaxes e gráficos; analiza a información obtida, extrae algunha conclusión e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
-Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos.
-Identifica e adopta hábitos saudables para previr enfermidades.
-Reflexiona, coa axuda do docente, sobre o traballo realizado e extrae conclusións sinxelas sobre como traballa e aprende.
-Manifesta autonomía na execución de accións e tarefas.
-Manifesta e desenvolve iniciativa na toma de decisións, tendo en conta as consecuencias principais

das decisións tomadas.
-Realiza experiencias, tarefas sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc., iniciándose na formulación de problemas, enunciando algunha hipótese, utilizando o material proporcionado, realizando e extraendo conclusións sinxelas, comunicando os resultados, e presentando as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.
-Manifesta progresiva autonomía na execución de accións e tarefas.
-Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función a partir de pezas moduladas.
-Coñece os elementos dun circuíto eléctrico.
-Coñece as normas básicas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo no laboratorio, na clase...).
-Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos.
Identifica e adopta hábitos saudables para previr enfermidades.
-Coñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e de tabaco, sobre todo en idades temperás.
-Identifica e comprende emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.
-Planifica, coa axuda do docente e de forma autónoma, actividades individuais de lecer e tempo libre que repercutan positivamente no seu modo de vida.
-Mostra condutas de respecto e de coidado cara aos seres vivos.
-Respecta e comprende algunhas das normas básicas de uso e de seguridade dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
-Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo: tesoiras, lapis, enchufes, billas, chisqueiros de alcohol, coitelos, vidro…) na aula.
-Coñece os principios das dietas equilibradas.
-Coñece algúns avances da ciencia que melloran a saúde.
-Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento.

**MÍNIMOS ESIXIBLES**.
-Expón oralmente e/ou por escrito experiencias e tarefas, utilizando o vocabulario traballado e manifestando a compresión de textos orais e/ou escritos.
-Realiza experiencias, tarefas sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc., iniciándose na formulación de problemas, enunciando algunha hipótese, utilizando o material proporcionado, realizando e extraendo conclusións sinxelas, comunicando os resultados e presentando as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.
-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor) e nutrición (aparatos circulatorio, excretor…).
-Coñece os principios das dietas equilibradas..
-Identifica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.
-Coñece a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.

-Identifica algunhas das causas da extinción de especies.
-Recoñece en debuxos, fotografías e vídeos algúns ecosistemas (charca, bosque, deserto… ) e os seres vivos que habitan neles.
-Observa e clasifica algúns materiais, fixándose nas súas propiedades elementais: cheiro, sabor, textura, cor, capacidade de disolución, peso/masa…
-Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa dun corpo, tales como a balanza e a báscula.
-Coñece os cambios de estado e algunhas das leis básicas que os rexen.
-Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: luminosa, sonora, eléctrica e térmica.
-Identifica diferentes tipos de máquinas do seu contexto próximo e clasifícaas segundo o número de pezas.
-Observa e identifica algúns dos compoñentes das máquinas máis habituais do seu contexto próximo.
-Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos.
-Identifica e adopta hábitos saudables para previr enfermidades.
-Coñece os principios das dietas equilibradas.
-Coñece algúns avances da ciencia que melloran a saúde.

**CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA**

En concreto, na área de Ciencias da Natureza:
-Os alumnos e as alumnas han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos e alumnas teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

-Debemos ter en conta que cada alumno e alumna parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para acadar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

-Nesta área, os alumnos e as alumnas iníciase no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

-Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

## 4.6 ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

### CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Plástica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

A área contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.
Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:
-Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
-Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
-Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
-Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
-Manexar os coñecementos sobre *ciencia e tecnoloxía* para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
-Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
-Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

**Comunicación lingüística:**

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que o rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área achega, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.
De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese tamén esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións achegadas no desenvolvemento dos proxectos e da propia presentación destes.
Os descritores que utilizaremos serán:
-Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
-Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
-Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
-Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

**Competencia dixital**

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e do son e das mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.
Na área de Plástica adestraremos os seguintes descritores:

-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

-Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

-Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

**Conciencia e expresións culturais:**

A área de Educación artística contribúe directamente en todos os aspectos que configuran a área na adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e nas técnicas e nos recursos que lle son propios, axudando o alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que os rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e de expresión.
A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito máis próximo coma doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.
Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

-Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural de ámbito mundial.

-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

-Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

-Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

-Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas:**

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxe, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais coma grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e utilización de espazos de xeito apropiado, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico adecuado. Todo iso fai que a área contribúa ao desenvolvemento da Competencia social e cívica.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

-Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

-Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

-Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un ante un mesmo suposto. Neste sentido, a área de Educación artística contribúe á Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supoñen o desenvolvemento de capacidades e de habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuíndo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar serían:

-Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

-Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

-Encontrar posibilidades no arredor que outros non aprecian.

-Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

-Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

-Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

**Aprender a aprender**

Á Competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación formula a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

-Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

-Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

**BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL**

**Contidos:**

B1.1. Comunicación das apreciacións obtidas por observación.

B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.

B1.3. Creación de imaxes para textos dados para secuenciar unha historia ( romance, cantiga, … ).

B1.4. Observación de materiais empregados nas obras plásticas.

B1.5. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas.

B1.6. Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais, exploradas desde diferentes ángulos e posicións.

B1.7. Interese por procurar información sobre as producións artísticas e por comentalas.

B1.8. Indagación sobre as calidades de diferentes materiais e uso que se fai deles en distintas representacións.

B1.9. Uso dos recursos dixitais na procura da información.

B1.10. Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan.

B1.11. Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe.

B1.12. Observación de elementos para estudo de escalas e proporcións.

B1.13. Indagación sobre as maneiras de representar o espazo.

B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.

**Criterios de Avaliación:**

B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.

B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.

B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.

**Estándares de Aprendizaxe:**

EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función... ) (CCEC, CCL, CAA)

EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función. (CCEC, CCL, CAA)

EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic. (CCEC, CCL, CAA)

EPB1.1.4. Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta. (CCEC, CCL, CAA)

EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal. (CCEC, CCL, CSC)
EPB1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.) (CCEC, CCL)
EPB1.2.3. Identifica a influencia dos fondos de cor. (CCL)
EPB1.2.4. Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística. (CCEC, CCL, CSC)
EPB1.2.5. Identifica as formas de representar a figura humana nas obras. ( CCL, CMCCT)
EPB1.3.1. Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais. (CCL, CCEC, CSC)
EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra. (CCL, CCEC, CSC, CD)
EPB1.3.3. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.(CCL, CCEC, SCIEE, CD)
EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas (CCL, CAA, CCEC)
EPB1.4.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais. (CCL, CSC, CMCCT)

**BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA**

**Contidos:**

B2.1. Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes.
B2.2. Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.).
B2.3. Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes (pintura esparexida, por chorro etc.).
B2.4. Emprego de distintos soportes nas creacións.
B2.5. Curiosidade por coñecer as posibilidades plásticas dos materiais
B2.6. Construción de móbiles, estruturas e volume.
B2.7. Construción de estruturas sinxelas para representacións teatrais
B2.8. Experimentación das dimensións e das proporcións dunha mesma forma en diferentes posicións.
B2.9. Experimentación das posibilidades de representación con liñas grosas, finas, continuas, descontinuas e xeométricas.
B2.10. Realización de fotografías: enfoque e planos.
B2.11. Aplicación en producións propias de aspectos observados en obras artísticas.
B2.12. Utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
B2.13. Compilación impresa e dixital sobre manifestacións artísticas.
B2.14. Interese pola procura da información artística.
B2.15. Interpretación da información.
B2.16. Inicio no uso dos medios audiovisuais e dixitais para a creación de obras plásticas.
B2.17. Establecemento de ordes e pautas para seguir.
B2.18. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquexos ou deseños.

B2.19. Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos.
B2.20. Selección axeitada de materiais e espazos.

**Criterios de Avaliación:**

B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas

B2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.

B2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.

B2.4. Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.

B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,

**Estándares de Aprendizaxe:**

EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais. (CCEC)

EPB2.1.2. Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.4. Realiza unha obra con materiais téxtiles de refugo. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras. (CAA,CCEC)

EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.7. Representa obxectos coa técnica da esfumaxe. (CCEC)

EPB2.1.8. Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.9. Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas. (CCEC, CSC)

EPB2.1.10. Representa imaxes usando diferentes características da cor. (CCEC)

EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas. (CCEC, CSIEE)

EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais. (CCEC)

EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. (CCEC, CMCCT)

EPB2.2.2. Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón). (CCEC, CMCCT)

EPB2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo. (CCEC, CSIEE)

EPB2.2.4. Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas. (CCEC, CSIEE)

EPB2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos. (CCEC, CSIEE)

EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor. (CCEC, CSIEE)
EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría. (CCEC, CMCCT)
EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións. (CCEC, CD)
EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. (CCEC, CD, CAA)
EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.). (CD, CAA)
EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo. (CSC, CCEC, CD)
EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido. (CSIEE, CAA, CSC)
EPB2.4.2. Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza. (CSIEE, CAA, CCEC)
EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. (CSC, CSIEE)
EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo. (CSC, CSIEE, CCEC, CAA)
EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados. (CCEC, CSIEE)

**INDICADORES DE LOGRO:**

-Coñece os elementos dun cartel (imaxes e textos) e compón carteis atendendo ás normas básicas de composición (orde, equilibrio…).
-Utiliza tipografía lexible na elaboración de carteis informativos.
-Elixe imaxes fotográficas e/ou debuxos adecuados á idea que quere transmitir.
-Coñece que é unha tipografía e modifica o tamaño, a cor e a forma segundo as súas necesidades.
-Selecciona imaxes dixitais e trasládaas e modifica para crear composicións ás que engade textos considerando as normas de composición.
-Coñece os diferentes tipos de cinema de animación para a elaboración de películas: debuxo animado, stop motion, stop trick, rotoscopia…
-Mide segmentos utilizando como unidade o centímetro, axustando a medida a cantidades próximas ao medio centímetro.
-Suma segmentos coa regra e co compás.
-Resta segmentos coa regra e o compás.
-Realiza composicións con circunferencias e círculos sen radio determinado trazados con compás.
-Coñece a metodoloxía para usar o compás e mantelo en condicións óptimas.
-Representa o plano de espazos coñecidos utilizando unha cuadrícula.

-Debuxa ángulos de 30º, 60º, 45º e 90º utilizando os ángulos da escuadra e o cartabón.
-Identifica o centro dunha simetría central en imaxes de elementos xeométricos e fotografías de obxectos.
-Coñece o concepto de cores secundarias e identifícaos.
-Mestura utilizando diferentes procedementos as cores primarias para obter cores secundarias.
-Ordena as cores primarias e secundarias acomodando o triángulo de Goethe (amarelo, maxenta, cian, verde, violeta e vermello).
-Diferenza entre unha textura gráfica e táctil.
-Realiza composicións con diferentes texturas gráficas.
-Crea texturas táctiles en superficies brandas (plastilina ou arxila).
-Coñece varios retratistas ao longo da historia e percibe as diferenzas entre as distintas épocas.
-Realiza retratos analizando as partes do rostro.
-Coñece e utiliza as posibilidades gráficas dos lapis de grafito.
-Coñece a numeración dos lapis de grafito segundo a diferente dureza do grafito.
-Investiga as posibilidades que ofrecen os lapis de grafito de diferentes durezas.

**ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS:**

| | |
|---|---|
| Bloque 1. Educación audiovisual. | Imaxe fixa: graos de iconicidade.<br>O cómic.<br>Imaxe dixital.<br>O cine de animación. |
| Bloque 2. Debuxo xeométrico. | Medidas: o centímetro.<br>Tipos de liñas: abertas e pechadas, rectas, curvas, espirais e diagonais.<br>Aproximación intuitiva aos conceptos de punto, recta e plano.<br>Identificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.<br>Triángulos: isóscele, equilátero e escaleno.<br>Construción e debuxos a man alzada de triángulos, rectángulos e cuadriláteros. |
| Bloque 3. Expresión artística. | A liña como elemento configurador da forma.<br>Composición: formato horizontal e vertical.<br>Temas na pintura: a paisaxe.<br>Técnicas e materiais: as ceras.<br>Volume: transformación de obxectos. |

**5-METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

**CRITERIOS METODOLÓXICOS:**

Empregarase unha metodoloxía amprada nos seguintes principios:

Enfoque globalizador: proporciona pautas para organizar coñecementos e secuencias da súa aprendizaxe interrelacionadas e orientadas a un fin concreto e situadas en contextos que permitan a súa significatividade e funcionalidade.

Aprendizaxes significativos: non a asimililación da información senón a unha revisión, modificación e enriquecemento establecendo novas conexión e relación entre as novas fontes de información e as xa obtidas.

Actividade a través da propia actividade: do alumno que aprende transformando a súa propia realidade, por iso hanse de propiciar situacións nas cales o alumnado desenvolva capacidades de manipular, explorar, observar, experimentar, construir,etc. Para o cal debemos organizar as condicións necesarias para a realización dunha actividade autónoma de acordó ao nivel de desenvolvemento e idade.

A vida cotiá:como fonte de recursos e experiencias con carácter educativo, por medio de actividades relacionadas cóa alimentación, hixiene, seguridade vial…de vital importancia para o alumnado.

Uso dos espazos: adaptándose as necesidades do alumnado de xeito que se poda apropiar e situarse no mesmo a partires da experiencia, relacionarse cóas persoas e obxectos e construír unha imaxe ordenada do mundo que ó rodea.

Material polivalente: e estimulante debendo ser variado, multifuncional que chame a súa atención de modo que permita a manipulación, observación e construcción por parte do alumnado.

Relación cóas familias: fluída e continuada, permitindo así a unificación de criterios, actuacións e pautas.

Metodoloxía activa: Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes; Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Motivación: Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

Autonomía na aprendizaxe.

A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa aparecendo en último lugar as que requiren un maior grado de habilidade e autonomía.

A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa, e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado:A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores.O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contémplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia… .

**6. TIPOS DE AGRUPAMENTOS.**

. Traballaremos atendendo a diferentes agrupamentos en función das actividades realizadas:

- Tarefas individuais.

- Agrupamento flexible.

-Distribución por parellas.

-Pequeno grupo.

-Gran grupo.

**7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS.**

A distribución de espazos formúlase a partir destes obxectivos:
-Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
-Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
-Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula.

**AULA:**

O primeiro bloque de decisións contempla a adscrición do espazo de aula ben ao grupo, ben á área impartida. Esta decisión tamén implica a elección dos materiais integrantes do espazo fundamental de traballo e a súa relación cos agrupamentos flexibles, e a aplicación de dinámicas de grupo adecuadas a cada contexto e situación de aprendizaxe (recunchos de aprendizaxe, comisións de traballo, grupos de actividade, quendas de roda...).

Ademais, considérase o problema da disposición das mesas, o lugar ocupado polo profesor na aula e a relación kinésica da aula. As decisións atenden á existencia de diferentes espazos con ritmos distintos de participación, cunha zona de acción e unha zona marxinal (zona anterior e zonas posterior e laterais, respectivamente) e a necesidade de activalas.

En síntese, algúns dos aspectos a ter en conta no modelo de aula son os seguintes:
-Aula-grupo / aula-área.
-Materiais integrantes do aula.
-Relación con agrupamentos.
-Disposición da aula.
-Recursos para a mobilización.
-Relación espacial profesor-alumnado.
-Condicións xerais (iluminación, estado, etc.)

**OS ESPAZOS DE USO ESPECÍFICO:**

O segundo ámbito de decisións referentes á distribución de espazos refírese a aqueles que teñen un uso específico no centro, e que en definitiva son de uso común por parte de todos os alumnos.

Algúns destes espazos son os seguintes:
-Biblioteca.

-Patio.

**8. ORGANIZACIÓN DO TEMPO.**

A organización do tempo contémplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporización, e a elaboración dun horario de actividade docente, no que se expón as restantes actividades organizativas do centro.

O horario do centro será de 8:50 a 13:50 h. con un período de recreo de media hora de 11:20 a 11:50 horas.

Tratarei de ter en conta os ritmos e períodos de actividade e fatiga dos alumnos e alumnas, tratando de ter as asignaturas que supoñan máis esforzo intelectual e concentración, nas primeiras horas da xornada e as máis relaxadas ó final da xornada cando os nenos están máis cansos.

**HORARIO DE CLASE.**

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 08:50-09:40 | ED. FÍSICA | MÚSICA | L.GALEGA | MATEMÁT | L.CASTELÁ |
| 09:40-10:30 | MATEMÁT. | MATEMÁT. | CC.NN. | L.CASTELÁ | INGLÉS |
| 10:30-11:20 | INGLÉS | L.GALEGA | L. CASTELÁ | L. GALEGA | MATEMÁT. |
| RECREO | | | | | |
| 11:50-12:10 | H. DE LER | H. DE LER | H. DE LER | H. DE LER | H. DE LER |
| 12:10-13:00 | L. CASTELÁ | CC.SS. | CC.SS. | ED. FÍSICA | FRANCÉS |
| 13:00-13:50 | CC.NN. | PLÁSTICA | INGLÉS | RELIXIÓN VALORES | L.GALEGA |

**9. MATERIAIS E RECURSOS.**

| MATERIAIS DO ALUMNO/A | MATERIAIS E RECURSOS DE AULA | MATERIAIS E RECURSOS DO CENTRO |
|---|---|---|
| -Libro de texto alumno.<br>-Cadernos de traballo.<br>-Dicionarios.<br>-Materiais funxibles e non funxibles. | -Láminas.<br>-CDs<br>-Caixa de xogos e materiais didácticos.<br>-Encerado dixital interactivo. | -Material da biblioteca.<br>-Material informático.<br>- Material funxible e non funxible. |

## 10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O Plan Lector (comprensión lectora, a expresión oral e escrita), a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs), o emprendemento, a educación cívica e constitucional, o traballo cooperativo e a educación en valores son contidos que considero que teñen un carácter transversal.

**- PLAN LECTOR:**

O centro conta cunha ***biblioteca***sendo ademais un centro **PLAMBE** onde o alumnado de Primaria realiza o préstamo o devolución dos libros que leva para casa, este realizase un día á semana que é determinado polo equipo que leva a biblioteca.
Na clase reservei un recuncho no que se atopa unha pequena biblioteca de aula que os alumnos fan uso dela para tomar contacto cos libros e onde poden escoller o libro que queren ler.
Ao longo do curso se levará a cabo entre outras actividades acordadas no Plan Lector as seguintes:Todos os días despois do recreo: 20 minutos (PLAN LECTOR)**. O Plan Lector levarase a cabo do seguinte xeito:**
**1º trimestre: lecturas curtas para analizar vocabulario e realizar comprensión lectora, tres días á semana. Lectura libre e silenciosa, dous días á semana.**
**2º trimestre: lectura colectiva: "A formiga destemida" de María Reimóndez.**
**3º trimestre: lectura colectiva: "O neno de lume " de Ledicia Costas.**
Ao longo do curso realizaranse actividades diversas na biblioteca non só relacionadas puramente ca lectura senón ademais nos diferentes ámbitos STEAM.

**A comprensión lectora:**

Saber comprender será un dos grandes obxectivos que debe orientar o traballo en todas as áreas da Educación Primaria. Neste sentido, abordarei o tratamento da comprensión lectora desde as seguintes premisas:

*A importancia da lectura para o estudo.*A comprensión lectora debe ter en conta a dimensión instrumental da lectura como vehículo para o estudo. Existe, pois, unha relación directa entre o bo nivel lector e a consecución dos obxectivos que se propoñen nas diferentes áreas curriculares. Polo tanto, tratarei de identificar as dificultades lectoras dos meus alumnos e programar actividades para superalas, polo que estarei incidindo directamente nos seus resultados escolares.

A autonomía no traballo.O obxectivo esencial de calquera proxecto de lectura é conseguir que os alumnos se convertan en lectores autónomos, capaces de extraer información dos textos, valorar esa información e integrar a información no seu esquema de coñecemento. Para iso, desenvolverei as habilidades relacionadas coa velocidade lectora, a comprensión literal, a comprensión inferencial e estrutural e as capacidades que permiten a recreación persoal do texto e a reelaboración da información en diferentes soportes.

Para colocar os alumnos en situación de afrontar novas aprendizaxes de forma autónoma, terei en conta as tarefas que supoñen un reto para eles, sen que excedan o nivel de dificultade que lles permita abordar as actividades con éxito.

- Os textos sobre os que os alumnos aprenden. Traballaremos de forma sistemática en textos de diferentes tipoloxías e con distintos niveis de dificultade. Ao programar textos que axuden o alumno na tarefa de utilizar a lectura como ferramenta de aprendizaxe, terei en conta os seguintes aspectos:

-O que os nenos e as nenas saben/deben saber (nivel de descodificación simple, nivel de comprensión global, nivel de comprensión profunda e nivel de reelaboración da información).

-A variedade de estratexias que os alumnos utilizan nas actividades de comprensión e os obxectivos que deben alcanzar.

-A dificultade obxectiva dos textos que se presentan (vocabulario, estruturas

As destrezas básicas de comprensión lectora que se deben abordar.

En liñas xerais, as destrezas de comprensión lectora que terei en conta son as seguintes:

-Recoñecemento do tempo e do lugar.

-Identificación e análise dos personaxes.

-Ordenación da secuencia temporal.

-Recoñecemento e análise da acción.

-Expresión de opinións persoais.

-Identificación do tema e da idea principal.

-Análise da estrutura do texto.

-Interpretación da información visual.

-Organización da Información achegada.

-Identificación de detalles do texto.

-En función dos tipos de texto, traballaranse con máis profundidade diferentes destrezas.

**A expresión oral e escrita:**

En canto ao tratamento da expresión oral, propoño variadas situacións de intercambio comunicativo nas que os alumnos deben participar de forma planificada e cooperadora.

Á hora de avaliar unha actividade, non só terei en conta o contido do expresado, senón a forma e o modo de expresión.

Intentarei introducir recomendacións que contribúan a mellorar a súa competencia expresiva.

**- AS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E DA INFORMACIÓN (TICs):**

Os obxectivos que debe perseguirei no desenvolvemento da Competencia Dixital resúmense en cinco ámbitos:

Información: Identificar, localizar, recuperar, almacenar, organizar e analizar a información dixital, avaliando a súa finalidade e relevancia

Comunicación: Comunicar contidos en contornos dixitais, compartir recursos a través de ferramentas en liña, conectar e colaborar con outros a través de ferramentas dixitais, interactuar e participar en comunidades e redes; conciencia intercultural.

Creación de contido: Crear e editar contidos novos (textos, imaxes, vídeos...), integrar e reelaborar coñecementos e contidos previos, realizar producións artísticas, contidos multimedia e programación informática, saber aplicar os dereitos de propiedade intelectual e as licenzas de uso.

Seguridade: Protección persoal, protección de datos, protección da identidade dixital, uso de seguridade, uso seguro e sustentable.

Resolución de problemas: Identificar necesidades e recursos dixitais, tomar decisións á hora de elixir a ferramenta dixital apropiada, acorde á finalidade ou necesidade, resolver problemas conceptuais a través de medios dixitais, resolver problemas técnicos, uso creativo da tecnoloxía, actualizar a competencia propia e a doutros.

Na aula temos un encerado dixital que nos axudará a desenvolver estes obxectivos.
-Co encerado dixital proxectaremos informacións sobre os temas traballados.
-Escribiremos cun lapis electrónico desde o propio taboleiro da pantalla.
-Traballo interactivo: realizaremos exercicios de reforzo ou ampliación.
-Utilizaremos buscadores: para ampliar a información.
-Os alumnos poderán presentar os seus traballos en clase: o que presenta cada grupo serve de repaso para os demais.
-Realización de exercicios e debates entre todos.
-Corrección entre todos de exercicios na clase.
-Proxección das noticias dos diarios dixitales.

**- EMPRENDEMENTO**

Á hora de planificar as tarefas encamiñadas ao desenvolvemento da competencia emprendedora nos alumnos, terei en conta os ámbitos que a programación debe incidir e os aspectos relevantes destes ámbitos:

Coñecemento:

-Recoñecemento das oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

-Comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e das organizacións.

-Planificación de deseños para a implementación de plans de diverso tipo.

-Coñecemento e reflexión sobre a postura ética das organizacións.

Destrezas ou habilidades:

-Capacidade de análise.

-Capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións.

-Resolución de problemas.

-Comunicación, presentación, representación e negociación efectivas.

-Habilidade para traballar, tanto individualmente coma dentro dun equipo.

-Participación, capacidade de liderado e delegación.

-Pensamento crítico e sentido da responsabilidade.

-Avaliación e auto avaliación.

Actitudes e valores:

-Predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa.

-Autocoñecemento e autoestima.

-Autonomía ou independencia.

-Interese, esforzo e espírito emprendedor, que se caracterizan pola iniciativa, a prol da actividade e da innovación en todos os ámbitos da vida.

-Motivación e determinación á hora de cumprir os obxectivos que se fixaron.

Así pois as actividades onde propoña obxectivos vinculados ao emprendemento irán encamiñadas a desenvolver as seguintes capacidades:

A capacidade creadora e de innovación**:** creatividade e imaxinación; autocoñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

A capacidade pro activa para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente coma de maneira colaborativa dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e auto avaliación.

A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.

As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación.

O sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico; sentido da responsabilidade.

**- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL**

Contribuirase ao plan de convivencia respectando e facendo respectar todos os preceptos establecidos polo mesmo e tentando que o ambiente da clase sexa propicio para a aprendizaxe e o traballo, tamén o traballo cooperativo, que consideramos fundamental como unha ferramenta para mellorar a relación entre o alumnado, as intelixencias comunicativas e interpersoais e a resolución pacífica de conflitos.

En relación co plan de convivencia faranse as seguintes actividades que axudarán á adquisición dos obxectivos:

-Ao comenzo de cada curso elaborarase un rexistro de cumprimento de normas. Escribindo as normas establecidas polo grupo, así como as posibles sancións e recompensas tanto a nivel individual como

colectivo. Plasmarase de forma verbal e plástica. Trátase de fomentar a cooperación, resolución de conflitos dunha forma adecuada, o respecto polas normas e polos compañeiros, a cohesión do grupo/clase e que o grupo sexa o regulador de determinados comportamentos disruptivos, e tamén reciba a recompensa se hai resultados positivos.

-Actividades de grupo: resolución de problemas, conflitos …

-Actividades que sirvan para identificar cualidades positivas dos membros do grupo:.

-Actividades que sirvan para recoñecer e aceptar as diferenzas dadas polo país de procedencia.

-Dar solucións alternativas a problemas plantexados para outros membros do grupo e así potenciar o coñecemento mutuo e favorecer o autocoñecemento e autoconcepto.

-Actividades que potencien o coñecemento, respecto e actitudes de axuda con relación ao alumnado con necesidades específicas.

Podemos concluír, afirmando que a educación cívica e constitucional é un elemento transversal do currículo que está directamente vinculado coas Competencias sociais e cívicas e coa área denominada Valores Sociais e Cívicos. Aborda tanto os aspectos de desenvolvemento persoal do individuo como as facetas sociais e colectivas que conducen á adquisición de valores universais. Neste sentido oriéntase cara aos seguintes fins:

Desde o punto de vista do desenvolvemento persoal. Intentarei capacitar o alumno para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade.

Desde o punto de vista social. Inducirei o alumno á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Desde o punto de vista dos valores universais. Buscarei estimular nos alumnos as actitudes que propicien a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade e para que comprendan a realidade social, para que aprendan a resolver conflitos de forma reflexiva, a dialogar para mellorar, a respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

**- TRABALLO COOPERATIVO**

Na aula combinaremos o traballo individual con propostas de traballo cooperativo mediante proxectos que implican a totalidade de alumnos e alumnas da aula.

Realizaremos proxectos flexibles que se poden adaptar ao tempo real do que dispón o meu grupo de alumnos.

**EDUCACIÓN EN VALORES**

O desenvolvemento na aula e no centro docente de boas prácticas que favorezan un bo clima de traballo e a resolución pacífica de conflitos, potenciando valores como o respecto, a tolerancia, a cultura do esforzo e a superación persoal, facilitará a convivencia e a optimización dos procesos de ensino e aprendizaxe no aula nun marco de atención ás necesidades e intereses de todo o alumnado.

Dentro deste ámbito hai algunhas cuestións ás que lle prestaremos especial atención:

- A atención ás persoas con discapacidade. A escola debe ofrecer unha educación de calidade, e garantir a equidade e a inclusión porque se atopan en igualdade de oportunidades co resto dos alumnos.

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A prevención da violencia de xénero.
- O tratamento dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- A educación en valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, respecto aos dereitos humanos e rexeitamento da violencia.
-O desenvolvemento sosteñible e o medio ambiente.
- As situacións de explotación das persoas e de abuso sexual.
-O risco derivado da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- A protección ante urxencias e catástrofes.
-O coidado persoal, a actividade física e a dieta equilibrada.
-A educación e a seguridade vial, mellóraa da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Para iso, durante o desenvolvemento das Unidades Didácticas fomentarei a adquisición das seguintes actitudes:
- Hábitos de comportamento adecuado.
- O coidado das cousas.
- Análise de hábitos de consumo.
- Aprendizaxe das normas e sinais.
- A colaboración.
- O coidado da saúde.
- O traballo en equipo.
-Valoración das tarefas agrícolas e a alimentación.
- Valoración de todas as profesións.
- Colaborar nas tarefas domésticas.
- A conservación e o coidado do patrimonio cultural.
- O interese por aprender cousas novas.
- Interese polo cálculo matemático.
- As normas dos xogos.
- Valorar o diñeiro e o que custan as cousas.
- Valorar a importancia da hora nas nosas actividades.

- Dificultades sensoriais.
- Somos solidarios.
- Reciclaxe.
- Os meus compañeiros. Comportarse correctamente.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participaremos en todas as actividades complementarias e extraescolares programadas no centro.

Realizaranse a nivel centro/aula aquelas actividades conmemoraitvas presentes no Calendario Escolar 2020-2021 como por exemplo: Semana da Constitución, Día da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Semana da Prensa,etc

-Teatro Afundación

-Naturnova.

-Aula STEAM de Afundación.

-Festa de fin de curso.

O centro participará noutras actividades e concursos segundo vaian xurdindo e sempre dentro das súas posibilidades

## - PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

O proxecto común deste curso 2022-2023 no centro ten como tema a EXPRESIÓN ARTÍSTICA, máis concretamente centrado na PINTURA.

Plan Proxecta: Alimnetate ben.

Diversos plans/proxectos relacionados cóa lectura e a biblioteca escolara: Diverletras, DIY craft.

## 12.AVALICIÓN

### - PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A avaliación apoiarase nos seguintes aspectos:

-Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables curriculares son as referencias para a avaliación do grao de adquisición das competencias e dos obxectivos curriculares.

-A avaliación será continua e global no conxunto das áreas.

-A avaliación continua permitirá detectar se o progreso dun alumno ou alumna non é adecuado e establecer medidas de reforzo educativo, dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensinanza e a práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

-As condicións de realización de todas as avaliacións deben estar adaptadas ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

-Realizarase unha avaliación inicial de cada alumno ao comezo de curso.

-Trimestralmente todo o profesorado que imparte clases no grupo reunirémonos nunha sesión de avaliación.

**- AVALIACIÓN INICIAL**

Ao inicio do curso (2ª quincena de setembro) realizaranse as avaliacións iniciais nas áreas instrumentais. O motivo comprobar o nivel de partida do alumnado ao inicio do curso e a detección de posibles dificultades/necesidades do alumnado.

**- INSTRUMENTOS DE AVALICIÓN**

-Observación directa do traballo diario.

-Documentos para a recollida, sistematización e obxectivación dos resultados.

-Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.

-Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

-Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

-Valoración cuantitativa do avance colectivo.

- Rúbricas de avaliación.

**- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** tendo en conta os seguintes criterios:

| | |
|---|---|
| 1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).<br>2. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de resposta...).<br>3. 6. Arquivo de traballo individual<br><br>**50%** | • Realización sen axuda externa.<br>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.<br>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.<br>• Orde e limpeza na presentación.<br>• Caligrafía.<br>• Destrezas.<br>• Revisión do traballo antes de dalo por acabado.<br>• Valoración entre o traballo na clase e na casa.<br>• Creatividade.<br>• Nivel e calidade das intervencións.<br>• Mensaxe estruturada.<br>• Uso de vocabulario apropiado.<br>• Esforzo.<br>• Interese.<br>• Presentación clara e ordenada. |

| | |
|---|---|
| | • Actualización. |
| PROBAS ORAIS E ESCRITAS.<br><br>**40%** | • Valoración da aprendizaxe dos contidos.<br>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.<br>• Expresión oral/escrita/artística do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.<br>• Valoración do tempo investido / tempo necesario para resolver unha actividade.<br>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.<br>• Caligrafía lexible.<br>• Tempo de realización.<br>• Destrezas |
| OUTROS ASPECTOS<br><br>**10%** | • Interese e participación.<br>• Cumprimento das normas de intervención oral.<br>• Cumprimento das normas de réxime interno.<br>• Creatividade.<br>• Presentación de traballos voluntarios. |

**- SISTEMA DE CALIFICACIÓN**

Cualificación numérica:

Insuficiente: 0, 1, 2, 3 e 4.

Suficiente: 5

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaínte: 9 ou 10.

## 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Teremos en conta as diferenzas individuais así como as distintas capacidades, estilos de aprendizaxe e motivacións do alumnado e ritmos de aprendizaxe.

Para lograr que todos acaden os mínimos esixibles a mestra de PT apoiará dentro da aula 3 sesións semanais a aqueles nenos xa diagnosticados ou aos que se diagnostiquen ao longo deste curso.

Tamén se continuará co programa de enriquecemento curricular.

**Medidas didácticas para adecuar a programación da aula á diversidade:**

-Utilizar reforzos motivacionais: estímulos, reforzo positivo, eloxios...

-Supervisión do traballo realizado, tarefas secuenciadas, apoio individual.

-Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe: tarefas curtas, variadas, motivadoras...

-Favorecer o desenvolvemento do autocontrol, e do autoconcepto.

-Apoio e orientación á familia.

-Darlle responsabilidades no grupo.

-Avaliar os progresos que realiza.

-Adecuar obxectivos, contidos e avaliación.
-Poñelo con compañeiros máis competentes que lle axuden.
-Grupos de traballo cooperativo.
-Evitar a sobreprotección.
-Utilizar situacións comunicativas que sexan significativas.
-Favorecer a aprendizaxe autónoma.
-A educación intercultural, o respecto ás diferenzas e a pluralidade cultural, no marco dos valores constitucionais.

**Medidas ordinarias ou xerais dirixidas a todo o alumnado:**

-Organización de actividades de reforzo: co fin de superar as dificultades que o alumnado manifestase.
-Apoio do mestre de Pedagoxía Terapéutica.
-Orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

**Medidas extraordinarias dirixidas ao alumnado con necesidades específicas:**

-Adaptacións curriculares individuais significativas (ACS): cando se conclúa que non son suficientes as medidas complementarias ou de reforzo.
-Avaliación psicopedagógica: recollida e análise de información para identificar Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

## 14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

| ITEM | | SI | NON |
|---|---|---|---|
| Preparación da clase e os materiais didácticos | -Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.<br>-Existe unha distribución temporal equilibrada<br>-O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo | | |
| Utilización dunha metodoloxía adecuada | Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas.<br>-Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.). | | |
| Regulación da práctica docente: | -A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.<br>-Grao de seguimento dos alumnos.<br>-Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.<br>-Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado | | |
| Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| aos alumnos e ás familias: | -Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes.<br>-Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.<br>-Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer aos alumnos e ás familias | | |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade: | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.<br>-Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.<br>-As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.<br>-Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos. | | |

**15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

| ITEM | SI | NON |
|---|---|---|
| - Adecuación ás características do alumnado. | | |
| -Adecuación ao logro dos obxectivos da etapa. | | |
| -Grao de desenvolvemento das competencias clave, integradas nos elementos curriculares. | | |
| Adecuación dos principios metodolóxicos en que se basea a acción docente. | | |
| Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación adoptados a nivel de etapa. | | |
| Pertinencia das medidas curriculares e organizativas do Plan de atención á diversidade. | | |

| | | |
|---|---|---|
| -Eficiencia do Plan de Lectura. | | |
| Eficiencia do Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación. | | |
| -Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados na etapa. | | |

# 16. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS.

**ÍNDICE**


1. **INTRODUCIÓN** ....................................................................................
    1.1. As Competencias Clave. ............................................................................
2. **CONTEXTO** ..........................................................................................
    2.1. Contexto particular do centro ......................................................................
    2.2. Plan de lectura ...........................................................................................
    2.3. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ............................
    2.4. Características dos grupos no tocante á aprendizaxe .................................
3. **DESEÑO CURRICULAR** ..................................................................................
    3.1. Currículo .........................................................................................................
    3.2. Obxectivos ......................................................................................................
    3.3. Competencias clave ........................................................................................
        3.3.1. Competencias clave nesta materia .......................................
    3.4. Contidos .........................................................................................................
    3.5. Metodoloxía ....................................................................................................
        3.5.1. Metodoloxía Didáctica .........................................................
        3.5.2. Materiais e recursos didácticos ............................................
        3.5.3. Actividades ..........................................................................
        3.5.4. Organización de tempos, agrupamentos e espazos .............

3.5.5. As medidas de atención para a diversidade dos alumnos .....
3.6. Avaliación ........................................................................................
3.6.1. Procedementos de avaliación .............................................
3.6.2. Recursos de avaliación .......................................................
3.6.2.1. Criterios de avaliación .........................................................
3.6.2.2. Estándares de aprendizaxe avaliables .................................
3.6.2.3. Rúbrica de avaliación de competencias ................................
3.6.2.4. Rúbrica de avaliación de contidos ........................................
3.6.3. Elementos de avaliación ......................................................
3.6.4. Avaliación da práctica docente ...........................................

# 1. INTRODUCIÓN

## 1.1. As Competencias Clave.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar.* De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

# 2. CONTEXTO

## 2.1. Contexto particular do centro

**4º Curso de Educación Primaria - Inglés**

Centro  Ceip Fontes-Baíña

Rúa  As Fontes, 16

Localidade Baiona	Provincia Pontevedra	Código Postal 36308

Composición do departamento de linguas estranxeiras

FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ CISNEROS

Distribución do alumnado

| Curso | Nº de alumnos/as | Nº de grupos |
|---|---|---|
| 4º | 14 | **1** |

## 2.2. Plan de lectura

Propoñemos as seguintes actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade na casa.

## 2.3. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

*(A completar polo profesorado)*

| | |
|---|---|
| **Obxectivos:** | ▪▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.<br>▪▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.<br>▪▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital.<br>▪▪ Investigar e contrastar información.<br>▪▪ Facer un uso axeitado da Internet e das redes sociais.<br>▪▪ Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.<br>▪▪ Crear documentos en formato dixital.<br>▪▪ Descargar e compartir recursos.<br>▪▪ Outros. |
| **Recursos:** | ▪▪ Conexión a Internet<br>▪▪ Sala de informática<br>▪▪ Ordenadores, tabletas, *netbooks*, portátiles<br>▪▪ Lousa dixital ▪▪<br>Outros. |
| **Programas / Aplicacións:** | ▪▪ Páxinas web<br>▪▪ Wikis<br>▪▪ Procesadores de texto<br>▪▪ Ebooks<br>▪▪ Blogs<br>▪▪*Skype*<br>▪▪*Google sites*<br>▪▪ Redes sociais<br>▪▪ Outros |
| **Outros:** | ▪▪ |

**2.4. Características dos grupos no tocante á aprendizaxe**

**Xerais**

.......................

*Grupo A*

▪▪ Gústalles aprender mentres xogan ou realizan actividades lúdicas.

▪▪ Mostran con facilidade/dificultade a súa creatividade e imaxinación.

- ▪▪ Resulta doado/difícil espertar a súa curiosidade.
- ▪▪ Disgústalles/gústalles expresar o que senten.
- ▪▪ Mostran capacidade/incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.
- ▪▪ Son/ non son conscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa na clase.
- ▪▪ Exprésanse de maneira coherente/incoherente e correcta/incorrecta na súa propia lingua.
- ▪▪ Non precisan/ precisan entender tódalas palabras dun texto para comprendelo.
- ▪▪ Gústalles/disgústalles ler na casa.
- ▪▪ Outras.

## 3. DESEÑO CURRICULAR

### 3.1. Currículo

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.

b) As **competencias**, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.
Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes.
Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.
f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliables**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o

que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliables, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

### 3.2. Obxectivos

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da *Estratexia de Lisboa*. Pola súa parte, o *Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo* para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma se a houbera, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a

Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados a Galicia.

i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3.3. Competencias clave

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave.* Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes

para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender.*

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

- **Competencia en comunicación lingüística.**

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

▪▪**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álxebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

▪▪**Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a

comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ó usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación ós propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

▪▪**Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se converten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

▪▪**Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, para manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos

humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

▪▪**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

▪▪**Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

### 3.3.1. Competencias clave nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

▪▪**Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

▪▪**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.
As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

▪▪**Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

▪▪**Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.
Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do

logro, entre outras.

**▪▪Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.
Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

**▪▪Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

*As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.*

**▪▪Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
*Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.*

**3.4. Contidos**

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

**▪▪Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Estratexias de comprensión

-
Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.

- Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.
- Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases…) e non verbais (expresión facial, xestos…).
- Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

### ▪▪*Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción*

B2.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

*Execución:*
Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

- Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal)..
- Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.

-
- Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
- Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.
- Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.
- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:

- Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.
- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).
- Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

▪▪**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:
Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.

Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.

- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.
- Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula…
- Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.
- Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).

-

B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.
- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

**▪▪Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións...
  Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.

*Execución:*

- Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.
- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.
- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.
- Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.
- Reelaborar informacións en ficheiros, libriños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.
- Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).
- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Uso dos signos de puntuación máis básicos.
- Uso de símbolos de uso frecuente: €, £.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

**▪▪Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

-
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.

Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.

- Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.
- Descrición das rutinas diarias.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión básica de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
  Expresión de instrucións.
- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

B5.3. Estruturas sintáctico- discursivas:

- Saúdos, agradecemento, despedidas... (*Hi, See you, How are you? I´m fine, thanks…*).
- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida

- favorita... (*What's your name?,My name is, How old are you?, I'm, I´m (bored), What´s your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What´s his/her favourite (subjectt)? His/her favourite (subject) is*...).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
- Expresión da información (*I´ve/I haven´t got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I´ve/No I haven´t*).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (*What time is it ?, It´s (Half) past (one)*...).
- Descrición das rutinas diarias (*I (get up) (at eight o clock) on (Monday)*)..
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (*Where´s is it?, It´s in/on/under/next to*).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (*How much is it?, It´s (one) pound and (fifty) cents*).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (*How many… are there?*).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (*Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don´t*).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (*I like (salad), I don´t like (chips)*).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (*Can you (swim)?, Yes, I can; No I can ´t*).

Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (*I can (play the piano), I can´t (play the trumpet*).

Identificación das pezas de roupa (*I´m wearing, he/she´s wearing*).

- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (*What´s she/he wearing?, Who´s wearing (shoes*)?).
- Expresión de desexos (*I want to (make a cake*).
- Preguntas sobre o desexo (*Do you want to (play basketball*?)).
- Expresión de instrucións (*Touch your (legs), Listen, please*…).
- Realización de preguntas e respostas curtas (*What´s this?, It´s*…).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (*Can I have (pasta), please*?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents,

-

pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa.

### 3.5. Metodoloxía

#### 3.5.1. Metodoloxía Didáctica

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe**; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e  o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no *Class Book*. Están explicadas no *Teacher's Guide* e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade**; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe**. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio

progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixiranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe**; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiables para cada unidade, que permiten ó profesor anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos**. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

***EN CASO DE CONFINAMENTO, AS FERRAMENTAS A USAR SERÁN A AULA VIRTUAL ACCESIBLE DENDE A PÁXINA WEB DO COLEXIO E UN ENDEREZO DE CORREO***

***ELECTRÓNICO QUE O PROFESOR PON Á DISPOSICIÓN DOS ALUMNOS PARA CONTACTAR EN CASO DE DÚBIDAS, MANDAR E CORREXIR EXERCICIOS EXTRAS OU COMPLEMENTARIOS. APARTE DOS LIBROS INTERACTIVOS QUE POSÚE A ASIGNATURA.***

**3.5.2. Materiais e recursos didácticos**

Ofrece os seguintes materiais e recursos dixitais:

O *iPack*, presentacións e material práctico para o uso coa lousa interactiva ou portátil e o proxector. Inclúe unha presentación animada do primeiro bloque de vocabulario protagonizada polos personaxes do curso, a presentación dunha canción contextualizando o primeiro bloque de gramática, un filme cultural con nenos británicos reais, un clip de linguaxe cotiá, a versión animada da historia protagonizada polos personaxes do curso, presentando e contextualizando o segundo bloque de vocabulario e gramática; un pase de diapositivas introducindo o tema intercurricular; oito actividades e xogos interactivos; páxinas do *ClassBook* e *ActivityBook* como referencia e apoio na aula; a versión dixital do material incluído no *Teacher's Resource Pack* e xogos de repaso para o final de cada unidade e trimestre.

O libro de texto utilizado é *Oxford Rooftops* de Oxford University Press. O alumno dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan os personaxes do curso e o contexto, seis unidades con nove leccións cada unha, dúas páxinas de material sobre festividades e tres historias de revisión protagonizadas polos *Super City Heroes*. Tamén dispón do *Activity book*, con oito páxinas de actividades e un cut-out (mini-book cultural) para cada unidade principal; repaso das unidades e das festividades, sete páxinas co *Picture Dictionary* e unha sección de actividades extra para os alumnos máis rápidos (*Fast finishers*), como deberes ou como preparación para os exames.

O profesor dispón da Guía didáctica (*Teacher's Guide*), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades iniciais, finais e extra, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcricións das audicións, referencias ás competencias clave, *wordcards*, referencias ás *worksheets* e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades, explicacións sobre os xogos do *iPack*; o *Teacher's Resource CD-ROM* con *worksheets* para a práctica adicional de vocabulario e gramática para reforzar e estender o contido das *worksheets* das unidades principais, as de festividades, as historias extra, temas intercurriculares e as *worksheets* sobre festividades e os filme culturais; material para a avaliación e o portfolio, os tests das unidades, anotacións sobre as competencias clave e as audicións e solucións para tódalas *worksheets*. CD de son con tódalas cancións, historias,

audicións e probas de audición.

Dispón ademais do *Teacher's Resource Pack* con 102 *flashcards* e *wordcards*, seis *culture posters*, un *alphabet poster* e un *Rooftops City Poster*.

E por último, os recursos na web *Oxford Online Learning Zone* para os alumnos con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula; os recursos na web *Oxford Premium* para o profesor con todo o material online, e os libros dixitais dispoñibles para *Oxford Rooftops*.

Os recursos multimedia mencionados (*iPack*, *Teacher's Resource CD-ROM*, DVD e a web e os libros dixitais) integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo aos profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ao alumnado ou ao centro no que se desenvolve o ensino.

### 3.5.3. Actividades

**▪▪Actividades de inicio de lección**

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de *brainstorming* ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de *flashcards*, pósteres, cancións, etc.

**▪▪De desenvolvemento da lección**

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (***Vocabulary***).
- A lectura e comprensión de textos (***Reading***).
- As estruturas gramaticais (***Grammar***).
- Os sons estudados *(pronunciation activities)* (***Pronunciation***).
- A comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (***Listening and Speaking***).
- A comprensión e a expresión escrita *(pencil activities in the Class Book)* (***Writing***).

**▪▪De reforzo e ampliación**

O proxecto parte do recoñecemento de que en tódalas clases hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ó tempo que persegue o obxectivo de que tódolos/as alumno/a participen no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ó seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos/as alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.
As actividades ás que nos referimos son as seguintes:

- Actividade opcionais no *iPack*.
- Actividades opcionais no *Teacher's Book*.
- As actividades propostas no *Teacher's Resource CD-ROM*:

  -*Worksheets*:actividades de reforzo, extensión e consolidación baseadas nas diferentes secciones estudadas na unidade:
  *Reinforcement*, *Extension*, *Culture*, *Story*, *Cross-curricular*, *Phonics* e *Song*.
- As actividades propostas no *Activity Book*.
- As actividades adicionais propostas no Activity Book:

-*Fast finishers*: para aqueles alumnos que rematan pronto e baseadas no contido da lección.

**▪▪De desenvolvemento de competencias clave**

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluirían:

- *Brainstorming*
- *Role-plays*
- Actividades interactivas
- Actividades na lousa dixital
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades de investigación ou estudos de casos
- Actividades en grupo
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, *chant*s, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións

**▪▪De avaliación**

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.
As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book*

- *RevisionStories* (CB e AB)

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación referidas en *Oxford Rooftops* (*Teacher's Resource CD-ROM*):

- Unit tests 1-6 (*Standard & Challenge*)
- End-of-term 1-3 (*Standard & Challenge*)
- End-of-year test (*Standard & Challenge*)

**Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- *self-evaluation* de cada unidade (AB).

▪▪**Complementarias**

Este tipo de actividades entre as que se incluirán: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona etc., serán deseñadas polo equipo de profesores do departamento de inglés de cada centro.

- **Saídas e actividades comúns a todo o centro ou a varios grupos**

### 3.5.4. Organización de tempos, agrupamentos e espazos

O tempo, entendido como o dedicado ó ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación que se formula neste documento deberá ser adaptada por cada profesor de acordo ós seus horarios e ritmos da clase.

Con respecto ós alumnos, o profesor pode seguir diferentes criterios para o agrupamento destes:

▪▪ Recursos humanos

▪▪ Profesorado de apoio

▪▪ Psicólogo/a

▪▪ Criterios

▪▪ En función da orde alfabética

▪▪ Agrupamentos flexibles *(especifíquese de que tipo e por que)*

▪▪ Pequenos grupos de reforzo dentro/fóra da aula

▪▪ Alumnos con distinto tipo de necesidades de orixe sensorial en distintos grupos na aula

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realízase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula:

▪▪ Profesor-alumno

▪▪ Traballo individual

▪▪ Traballo en parellas

▪▪ Traballo en grupo

Os recursos cos profesores poden contar e os posibles espazos en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, neste momento, cada vez máis variados.

Como resultado, os contextos da aprendizaxe son tamén máis amplos. Os profesores poden levar a cabo actividades e proxectos que inclúan diferentes ambientes:

- O centro educativo
- A comunidade
- O contexto familiar

A aula deixou de ser o único lugar onde se imparte unha materia. Tódolos centros educativos conta cunha serie de recursos espaciais, materiais e virtuais, que se poden empregar para impartir a materia:

- Laboratorio de idiomas
- Aula virtual
- Sala de informática – Aula de audiovisuais
- Biblioteca
- Salón de actos - Teatro
- Taller
- Ximnasio
- Patio

Para o uso das áreas comúns, o profesor rexistrará observacións sobre cando, como e por que se usan estes espazos para a clase de inglés:

Dentro da aula, o espazo pode ser distribuído seguindo criterios diferentes:

- Mesas distribuídas en filas
- Mesas distribuídas en "U"
- Cantos específicos: biblioteca de clase, temas transversais, xogos, artesanía, etc.
- Outros

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen ó profesor a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

- Vídeo-DVD
- TV
- Radiocasete/ reprodutor CD
- Cámara de vídeo – Gravadora audio
- Ordenadores (PC, portátiles, netbooks, tabletas, ...)
- Pantalla Dixital Interactiva
- Conexión a Internet (WiFi, outros...)

*(anote aquí as observacións sobre cando, como e por que se usan estes recursos.)*

Máis aló dos recursos materiais e espaciais, non podemos deixar de mencionar os **procesos cognitivos** que interveñen coas fases de aprendizaxe do alumnado Estes procedementos que fan posible a incorporación dos coñecementos que se queren transmitir ós alumnos son moi complexos. Desde a atención necesaria para prepararse para recibir a información ata a memorización que permita o acceso a esta información cando sexa necesario, coa participación, entre outros, dos seguintes procesos:

- Acceso
- Identificación
- Entendemento
- Reprodución
- Reflexión
- Conexión
- Síntese
- Creación.

### 3.5.5. As medidas de atención para a diversidade dos alumnos

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo coa LOMCE é a *atención para a diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras, e deberán ser conscientes en todo momento destas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

*Oxford Rooftops* ofrece actividades de reforzo e extensión que permiten dar unha atención individualizada ós alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe. No noso proxecto inclúense ideas en tódalas leccións para que o profesor responda ás diversas situacións que xurdan na aula.

No material destinado ó profesor, *Teacher's Guide* e *Teacher's Resource CDROM* propóñense actividades de extensión e ampliación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar as diferentes expectativas do alumnado.

**Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais**

As adaptacións se centrarán en:

Tempo e ritmo de aprendizaxe

1. Metodoloxía máis personalizada
2. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
3. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
4. Aumentar a atención orientadora
5. Enriquecemento curricular
6. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

a) **Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

b) **Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

c) **Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados como tais.

Cando as adaptacións non son suficientes, temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben como as ofertas en espazos opcionais, ben como actividades deseñadas especialmente para el/ela, que poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

### 3.6. Avaliación

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no

proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe dos alumnos non responden para o que, *a priori*, non se espera deles).

Se asumimos que as competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.
A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da materia coma o grao de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que persigamos avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da **avaliación sumativa**, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a **inicial** (non clasificada) e a final e, sobre todo, a **continua** ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Realizarase ademais unha **avaliación individualizada** a tódolos alumnos ó finalizar 3ª de primaria na que o alumno deberá demostrar o grao de adquisición das competencias en comunicación lingüística e matemática. Ó final de 6ª de primaria deberá tamén demostrar o grao de adquisición de competencias clave, así como a realización dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e se constarán nun informe de carácter informativo e orientador que se entregará ós pais ou titores. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiados para eles.

Ademais de avaliar a aprendizaxe dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación dos programas didácticos e seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

### 3.6.1. Procedementos de avaliación

Atendendo ós diferentes criterios, o currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producciónspara o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. E a avaliación **sumativa**, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se

o alumno non tiver recuperado algunha, e extraordinaria, no caso de obter unha clasificación insuficiente na ordinaria final de curso). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse a flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliables** por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por **competencias**, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moito máis, as compartir para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de ***indicadores***.Para a súa referencia, se inclúe na seguinte sección a lista completa tanto dos criterios da avaliación como os indicadores de competencias clave.

### 3.6.2. Recursos de avaliación

#### 3.6.2.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

**▪▪Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.
- B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

▪▪Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (*and/or/then*).
- B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do

seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.

- B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

**▪▪Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.

**▪▪Bloque 4. Produción de textos escritos**

- B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.

**▪▪Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.
- B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.
- B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.

- B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.
- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como *and, or, then*).

- B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- B5.13. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).
- B5.14. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.

**3.6.2.2. Estándares de aprendizaxe avaliables**

Os estándares de aprendizaxe para este curso foron organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural.
Recollemos a continuación o lexislado:

▪▪**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual.
- PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
- PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.

▪▪**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

- PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
- PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
- PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións,

-
conversas telefónicas ou dramatizacións).

- PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.
- PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
- PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.

▪▪**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
- PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
- PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.
- PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.
  PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.
- PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
- PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

▪▪**Bloque 4. Produción de textos escritos**

- PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
- PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).
- PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
- PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
- PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.

-
- PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
- PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.

▪▪**Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

- PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
- PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
  PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
- PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas…
- PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos…).
- PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
- PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
- PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
- PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.
- PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
- PLEB5. 13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

**3.6.2.3. Rúbrica de avaliación de competencias**

No **Anexo I** deste documento incluímos unha modelo denominada *Rúbrica de Avaliación de competencias* para cada unidade e para o curso completo que nos permite avaliar o grao de adquisición das competencias clave indicando o **nivel de cualificación** que vai adquirindo o alumno.

Na **rúbrica** indícase cada unha das competencias clave seguidas da súa especificación en

-

**indicadores**. No modelo correspondente a cada unidade inclúense unicamente as competencias e os indicadores que se desenvolveron concretamente nesa unidade; en cambio, no modelo proposto para a avaliación xeral inclúense tódalas competencias e tódolos seus indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, recoméndase cualificar, en primeiro lugar, cada un dos

-
indicadores ou aqueles nos que se centrou o profesor, obtendo deste xeito unha visión global da competencia para avaliala seguidamente.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de **instrumentos** que lle permitan obter uns datos concretos. No modelo propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar a modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Os **indicadores** nos que se especifican as competencias clave, que incluímos na modelo, e que nos permiten demostrar a competencia real do alumno para esta materia e este curso son os que indicamos a continuación:

1. **Competencia en comunicación lingüística (CL)**

| **Indicadores** |
|---|
| CL1. ESCOITAR |
| CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá. |
| CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos. |
| CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese. |
| CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese. |
| CL1.5. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |
| CL2. FALAR |
| CL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados. |

-

CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronunciación adecuadas.

CL2.3. Participa en representacións sinxelas.

CL3. CONVERSAR

CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

CL4. LER

CL4.1. Le textos sinxelos  sobre temas coñecidos captando o sentido global do mesmo.

CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.

CL4.3.Le textos sinxelos sobre temas coñecidos utilizando a información global e específica  no desenvolvemento dunha tarefa.

CL4.4.Le textos diversos sobre temas de interese.

CL5. ESCRIBIR

CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.

CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia  a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.

2. **Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)**

| Indicadores |
|---|
| CMCT1. Resolve problemas sinxelos sobre situacións familiares. |
| CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá utilizando os gráficos estatísticos máis adecuados á situación, táboa ou gráfica. |
| CMCT3. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación. |

-

| |
|---|
| CMCT4. Recoñece as relacións entre algúns factores do medio físico (releve, solo, clima, vexetación) e as formas de vida e actuacións das persoas. |
| CMCT5. Aplica nocións e conceptos científicos básicos para entender o mundo que lles rodea. |
| CMCT6. Identifica algunhas especies de seres vivos. |

3. **Competencia dixital (CD)**

| Indicadores |
|---|
| CD1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en soporte dixital. |
| CD2.Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. |

4. **Aprender a aprender (AA)**

| Indicadores |
|---|
| AA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües visuais. |
| AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para solucionar problemas de comunicación. |
| AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe. |

5. **Competencias sociais e cívicas (SC)**

| Indicadores |
|---|
| SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de palabra. |
| SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira. |

-

| |
|---|
| SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira. |

**6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**

| Indicadores |
|---|
| SIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes. |
| SIEE2. Utiliza estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado. |

**7. Conciencia e expresións culturais (CEC)**

| Indicadores |
|---|
| CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira. |
| CEC2. Utiliza técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos escritos. |
| CEC3. Participa na elaboración de composicións grupais utilizando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos. |

**3.6.2.4. Rúbrica de avaliación de contidos**

No **Anexo II** deste documento inclúese un modelo denominado *Rúbrica de Avaliación de contidos* xeral que nos permite avaliar o **nivel** que adquiriu o alumno, ademais dunha táboa de consulta cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

**3.6.3. Elementos de avaliación**

Existe unha relación entre os distintos elementos do currículo que interveñen no proceso de avaliación: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave e indicadores. Na seguinte táboa recollemos estes elementos organizándoos en cinco bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

-

# 17. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA.


| APARTADO | PÁX. |
|---|---|
| *INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN* ...................................................................<br>*INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO*............................................. | 3<br>4 |
| COMPETENCIAS CLAVE PARA ED. PRIMARIA............................................... | 8 |
| OBXECTIVOS PARA A ED. PRIMARIA................................................................... | 8 |
| CARACTERÍSTICAS DA ED. FÍSICA NA PRIMARIA.......................................... | 10 |
| BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE ED. FÍSICA ..................................... | 11 |
| CONTRIBUCIÓN DA ED. FÍSICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS............................................................................................................. | 13 |
| OBXECTIVOS XERAIS DA ED. FÍSICA.................................................................... | 16 |
| OBXECTIVOS PARA O CUARTO CURSO DE PRIMARIA................................ | 17 |
| CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN DOS MESMOS............................................. | 22 |
| A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN....................................<br>A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE..........................................................<br>A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN............................................ | 27<br><br>28<br>30 |
| METODOLOXÍA........................................................................................................... | 31 |
| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.......................................................... | 31 |
| MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.............................................................. | 31 |
| ACTIVIDADES EXTRASCOLARES........................................................................... | 32 |
| ACCIÓNS PREVISTAS NO "PROXECTO LECTOR"......................................... | 32 |
| ACCIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS....................... | 32 |
| PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN<br>**AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL**<br>................................................................................................ | 32 |

-

## *INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

### CONTEXTUALIZACIÓN

O noso colexio é un Centro de Educación Infantil e Primaria con alumando de 3 A 12 anos de idade. A matrícula é de 132 alumnos.

O centro está situado nun entorno urbano e a maioría das familias teñen un nivel formativo básico e medio. Temos nenos e nenas de familias inmigrantes de diversas procedencias e tamén de procedencia estranxeira con familias de adopción.

O Claustro do profesorado está formado por 16 mestres, no que a gran maioría teñen o seu destino definitivo neste centro.

A Comunidade educativa considera que educar para a convivencia responde á necesidade de formar cidadáns que se responsabilizan dos seus actos, respectándose a si mesmo e ás demais persoas. E os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos e cando xorden problemas na convivencia escolar, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da educación de xeito activo e, en caso de conflitos, todos deben ser parte da solución.

## ***INTRODUCCIÓN:*** **CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Os nenos/as , o redor dos nove anos sofren un cambio completo que case non é perceptible por cantos os rodean pero que marca a diferencia entre a infancia e a pre adolescencia . O factor máis importante de esta idade é a motivación personal . Prevé, reflexiona e organiza as súas accións. Sofre cambios de humor, timidez e alegría. A súa personalidade, nembargantes, xa está prácticamente formada. A súa afectividade é máis profunda. Ágrádalle ser tratado coma un maior e sinte unhas relacións de amistade máis auténticas cos seus compañeiros de clase.**

**Diferentes psicólogos resaltan algunhas características destas idades.**

- **Piaget sitúaos nunha terceira etapa ou período que abarca dende oito ata once anos. Nesta faseiniciase a ordenación xerárquica da conciencia do mundo real e do mundo do imaxinario.**
- **Aldo Agazzi sitúa a terceira infancia ou puericia entre sete e dez anos nas nenas e entre sete e once nos nenos. As percepcións fanse máis obxectivas e desterrase o pensamento máxico e animista de etapas anteriores.**
- **O espíritu de observación e exploración revela un carácter extrovertido alleo ó egocentrismo anterior. A vontade pasa a ocupar un posto primordial.**

- Para Vermeylen a terceira infancia situaríase dende sete anos ata a pubertade coa aparición dos intereses abstractos. E a etapa do pensamento lóxico concreto.

**As diferentes fases deben entenderse coma transicións suaves, non ríxidas ás que acceden os nenos con diferentes ritmos.**

**Altérnanse fases críticas coas tranquilas e constructivas. As primeiras caracterízanse por unha maior emotividade, movilidade i excitabilidade. O psiquismo está pouco integrado, o tono vital é alto e abundan os conflictos. As segundas caracterízanse pola resolución dos conflictos plantexados polas crisis con mobilidade e tono vital pausados. O psiquismo está integrado e preséntase unha grande siciabilidade.**

-

**As evolucións somáticas preceden ás psíquicas e os cambios psíquicos suponen unha modificación corporal.**

**Independentementa das consideracións das etapas os nenos e nenas destas idades presentan uns rasgos xerais característicos que son os seguintes:**

***A TERCEIRA INFANCIA***

**A meirande parte dos autores coinciden en sinalar o comezo da terceira infancia cara aos seis anos e medio ou sete anos. Esto fai que moitas características sinaladas para o Curso anterior coincidan coas deste.**

**INTELIXENCIA**

**A intelixencia asume a dirección de tódalas funcións psíquicas, o cal debe te-lo seu aproveitamento no mundo escolar. Os distintos aspectos do neno nesta etapa son:**

- **Extroversión: Mantén a actitude extrovertida fronte ó que lle rodea.**
- **Obxectividade: Quere Coñecer as cousas como son. Ve os adultos e os seus compañeiros con máis obxectividade.**
- **Realismo : O neno sabe distingui-lo real do irreal.Non confunde a imaxinación coa fantasía.**
- **Interése polo concreto : A única realidade segue a se-la concreta, a que pode percibir cos seus sentidos. É real o que se pode ver e tocar. A súa capacidade de observación é moi grande e fíxase en detalles que pasan desapercibidos aos maiores. Quere enterarse de todo, velo e tocalo todo.**

**MEMORIA**

**A estas idades o neno presenta unha grande memoria mecánica , que asocia con contidos distintos sen reparar no seu sentido nin nas súas relacións lóxicas, pero retén cunha grande facilidade as súas vivencias cotiás e as aprendizaxes escolares.**

Débese supli-la súa falta de memoria lóxica ordeando lóxicamente o que teña que aprender.

**A súa memoria aliméntase, sobor de todo, de percepcións, do que ve e do que oe. As percepcións retidas teñen grande viveza e son moi completas, reténdoas o neno i evocándoas máis tarde.**

**AS IMÁXENES EIDÉTICAS**

**Pode suceder que o neno a esta idade presente o que Jaensch denomina "imáxenes eidéticas" , é dicir, percepcións subxectivas que, coa súa perspectiva se convirten en reais. Son imaxenes dotadas de tal forza e riqueza de detalles que o neno as proxecta no exterior e dótaas de carácter real.**

**Nembargantes danse moitas diferencias duns nenos a outros: algúns non teñen case este tipo de imaxes.**

**Estas imaxes non representan ningunha anormalidade, son o resultado dun exceso do cunxunto de vivezas das percepcións xunto cunha grande memoria mecánica e desaparecen pouco a pouco.**

-

## A ESPECIALIZACIÓN DE INTERESES. O TRABALLO E A ATENCIÓN

O neno ten, nestas idades, un grande desexo de saber e aprender novas cousas. Pregunta constantemente. Góstalle leer e manexar cousas novas.

É un momento moi axeitado para todo tipo de aprendizaxes escolares xa que, ó anteriormente dito, débese unir a súa memoria moi desenrolada neste intre.

Á vez vai diferenciando os seus intereses. Comezan as preferencias por unhas áreas determinadas ou por uns xogos concretos. Esto vai dando lugar á separación entre nenos e nenas, dada-las súas afeccións e gustos.

Comeza a comprender que o traballo esixe esforzo e aplicación e que despois pode entregarse ó xogo para divertirse. Esta separación entre a actividade seria e a lúdica é paralela á separación do real e o fantástico.

A súa percepción converteuse en analítica e pode fixarse en detalles: polo tanto a súa atención tamén pode centrarse en aspectos determinados das cousas o que fai posible a abstracción ó prescindir duns aspectos en beneficio de outros.

Agora a vontade é capaz de dirixir a conducta. É forte e tenaz tanto para domina-lo mundo exterior coma para dirixi-lo interior.

## A ACTIVIDADE E O XOGO

O neno a esta idade é moi activo i está dotado dunha grande vitalidade.
O seu corpo está xa capacitado para moverse en toda clase de xogos con moita intensidade.

Admira a forza e o valor e desprecia a timidez e a cobardía o que, con frecuencia deriva en situacións de rexeitamentos e discriminacións cara algúns compañeiros e compañeiras.

Danse, con certa frecuencia os xogos grupais fóra do círculo familiar. Xúntase con nenos e nenas da mesma idade que normalmente non son amigos no sentido estricto, senón compañeiros de xogo, se ben cara aos nove anos comezan a aperece-los primeiros amigos íntimos.

Os xogos acostuman a ser movidos e o aire libre.

Os xoguetes deberán ter tódolos detalles.
Típico desta idade é tamén o coleccionismo de toda clase de cousas que logo intercambian entre eles.
O neno de oito anos é menos servicial. Góstalle que se lle premie e recoñezan os méritos e recaba con insistencia a atención da nai.

No medio escolar existen moitas rivalidades, pero é tamén a época en que nacen grandes amistades. Comeza os contactos telefónicos e a organizar grupos pero non respecta demasiado as normas de xogo. Se se lle permite converte a televisión nun elemento fundamental da súa vida cotiá.

Gústalle agradar á súa nai. É consciente se lle dan responsabilidades e ós nove anos comezan as amistades íntimas que comparten todo.

## OS SENTEMENTOS E A VIDA EMOCIONAL

A característica predominante nesta idade é o optimismo e a alegría. Os contratempos duranlle pouco. Ten unha grande confianza en si mesmo e na súa forza. Non ten medo e posúe unha autoconfianza capaz de facer que en máis dunha ocasión exceda os límites da prudencia e se

-

**vexa en situacións de perigo.**

**Ten gran amor propio. Quere se-lo mellor e rivalizar e suuperar aos demáis o que supón un factor moi importante e aproveitable.**

**É sociable. Simpatiza cos demáis e precisa da compaña dos outros nenos na escola e fóra dela. Exterioriza un pouco menos o cariño que en etapas anteriores.**

**PLANO MOTOR**

**O desenrolo do plano motor e do cognitivo están moi vinculados nestas idades. É un período moi aproveitable para realizar aprendizaxes motoras xa que a maduración neurolóxica facilita a *aprendizaxe de habilidades motrices.***

O crecemento é máis lento en altura que nas etapas anteriores pero maior en anchura, polo que a súa anatomía gaña en proporción.

**Ó acompañarse dun desenrolo de outras capacidades coma a atención, desenrolo da intelixencia, control da vontade, o que produce un maior control nos movementos. Pese a elo, dito control deberá ter un lugar importante nos obxectivos a acadar no seu proceso educativo.**

**Hai que sinalar que as extremidades continúan crecendo máis que o resto do corpo. As diferencias individuais son menos notorias que noutras idades.**

**A actividade física nesta etapa favorece a mineralización dos osos e o desenrolo muscular. E unha idade propicia para o traballo da flexibilidade dado que é cando se ten maior separación entre as pernas e maior mobilidade escapular.**

**O EU E A SEXUALIDADE**

**A súa hiperactividade motora incide tamén a nivel cognitivo. Sinte unha grande curiosidade polo mundo dos maiores. Comezan a interesarse e a preguntar polo papel dos pais na procreación. As nenas sentense intrigadas pola regla. Poden aparecer xogos sexuais entre nenas destas idades e nenos algo maiores. Buscan información precisa e moléstalles ser vistos desnudos. Sinten interese por imaxes e palabras relacionadas cos órganos sexuais.**

**VIDA ESCOLAR**

**Gústalle o colexio. Fala da vida escolar na casa e non sinte especial interese pola mestra ou o mestre. A percepción temporal é máis clara e tamén domina mellor a percepción espacial.**

**Ós nove anos é consciente da puntualidade, é máis ordenado e traballa con rapidez. Ten capacidade para organizarse os tempos de traballo e lecer.**

**SENTIMENTO MORAL**

**Con oito anos é sensible ás críticas e quere ser tratado coma unha persoa maior. O sentido da utilidade dos cartos aumenta o que, en ocasións, pode levalo a sisar algunhas monedas o que non debe ser considerado coma un roubo senón unha necesidade de adquirir cousas.**

**Con nove anos ten un grande sentido da xustiza. Acepta os castigos se sabe que son xustos e rebélase cando cree que non o son.**

-

COMPETENCIAS BÁSICAS A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Competencia lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencias sociais e cívicas.
4. Competencia dixital.
5. Conciencia e expresións culturais.
6. Aprender a aprender.
7. Sentido da iniciativa e espíritu emprendedor.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde,aceptar e aprendera coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións

-
coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

## CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA

A Educación Física na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dáselle importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

## BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

### O corpo: imaxe e percepción

Neste bloque trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

-

**Habilidades motrices**

**O segundo bloque de contidos céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.**

**Actividades físicas artístico - expresivas**

**O terceiro bloque abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englóbanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.**

**Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivarase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorarase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.**

**Actividade física e saúde**

**Este bloque engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.**

**A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentarase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballarase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.**

**Xogos e deportes**

**O quinto bloque presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.**

**O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilizaranse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoria e a derrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega.**

**Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes, aínda que non se diferencian explicitamente. A pesar de que debe haber unha sincronía entre a teoría e a práctica, os procedementos son prioritarios en educación física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica. Estes procedementos propician a adquisición dunha boa competencia no plano motor e conducen, irremediablemente, cara á asimilación de conceptos. As actitudes permiten afrontar con interese e con respecto as situacións que se propoñan, contribuíndo ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada.**

-

**Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...**

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENROLO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS

### Competencia en comunicación lingüística.

**A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.**

### Competencia matemática.

**Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:**

*** Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpeos e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.**
*** A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.**
*** A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)**
*** Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.**

### Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

**Algunhas achegas a esta competencia son as seguintes:**

*** Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.**
*** Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...**
*** Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.**

### Tratamento da información e competencia dixital.

**A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:**

*** Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.**
*** Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos,**

-
procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencia social e cidadá.
As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

* Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
* A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...
* Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Competencia cultural e artística.
A educación física achégase a esta competencia:

* Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Competencia para aprender a aprender.
O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino - aprendizaxe:

* Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso,o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.
* O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.
* Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal.
A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

* Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
* Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
* Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquedanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si

-
**(interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia.**
**Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.**

**Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.**

**O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.**

**Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».**

## OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA

*** Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.**

*** Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.**

*** Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.**

*** Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto esixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.**

*** Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.**

*** Participar en actividades físico - deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.**

*** Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.**

*** Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico - expresivas.**
*** Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.**

## OBXECTIVOS PARA O CUARTO CURSO DE PRIMARIA

*** Unha vez realizadas as probas correspondentes á AVALIACIÓN INICIAL e analizados os seus resultados decídese facer fincapé, ademáis dos propios do Ciclo en aqueles obxectivos relativos á adquisición das**

-
Habilidades e Destrezas Básicas e, particularmente, as relacionados cos xiros tanto na voltereta frontal como na frontal polo baixo nivel detectado unha vez realizadas as probas no primeiro nivel do Ciclo e polo pouco satisfactorio grao de adquisición observado no Segundo Nivel.

* Amosar un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade, controlándoo en situacións variadas en relación coa tensión/relaxación musculares e coa respiración. Valórase se as nenas e os nenos destas idades son capaces de diferenciar e de controlar as partes do seu corpo e as súas posibilidades de movemento en situacións motrices coñecidas e descoñecidas. Para comprobalo, cómpre ofrecer cantidade e variedade de estímulos. Daráselle importancia á economía e á fluidez nos movementos, logradas en parte grazas a un bo control da tensión e da relaxación musculares.

* Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos. Quérese avaliar se o alumnado é quen de inventar estruturas rítmicas, de acordo cun número de pulsacións ou a unha secuencia, e de reproducilas de diferentes maneiras. Esta reprodución pode ser por medio de tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, percusións en zonas corporais, golpes co pé no chan...); tamén con instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, mazas, picas...).

* Desprazarse e saltar, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade. Preténdese verificar nos alumnos e alumnas a habilidade de saltar e de desprazarse de diferentes maneiras (en cuadrupedia, reptando, gabeando...); con distintas velocidades; con cambios de dirección e de
sentido e adaptándose a condicións externas variables (por exemplo, a outras persoas que igualmente se desprazan). Atenderase ao equilibrio e reequilibrio nas combinacións das habilidades, así como a unha correcta coordinación.

* Xirar sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas. Compróbase se as nenas e os nenos realizan xiros sobre o eixo transversal (viravolta adiante ou atrás) e lonxitudinal (rolar, facer un medio xiro no aire). Os xiros poderán estar combinados con desprazamentos e con saltos, dando lugar a cambios de dirección e de sentido. Avaliarase o control correcto do corpo desde
un punto de vista postural e o mantemento do equilibrio, evitando riscos innecesarios.

* Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias. Valórase a coordinación global e segmentaria no
manexo de móbiles, ben sexa ao manipulalos co corpo ou con algún tipo de axuda material (pa, raqueta, stick...), amosando unha axeitada percepción espacio-temporal para adaptar o propio movemento ás súas traxectorias. Este criterio avaliarase por medio de xogos e de tarefas lúdico - motrices e verificarase atendendo aos pases, recepcións, conducións, lanzamentos...

* Utilizar os recursos expresivos do corpo, os obxectos e os materiais para a comunicación de ideas, de emocións e de sentimentos e mais para a representación de personaxes e de historias, reais ou imaxinarias, individualmente e en grupo. Compróbase a capacidade do alumno e da alumna para representar e comunicar por medio da linguaxe non verbal determinadas situacións, ideas, emocións, sentimentos, estados de ánimo... individualmente e en grupo. Nas producións grupais terase en conta a predisposición ao diálogo e a responsabilidade na organización e na preparación da proposta. Atenderase especialmente ao respecto polo papel que lle corresponde desempeñar a cadaquén e polas actuacións do resto dos compañeiros e compañeiras.

* Manter unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a calidade de vida e amosando interese na hixiene, na alimentación e na adquisición de hábitos saudables.
Avalíase se as nenas e os nenos son quen de valorar os beneficios que a actividade física ten sobre o organismo, especialmente no relativo á mellora das habilidades,
da percepción e da condición física, así como a necesidade de evitar riscos innecesarios na práctica de xogos e de actividades motrices. As prácticas saudables pasarán por manter unha hixiene axeitada despois das sesións de educación física, adoptar as posturas correctas en cada situación e os hábitos alimenticios que permitan practicar actividade física con certas garantías (inxesta de alimentos, hidratación...).

-

* Participar en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas, resolvendo os retos cooperativamente e amosando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas. Verifícase se o alumnado participa nos xogos e nas actividades aceptando o papel que lle corresponde desempeñar; tendo en conta o resto das persoas; rexeitando os comportamentos antisociais; evitando discriminacións, estereotipos, prexuízos... Valorarase a actitude cooperativa cos membros do mesmo equipo e o respecto cara aos do equipo contrario, así como o esforzo e a implicación na actividade.

* Buscar información sobre xogos populares tradicionais galegos en diferentes medios, interesarse polo seu coñecemento e practicalos. Valórase se as alumnas e alumnos buscan información sobre aspectos relacionados coa área de educación física que son propios de Galicia, como os xogos populares tradicionais, os xoguetes e os bailes. Realizaranse buscas en soporte impreso (libros da biblioteca) ou dixital (a internet), favorecendo así o uso das TIC. Prestarase especial atención ao interese que amosan as nenas e os nenos en practicar e difundir estes xogos, xoguetes e danzas.

## DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS DO CUARTO CURSO POR BLOQUES

### Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción.

* Interiorización do esquema corporal e utilización dos elementos orgánico-funcionais no movemento.
* Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.
* Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.
* Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.
* Práctica de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.
* Estruturación espacial e temporal en diversas situacións.
* Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.
* Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades.

### Bloque 2. Habilidades motrices.

* Práctica das habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións.
* Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas e tarefas lúdico-motrices.
* Control motor e dominio corporal, adaptándose a medios diversos: natural, acuático...
* Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
* Execución de movementos coordinados desde un punto de vista motor.
* Reflexión sobre a competencia motriz do alumnado e interese por mellorala.
* Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas individuais en canto á habilidade para executalas.

### Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

* Utilización do corpo e do movemento como instrumentos de expresión e de comunicación.
* Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións.
* Expresión de ideas, de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
* Utilización de obxectos e de materiais para a dramatización e para a comunicación.
* Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo-temporais.
* Execución de danzas, de bailes e de coreografías simples.
* Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, valorando as diferenzas no xeito de expresarse.
* Gozo mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo.

### Bloque 4. Actividade física e saúde.

-

*** Consolidación dos hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais correctos na práctica física.**
*** Interiorización de hábitos alimentarios saudables relacionados coa actividade física.**
*** Recoñecemento dos beneficios da actividade física en relación coa saúde e co benestar.**
*** Práctica de actividades que melloren de xeito xenérico a condición física orientada á saúde.**
*** Adquisición de hábitos que proporcionen seguridade na práctica da actividade física.**
*** Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade e prevención durante a práctica da actividade física.**
*** Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.**

**Bloque 5. Xogos e deportes.**

*** Apreciación do xogo e do deporte como elementos da realidade social.**
*** Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias acordadas.**
*** Participación e práctica de xogos diversos e de actividades de iniciación predeportiva.**
*** Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.**
*** Experimentación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.**
*** Respecto cara ás persoas participantes no xogo, valorando o esforzo e rexeitando os comportamentos antisociais.**
*** Valoración do xogo e das actividades deportivas como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.**

## OBXECTIVOS PARA O CUARTO CURSO DE PRIMARIA

1.- Coñecer e identificar as distintas partes do corpo humano e referilas ao seu propio corpo e ao dos demáis.
2. Coidar a postura corporal.
3. Controlar o equilibrio.
4. Distinguir as diferentes formas de desprazamento.
5. Experimentar diferentes tipos de saltos.
6. Aprender a utilizar a linguaxe corporal.
7. Iniciarse nos conceptos básicos da expresión de sentimientos a través do cuerpo.
8. Coñecer o concepto de «xogo» e os seus obxectivos con respecto á saúde.
9. Practicar xogos populares e tradicionais.
10. Adquirir hábitos de orden e limpeza.

11. Coñecer a estructura corporal: ósos, articulacions e músculos.
12 Experimentar e descobrir sensacións.
13 Descobrir a organización espacio-temporal a traverso da orientación.
14. Practicar xiros.
15. Diferenciar os distintos tipos de eixo corporal.
16. Aprender a representar historias.
17. Utilizar os xestos como linguaxe do cuerpo.
18. Valorar e respectar as normas dos xogos.
19. Coñecer e practicar xogos competitivos.
20. Valorar a importancia da actividade física en relación coa saúde.

21. Coñocer e verificar o funcionamento dos pulmóns.
22. Aprender a contar os latidos do corazón.
23. Coñecer as posibilidades que temos de ser flexibles e avalialas no seu propio corpo.
24. Practicar volteretas frontais colocar correctamente as extremidades para a realización da voltereta lateral.
25. Descobrir o ritmo, asociándoo a diferentes accións de movemento corporal.
26. Descobrir a danza, asociándoa ás capacidades expresivas personais.
27. Aprender a clasificar os xogos.

-

## CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

### UNIDADE 1

**TEMPORALIZACIÓN** : Outubro, novembro, decembro

**CONTIDOS**

O corpo crece e cambia. (1)
Coidado e mantemento de posturas correctas. (2)
O equilibrio. (3)
Os desprazamientos. (4)
Os saltos. (5)
A expresión corporal. (6)

**COMPETENCIAS**

**CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS**

**Comunicación lingüística**

- Uso correcto dos términos referidos ás medidas do seu corpo.
- Uso correcto da terminoloxía propia da materia ao analizar e describir a información contida nas ilustracions.
- Uso correcto da terminoloxía propia da materia ao dar resposta ás preguntas.
- Descripción das posturas adoptadas nun xogo.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Todos os contidos e as actividades relacionados coa orientación.
- Realización de medicions.
- Desenvolvemento do sentido da orientación e utilización correcta de diferentes recursos para orientarse.

**Competencia dixital**

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

**Aprender a aprender**

- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre os desprazamentos, os saltos e os xiros.
- Capacidade para expresar sentimentos co corpo ao recitar poemas.
- Manexo eficaz dos recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.

**Competencias sociais e cívicas**

- Valoración do coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas a través das actividades motoras propuestas.
- Adquisición do hábito de practicar actividade física de forma regular como resultado das prácticas físicas propuestas.
- Adquisición de actitudes de respecto cara aos demás e para sí mismo na súa participación en xogos e actividades físicas.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**

- Desenvolvemento de actitudes de diálogo; aceptación e elaboración de normas de convivencia.
- Participación e toma de decisions nos xogos e as actividades propuestas, comportándose con responsabilidade.
- Valoración positiva das iniciativas e as aportacions dos demáis.

**Conciencia e expresiones culturais**

- Utilización da expresividade corporal para experimentar formas de comunicación a través dos movementos do corpo.

-

- Interese por las formas de comunicación non verbais.

**UNIDADE 2**

**TEMPORALIZACIÓN:** Xaneiro, febreiro, marzo

**CONTIDOS**

A estructura corporal: Ósos, articulacións e músculos. (1)
As sensacións corporais. (2)
A orientación. (3)
Os xiros e os seus eixos. (4)
Pensar e actuar: movementos voluntarios e involuntarios (5)
A linguaxe do corpo na representación dramática. (6, 7)
As normas de juego. (8)

**COMPETENCIAS**

**CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS**

**Comunicación lingüística**
- Debate sobre o concepto de «movemento intelixente».

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnología**
- Descripción de la orientación de los objetos con respecto a su propio cuerpo.
- Comprensión da relación existente entre os xiros de determinados obxectos cos que pode facer noso corpo.

**Competencia dixital**
- Realización de actividades interactivas vinculadas a la unidad.

**Aprender a aprender**
- Práctica de movementos voluntarios, diferenciándoos dos involuntarios
- Utilización do espacio e do tempo para realizar una representación.
- Creación de normas para xogar.

**Competencias sociales e cívicas**
- Aceptación e respecto das reglas de xogo acordadas entre todos na práctica dos xogos propostos.
- Valoración do traballo e de das aportacions dos demáis, sin discriminar por razons de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Capacidade para aprender a convivir aceptando as normas.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**
- Desenvolvemento dos valores personais da responsabilidade e da perseverancia.
- Capacidade de buscar solucions aos problemas plantexados e de levalas á práctica.

**Conciencia e expresións culturais**
- Valoración dos xogos e a danza como manifestaciós culturais da motricidade humana.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.

**UNIDADE 3**

-

**TEMORALIZACIÓN:** Abril, maio, xuño

**CONTIDOS**

O funcionamiento dos pulmóns e o corazón. (1)
A flexibilidade. (2)
As volteretas. (3)
Posibilidade expresiva do ritmo e da danza. (4)
Clasificación dos xogos. Xogos competitivos (5)
Os xogos : Xogos populares e tradicionais de cooperación. (6)
Os xogos: concepto e obxectivos de saúde. (7)
A saúde . (8)

**COMPETENCIAS**

**CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS**

**Comunicación lingüística**
- Verbalización e debate sobre a importancia do exercicio físico para a saúde.
- Uso correcto dos términos referidos aos movementos que realiza o corazón.
- Uso correcto da terminoloxía propia da materia ao dar resposta ás preguntas.

**Competencia dixital**
- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
- Comprobación do ritmo do corazón despois do exercicio.
- Creación de series de estructuras rítmicas.

**Aprender a aprender**
- Utilización correcta da respiración.
- Descobremento das formas de detectar e contar os latidos do corazón.
- Práctica de exercicios que desenvolven a flexibilidade.
- Utilización do cuerpo para producir ritmos.

**Competencias sociais e cívicas**
- Valoración da importancia de evitar danos durante o exercicio.
- Adquisición do hábito de practicar actividade física de xeito regular.
- Valoración da actividade física como ocupación saudable do teempo de lecer.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**

- Toma de decisións correctas na práctica de una voltereta.
- Creación de xogos motores, organizando as súas regras.
- Toma de decisións de xeito racional nas súas actividades físicas.

**Conciencia e expresións culturais**

- Utilización das manifestacións artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute.
- Experimentación de formas de comunicación a traverso da danza expresiva.
- Valoración de la danza como manifestación de cultura

**A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

**Entendemos a Avaliación como un xeito de analizar, valorar e describir os resultados do proceso de ensino - aprendizaxe.**

-

**Observaranse os cambios realizados ao longo deste proceso segundo as seguintes pautas:**

- **Avaliación personalizada mediante a observación diaria das evolucións do alumno, da súa implicación e atención no desenrolo das tarefas.**
- **Avaliación personalizada en función da evolución individual e a progresión dentro das capacidades do alumno e en función delas.**
- **Terase en conta a asistencia, a actitude e participación, o respecto polos compañeiros e profesor e o respecto polas normas.**
- **Avaliación da execución de algunhas tarefas mediante soportes non convencionais (vídeo).**
- **Os criterios de Ficha de seguimento de comportamento e hábitos..**
- **Ficha de seguimento de diversas probas e Test.**
- **Avaliación do Ciclo.**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CUARTO CURSO ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

**Comprobar se o alumno e quen de:**

*** Amosar un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade, controlándoo en situacións variadas en relación coa tensión/relaxación musculares e coa respiración. Valórase se as nenas e os nenos destas idades son capaces de diferenciar e de controlar as partes do seu corpo e as súas posibilidades de movemento en situacións motrices coñecidas e descoñecidas. Para comprobalo, cómpre ofrecer cantidade e variedade de estímulos. Daráselle importancia á economía e á fluidez nos movementos, logradas en parte grazas a un bo control da tensión e da relaxación musculares.**
**A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:**
**Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.**
**Sentido de la iniciativa e espíritu emprendedor.**

*** Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos. Quérese avaliar se o alumnado é quen de inventar estruturas rítmicas, de acordo cun número de pulsacións ou a unha secuencia, e de reproducilas de diferentes maneiras. Esta reprodución pode ser por medio de tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, percusións en zonas corporais, golpes co pé no chan...); tamén con instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, mazas, picas...).**
**A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:**
**Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.**
**Conciencia e expresións culturais.**
**Sentido da inciativa e espíritu emprendedor.**

*** Desprazarse e saltar, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade. Preténdese verificar nos alumnos e alumnas a habilidade de saltar e de desprazarse de diferentes maneiras (en cuadrupedia, reptando, gabeando...); con distintas velocidades; con cambios de dirección e de sentido e adaptándose a condicións externas variables (por exemplo, a outras persoas que igualmente se desprazan). Atenderase ao equilibrio e reequilibrio nas combinacións das habilidades, así como a unha correcta coordinación.**
**A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:**
**Sentido da inciativa e espíritu emprendedor.**
**Aprender a aprender.**
**Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.**

*** Xirar sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas. Compróbase se as nenas e os nenos realizan xiros sobre o eixo transversal (viravolta adiante ou atrás) e lonxitudinal (rolar, facer un medio xiro no aire). Os xiros poderán estar combinados con desprazamentos e con saltos, dando lugar a cambios de dirección e de sentido. Avaliarase o control correcto do corpo desde un punto de vista postural e o mantemento do equilibrio, evitando riscos innecesarios.**

-

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Sentido da inciativa e espíritu emprendedor.
Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.

* Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias. Valórase a coordinación global e segmentaria no
manexo de móbiles, ben sexa ao manipulalos co corpo ou con algún tipo de axuda material (pa, raqueta, stick...), amosando unha axeitada percepción espacio-temporal para adaptar o propio movemento ás súas traxectorias. Este criterio avaliarase por medio de xogos e de tarefas lúdico - motrices e verificarase atendendo aos pases, recepcións, conducións, lanzamentos...
A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Sentido da inciativa e espíritu emprendedor.
Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.

* Utilizar os recursos expresivos do corpo, os obxectos e os materiais para a comunicación de ideas, de emocións e de sentimentos e mais para a representación de personaxes e de historias, reais ou imaxinarias, individualmente e en grupo. Compróbase a capacidade do alumno e da alumna para representar e comunicar por medio da linguaxe non verbal determinadas situacións, ideas, emocións, sentimentos, estados de ánimo... individualmente e en grupo. Nas producións grupais terase en conta a predisposición ao diálogo e a responsabilidade na organización e na preparación da proposta. Atenderase especialmente ao respecto polo papel que lle corresponde desempeñar a cadaquén e polas actuacións do resto dos compañeiros e compañeiras.
A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Conciencia e expresións culturais.
Sentido da inciativa e espíritu emprendedor.
Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.

* Manter unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a calidade de vida e amosando interese na hixiene, na alimentación e na adquisición de hábitos saudables.
Avalíase se as nenas e os nenos son quen de valorar os beneficios que a actividade física ten sobre o organismo, especialmente no relativo á mellora das habilidades,
da percepción e da condición física, así como a necesidade de evitar riscos innecesarios na práctica de xogos e de actividades motrices. As prácticas saudables pasarán por manter unha hixiene axeitada despois das sesións de educación física, adoptar as posturas correctas en cada situación e os hábitos alimenticios que permitan practicar actividade física con certas garantías (inxesta de alimentos, hidratación...).
A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Autonomía e iniciativa persoal.
Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
Competencia social e cidadá.

* Participar en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas, resolvendo os retos cooperativamente e amosando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas. Verifícase se o alumnado participa nos xogos e nas actividades aceptando o papel que lle corresponde desempeñar; tendo en conta o resto das persoas; rexeitando os comportamentos antisociais; evitando discriminacións, estereotipos, prexuízos... Valorarase a actitude cooperativa cos membros do mesmo equipo e o respecto cara aos do equipo contrario, así como o
esforzo e a implicación na actividade.
A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Competencia social e cidadá.
Autonomía e iniciativa persoal.
Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

* Buscar información sobre xogos populares tradicionais galegos en diferentes medios, interesarse polo seu coñecemento e practicalos. Valórase se as alumnas e alumnos buscan información sobre aspectos relacionados coa área de educación física que son propios de Galicia, como os xogos populares tradicionais, os xoguetes e os bailes. Realizaranse buscas en soporte impreso (libros da biblioteca) ou dixital (a internet), favorecendo así o uso das TIC. Prestarase especial atención ao interese que amosan as

-

nenas e os nenos en practicar e difundir estes xogos, xoguetes e danzas.
A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:
Aprender a aprender.
Conciencia e expresións culturais
Competencia sociais e cívicas
Competencia matemática e competencias básicas de ciencias e tecnoloxía.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta que a finalidade última da Educación Física, como en calquera das áreas da Primaria, debe ser a formación integral da persoa os principais elementos a ter en consideración serán aqueles que fan referencia ao desenrolo de valores, respecto polos compañeiros, o profesorado e polas normas da área e dos diversos xogos.

Valorarase igualmente o grao de implicación do alumnado nas actividades propostas nas diferentes sesións , o seu interese en realizar axeitadamente ditas actividades e o grao de consecución dos obxectivos e adquisición de contidos.

Dito o anterior e, atendendo aos criterios expostos, cabe a posibilidade de que un alumno que dende o punto de vista motriz é sobresainte vexa rebaixada a súa cualificación por falta de implicación nas actividades, por faltas ao respecto polos compañeiros e ao profesor ou por desinterese no relativo aos hábitos, e outro non moi destacado dende o punto de vista da execución motriz reciba, nembargantes, unha cualificación sobresaínte polo seu esforzo nas tarefas, polo respecto aos compañeiros e o profesor e polo cumprimento das normas da Área e dos diversos xogos.

## METODOLOXÍA

Tentaremos seguir unha metodoloxía constructiva, achegándonos á realidade dos alumnos e ás súas diferenzas individuais tentando que eles interpreten as ensinanzas e superen as súas limitacións.

A metodoloxía das sesión é globalizadora, participativa e lúdica na meirande parte das sesións.

Empregarase, nunha grande parte das sesións, a técnica do "Descobremento guiado". En menor medida utilizarase a"Percura" e o "Ensaio-erro" e, nunhas poucas sesións e, fundamentalmente, por cuestión de economía de tempo en función da amplitude dos contidos, utilizarase a "Instrucción directa" como técnica de ensino.

Tanto a metodoloxía como a técnica de ensino estarán axeitados aos obxectivos que se pretendan acadar e ao tempo dispoñible para facelo respectando en todo caso os procesos individuais de Aprendizaxe e a incidencia nos procesos cognitivos e afectivos en todos os tipos de Aprendizaxe.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tendo en conta as particularidades físicas e de desenrolo de cada alumno e os diferentes ritmos de aprendizaxe axeitaránse as actividades ás características do alumnado facendo, nos casos oportunos, as correccións nos obxectivos e as adaptacións do Currículo que precisen os alumnos para acadar os obxectivos de acordo coas súas características persoais e establecendo as modificacións en canto a espazos, materiais e tipo de actividade precisas para o seu desenrolo.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos espazos físicos para o desenrolo das sesións (ximnasio, pistas polideportivas, vestiarios, duchas,etc... dispoñemos de pelotas de diverso tipo (baloncesto, balonmán de aprendizaxe, rugby, fútbol, pelotas brandas de aprendizaxe, voleibol, tenis, hockei), colchonetas, colchoneta "quitamedos", esterillas, panos, botellas, chapas de refresco e envases de iogurt (material de reciclaxe), sacos de arroz, ladrillos e vallas plásticas, aros, picas, cordas, bancos suecos, pelotas xigantes, zancos, camisetas e petos de cores para facer equipos, etc...
Os recursos didácticos máis utilizados, ademais da propia programación de aula, son as Actividades Jclic para Educación física, a Enciclopedia dos xogos populares "Chirlosmirlos" de Antón Cortizas e ficheiros diversos de xogos que se poden atopar en Internet.

-

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

**Participar co alumnado en diversas competicións ou actividades deportivas propostas dende diversos organismos (Dirección Xeral para o Deporte, Concellos, entidades deportivas privadas, etc...) dentro do horario escolar sempre que a dinámica do Curso o permita. É de salientara boa acollida e participación na actividade de "Educación Vial para Ciclistas" que realizamos coa colaboura do Concello de Nigrán e o Club Ciclista Rías Baixas) Estimularemos ao alumnado para na realización de actividades deportivas fóra do horario escolar, ben sexa a traverso do propio Colexio coas actividades en horario de tarde (karate, fútbol , natación, baile, ximnasia rítmica), ou ben as que se poden realizar nos Clubes da zona (Club Ciclista Rías Baixas, URECA, Nigrán F.C., Airexa baloncesto, Club Baloncesto Nigrán, Sociedade Atlética Val Miñor, participación no Cross Escolar do Val Miñor e etc..).**

**ACCIÓNS PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR**

**Lectura diaria, antes do comezo das sesións, de diversas noticias dos xornais relacionadas co mundo do deporte.**
**Percura na Biblioteca Escolar, a traverso de soporte escrito, de información sobre xogos tradicionais e populares.**

**ACCIÓN PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs**

**Realización de actividades na Aula Informática con materiais Java "Jclic" para Educación física e Coñecemento do Medio (aquelas que gardan relación co coñecemento do Corpo humano e a alimentación fundamentalmente).**

**PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

**A presente programación será revisada anualmente de dúas maneiras:**
**1ª) Observación diaria da súa adecuación aos intereses do alumnado e ao grao de adquisición dos contidos establecidos para a sesión con anotacións diarias das correccións pertinentes se houbera lugar a elas .**
**2º) Corrección ( a finais de curso) dos diferentes aspectos observados atendendo a criterios de practicidade en canto á facilidade de adquisición de contidos, utilidade (favorecendo a traverso de actividades de percura un maior grao de adquisición) e**
**Observando o nivel de aceptación das actividades polo alumnado de xeito que se favoreza a inclusión de aquelas máis valoradas polo seu carácter lúdico e participativo.**

**AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL**
**A pandemia do Coronavirus pode cambiar o escenario educativo e por ese motivo farei uns axustes da programación a nivel de estándares de aprendizaxes, criterios de avaliación e metodoloxía.**

**Respecto aos estándares de aprendizaxe imprescindibles serían:**

***Realiza os exercicios correctamente e hixiene ao final da sesión.**
***Realiza o quentamento e a volta á calma comprendendo o seu significado.**
***Implicación e participación nos xogos evitando actitudes competitivas negativas.**
***Intégrase e participa do xogo cooperativo coñecendo cal é o seu papel.**

**Respecto aos criterios de avaliacións serían:**

***Utilizar coa supervisión do adulto, hábitos saudabeis de hixiene na clase de Educación Física.**
***Realizar actividade na clase de Educación Física seguindo normas de prevención como o quentamento e a hidratación.**
***Recoñecer, nomear e clasificar xogos modificados, con implemento, inclusivos e de innovación (retos).**
***Participar en equipos de traballo (familia) realizando a parte da tarea que lle corresponda para alcanzar metas comúns, aceptando regras e normas, recoñecendo o seu rol, confiando nas súas posibilidades e nas dos compañeiros de xogo e regulando as emocións ante o conflito utilizando o diálogo igualitario.**

**No tocante á metodoloxía:**

-

**Utilizarase a aula virtual do centro para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe. o non poder dar clases presenciais na súa totalidade. As actividades terán un carácter teórico-práctico e participativo no eido familiar e do entorno do alumnado. Recalcarase con insistencia nos hábitos saudabeis e a hixiene corporal. As familias estarán informadas e as actividades estarán secuenciadas**

# 18. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN MUSICAL

| ÁRE A | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Com eten as clav |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezasinstrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade doalumnado.<br>▪ B1.2. Asistencia a representaciónsmusicais e comentarioposterior.<br>▪ B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e dascompañeiras.<br>▪ B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>▪ B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas | ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecerexemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súasapreciaciónsperso ais sobre o feito artísticomusical. | ▪ CC<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunhapeza musical. | ▪ CC<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representaciónsmusicai s. | ▪ CS |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Identifica e valora as | ▪ CC C |

-

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións. | | manifestacións artísticas propias deGalicia. | ▪ CA |
| ▪ j | ▪ B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.<br>▪ B1.7. Acento epulso. | ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sonsdo contexto. | ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nasmanifestaciónsmusicais e nos sons do contexto | ▪ CC<br>▪ CC C |
| ▪ j | ▪ B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>▪ B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así comoas | ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicaissinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupaciónsinstrumentaisouvocais. | ▪ CA<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.3.2. Identifica edescribe | ▪ CC |
| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clav |
| | posibles agrupaciónsvocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).<br>▪ B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e4/4. | | variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | ▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | ▪ CC C<br>▪ CM CT |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada eindeterminada). | ▪ B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | ▪ EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | ▪ CA<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda epercusión. | ▪ CA<br>▪ CC C |

-

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súacolocación.<br>▪ B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas. | | ▪ EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutrasculturas. | ▪ CC C<br>▪ CA<br>▪ CS E<br>▪ CD |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunhapeza musical. Formasmusicaisbinarias, ternarias erondó.<br>▪ B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produciónmusical. | ▪ B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunhapeza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produciónmusical. | ▪ EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntaonunmusicog ramaounha partiturasinxela. | ▪ CA<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.5.2. Identifica as partes dunhapeza musical sinxela e representa graficamente a súaestrutura. | ▪ CA<br>▪ CC C |

## 1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp etenc as clave |
| | | | ▪ EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da músicaescoitada. | ▪ CA<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produciónmusical. | ▪ CC C<br>▪ CD |

-

| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Reprodución de pezasinstrumentais e cancciónssinxelasao unísono, de maneira colectiva, con ousenacompañamento. Frautadoce: dixitación da escala de do senalteracións.<br>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezassinxelas.<br>▪ B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.<br>▪ B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión ealternancia.<br>▪ B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.<br>▪ B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos. | ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezasinstrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballofeito, avaliar o resultado e proporaccións demellora. | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación deobras. | ▪ CCI C<br>▪ CA |
| | | | ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmossinxelos. | ▪ CCI C<br>▪ CA |
| | | | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezasvocais e instrumentaissinxelas con distintos agrupamentos, con e senacompañamento. | ▪ CCI C<br>▪ CA<br>▪ CS |
| | | | ▪ EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. | ▪ CA<br>▪ CS |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicaisdadas.<br>▪ B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentossinxelos de melodíasdadas. | ▪ B2.2. Explorar estruturasmusicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturassinxelas entre varias dadas, coobxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | ▪ EMB2.2.1. Crea unhapeza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos emanexados. | ▪ CA<br>▪ CCI C |
| | | | ▪ EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual | ▪ CS |

-

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ecolectivo. | |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ouescrito.<br>▪ B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ourepresentacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>▪ B2.11. Invención e construcióndun instrumento. | ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivoselectróni cos. | ▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezasmusicaissinxelas para a sonorización de imaxes e representaciónsdramáti cas. | ▪ CD<br>▪ CA<br>▪ CSI E |
| | | | ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinalou similar a unexistente. | ▪ CC C<br>▪ CA<br>▪ CSI E |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | |
| ▪ j | ▪ B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>▪ B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estruturasinxela. | ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | ▪ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacciónsocial. | ▪ CC C |
| | | | ▪ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musicalde | ▪ CC C<br>▪ CA<br>▪ CM CT |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | |
|---|---|---|---|---|
| Obxecti vos | Conti dos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comp etenc as clave |
| | | | forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ o | ▪ B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementosfixadosou inventados, procurando unha | ▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutrasculturas. | ▪ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando | ▪ CC C<br>▪ CA |

-

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | progresiva coordinación individual e colectiva.<br>▪ B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutrasculturas. | | interpretadanzas. | |
| | | | ▪ EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súaachegaao patrimonio artístico ecultural. | ▪ CA<br>▪ CC<br>▪ CC C |
| | | | ▪ EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | ▪ CC C<br>▪ CS |

-

## 2. METODOLOXÍA

A metodoloxía levada a cabo basearase na actividade, promovendo a participacióndo alumnado e considerando que un obxectivo primordial será o desenvolvemento dos nosos instrumentos naturais, a voz e o corpo. Así pois, primaranse os aspectos prácticos, partindodesta para chegar á teoría. A linguaxe musical convencional iraseintroducindo progresivamente e dunxeito natural, partindo da experimentación e vivenciación previa dos conceptos ou elementos a coñecer.

Prestarase especial atención ó ambiente da clase e ásrelacións de grupo. Tratarase de potenciar as propostas e creacións do alumnado, a nivel individual ou de grupo e fomentar unhaactitude crítica a partires da valoración das propias actividades.

Nas diferentes sesiónsiranse complementando actividades colectivas, en gran grupo, con outros momentos de traballo en pequeno grupo ouindividuais, nos que se propiciará a expresión creativa do alumnado.

## 3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O carácter práctico e de grupo das clases de música garante que cada alumno vaiadesenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumno poidaacadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestaraseunha atención máis individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

## 4. MATERIAIS E RECURSOS

As sesións de Educación Musicallévanse a cabo na aula de música, situada no primeiro andar do centro.Para o desenvolvemento das sesiónsempregaremos os distintos materiais dos que dispomosnesta aula: instrumentos de pequena percusión e de láminas, obxectos sonoros, teclado, cadea musical, ordenador e dispositivos móbiles, proxector, bibliografía e discografía diversa. Taménempregaremosmaterial elaborado por min e achegado polo propio alumnado, así como outrosespazos e recursos docentro.

## 5. AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da propia programación. Realizaraseunhaavaliación global, continua e formativa, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, que permitirá ir adaptando a programación áscondicións que vaia observando na práctica.

Ao longo das diferentes sesiónsrecolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivospropostostendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- **Observación directa** e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seutraballo diario

-

(participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seucomportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un **diario de clase** e un **rexistro anecdótico**.

- **Análise das producións**: produciónsmusicais (rítmico-melódicas, instrumentais, vocais, motrices...), gravaciónsouobservacións directas dos compañeiros e posterior valoración. Empregaraseunha**listaxe de control** para cada unha delas.
- **Actividades específicas**: exposicións, test, cuestionarios, ditados rítmico-melódicos.
- **Intercambios orais**: diálogos co grupo, debates, postas en común e valoracións daspropias realizacións.

Para levar a cabo a avaliaciónteranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | Peso |
|---|---|
| **Consecución dos obxectivos**das diferentes unidades (atendendoaos criterios de avaliación e estándaresestablecidosnaprogramación).<br>• Análise das interpretaciónsinstrumentais e vocais (20%)<br>• Análise das actividades de expresión corporal (20%)<br>• Análise das actividades de escoita (20%) | 60% |
| **Traballo diario (**Participación activa, interese, esforzo por mellorar) | 20% |
| **Hábitos educativos (**Conduta e comportamentopersoal, relaciónsinterpersoais e cooperación cosdemais) | 20 % |

Estes criterios establécensetendo en conta que o primordial será crear un clima na aula que propicie unhaactitude favorable cara a música e as actividades musicais, conseguindo así unha participación máis espontánea e activa por parte do alumnado que lles permita desfrutar ao máximo da música. Destexeito, contribuiraseaodesenvolvemento integral do alumnado.

**6. MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Coñece e usa grafías convencionais (compases, liña divisoria, branca, negra, silencios, corcheas).
- Interpreta ritmos con brancas, negras, corcheas e os seus silencios correspondentes.
- Distingue as notas de do a do agudo no pentagrama.
- Segue un musicograma.
- Coñece as posicións e interpreta algunha melodía coa frauta usando as notas sol, la, si, dó’, re´.
- Recoñece instrumentos de corda, vento e percusión.
- Recoñecealgunhasagrupaciónsinstrumentais e vocais.

-

- Distingue entre a forma binaria e a forma *lied*.
- Canta de diferentes xeitos (unísono, coro-solista, eco, pregunta-resposta).
- Coñece e utiliza indicacións de *tempo* e intensidade.
- Sabe distinguir a dirección das liñas melódicas.
- Acompaña melodías con percusión.

## 7. APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

A través da materia de Música organizaranse actividades para colaborar coproxecto de centro.

## 8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizaraseao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación aodesenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Para levala a cabo atenderanseaosseguintes aspectos:

- consecución dos obxectivospropostos
- adecuación das actividades aoalumnado
- implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividadespropostas
- ambiente creado durante as sesión
- adecuación dos recursosempregados
- organización do tempo e do espazo
- a idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliaciónempregados

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

-

# 19. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

1.-INTRODUCIÓN-CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación forma parte dun proxecto completo de 1º a 6º de Educación Primaria que se adapta ao ritmo e necesidades de cada idade, mantendo a coherencia na secuenciación de contidos, metodoloxía e claves pedagóxicas para a etapa.
Das claves pedagóxicas desta programación queremos destacar que:
- Nun horizonte de formación integral,esta programación asume o reto da educación emocional como elemento esencial do proceso de aprendizaxe.
Pretendese axudar aos alumnos a nomear o seu mundo emocional para regulalo, e integrar as emocións nos contidos relixiosos.
- Partindo das intelixencias múltiples que diferencian os itinerarios persoais de aprendizaxe de cada alumno, esta programación propón actividades diferentes para traballar cada unha das oito intelixencias: lingüística-verbal, lóxico-matemática, visual-espacial, corporal-cinestésica, musical, interpersonal, intrapersonal e naturalista.
Como suxire a LOMCE este proxecto baséase nunha metodoloxía que promove o desenvolvemento das competencias básicas. As aprendizaxes significativas no área de relixión se articulan xunto aos doutras materias dotando aos alumnos de coñecementos "útiles" para a súa vida cotiá.
Mediante estratexias de aprendizaxe cooperativo e o uso de ferramentas TIC, podense deseñar itinerarios personalizados que poden adaptarse con flexibilidad aos diferentes ritmos de aprendizaxe e circunstancias do grupo.

2.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE RELIXIÓN CATÓLICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS
Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doctrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxico e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo
cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta materia aporta á dimensión de escoita da comunicación.
Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas.

-
Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade. Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímaa adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescíndese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos.
De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade ao enriquecemento do noso patrimonio cultural. A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.
A contribución ao desenvolvemento das competencias básicas vén marcadas polos estándares de aprendizaxe que se concretan en descriptores. Estes trabállanse e se evalúan mediante actividades.
É, xa que logo, nas actividades ou tarefas onde incorporamos o tratamento ou desenvolvemento das competencias básicas. Na programación de cada unidade didáctica están marcados os contidos que se abordan e as actividades que desenvolven as competencias básicas.
Ao final de cada unidade proponse unha avaliación competencial que pode ampliarse coas avaliacións incluídas no caderno de recursos didácticos.

3.-OBXECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN

| | |
|---|---|
| 1.-Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.<br>2.-Identificar a necesidade do perdón.<br>3.-Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías. | 1º TRIMESTRE |
| 4.-Comprender o significado dalgunhas parábolas de perdón.<br>5.-Coñecer trazos da Coresma como tempo de penitencia.<br>6.-Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Jesús está a cumprir a vontade do Pai. | 2º TRIMESTRE |
| 7.-Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.<br>8.-Recoñecer a iniciativa de Jesús polos máis necesitados e os enfermos. | 3º TRIMESTRE |

4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
2. Cualifica o tipo de pecado en situación da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
3. Recorda e acepta situación persoais ou sociais que necesitan de perdón.
4. Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
5. Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.
6. Descobre e enumera as características do perdón de Deus en algúns relatos bíblicos.
7. Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.
8. Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.
9. Recoñece e expresa artísticamente escenas da historia de David nas que Deus lle perdoa.
10.Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.
11. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.
12. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
13. Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.

-
14.Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
15.Secuencia ordenadamente escenas da historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
16. Distingue e explica frases do relato da oración do Horto dos Olivos que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.
17. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.
18. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.
19. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.
20. Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

6.-MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA

-Identifica accións que poden levar a romper a amizade con Deus.
-Recoñece a necesidade do perdón a través de exemplos actuais.
-Recoñece situacións de conflito e arrepentimento na súa vida cotiá.
-Explica por que María é un exemplo para seguir.
-Explica a maneira de superar dificultades.
-Analiza e interpreta unha pintura que representa unha parábola.
-Relaciona situacións da súa vida cotiá coa parábola do fillo pródigo.
-Le e ordena os acontecementos máis importantes da historia da paixón de Xesús. -Identifica en cada un dos momentos da celebración eucarística algúns dos símbolos fundamentais.
-Identifica o Papa como responsable da Igrexa católica e sucesor de Pedro.

7.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ser un proceso continuado ao longo de todo o curso escolar, por iso, para sistematizala establécense tres momentos diferentes:
Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
Avaliación formativa continua, que pretende coñecer si vanse logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e auto-corrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.
Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.
Avaliación sumativa, na que se valora, sobre todo, o grado de adquisición das competencias crave, expresadas nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e os descriptores; é dicir, avaliación do resultado.

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA | Escalas de observación Categorial (Nunca, as veces, sempre)<br>Numérica |
| ANÁLISE DE PRODUCCIÓNS DOS ALUMNOS | Lista de control<br>Diario de clase<br>Caderno de clase<br>Traballo de aplicación e síntese<br>Resúmenes<br>Monografías<br>Resolución de exercicios<br>Textos escritos<br>Produccións orais |

-

| | |
|---|---|
| | Produccións plásticas ou musicais<br>Produccións motrices<br>Investigacións<br>Xogos de simulación e dramáticos |
| INTERCAMBIOS ORAIS | Diálogo<br>Entrevista<br>Posta en común<br>Asamblea |
| PROBAS ESPECÍFICAS | Obxetivas<br>Abertas<br>Interpretación de datos (ilustración, mapa)<br>Exposición dun tema<br>Probas de capacidade motriz |
| CUESTIONARIOS | |
| GRABACIÓNS E ANÁLISE | |

8.-METODOLOXÍA

Partindo das características psicoevolutivas e o desenvolvemento relixioso e moral dos nenos e nenas desta etapa e das súas experiencias vitais, iníciase cada sesión con elementos motivadores para propiciar o interese, a atención e a motivación. Exporanse actividades de observación, escoita, dialogo e búsqueda de respostas, combinando o traballo persoal co de grupo. Buscarase o fomento no alumnado da capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio ambiente.

9.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Libro de texto
-Caderno de traballo
-Material escolar (lapis, ceras, tixeiras, pegamento,...)
-Recursos de aula (mapas, láminas,...)
-Fichas complementarias e de reforzo.
-Recursos didácticos de internet.
-Revistas, xornais.
-Audio de cancións.
-Libros, diccionario, Biblia.
-Xogos didácticos de elaboración propia.

14.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Contemplarase como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante ou desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función dás necesidades de cada un.
Prestarase especial sensibilidade á atención personalizada dous alumnos e alumnas e ao establecemento de mecanismos de reforzo mediante actividades, fichas elaboradas adaptandoas as capacidades do alumnado e axuda por parte dá mestra. Considerase imprescindible contar co asesoramento dous servizos de orientación do centro para a programación e posterior elaboración dous materiais e actividades que se empregarán.

10.-AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

-
a.-Traballos que o alumnado vai realizando. (60% da nota. 6 puntos sobre 10)
-Tarefas que realiza no libro do alumno.
-Preguntas que realiza na clase.
-Respostas que dá na clase.
-Presentación dos traballos.

b.-Actitude ante a aprendizaxe. (10 % da nota. 1 punto sobre 10)
-Iniciativa, interese e participación activa no desenvolvemento da clase.
-Ter un comportamento adecuado en formas e expresións.
-Coidado e respecto polo material.
-Convivencia dentro e fóra do grupo.
-Respecto polas persoas e as opinións.
-Respecto polas persoas e as opinións.
-Atención ás explicacións do profesor/a e os compañeiros/ as.

C .-Probas de avaliación. (30% da nota. 3 puntos sobre 10)

11.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

a.-Cuestionario de valoración para o profesor

| NIVEL | BAIXO | MEDIO | ALTO |
|---|---|---|---|
| Foi motivadora para o alumno e para o mestre | | | |
| As actividades foron variadas e organizadas en grao de dificultade | | | |
| Aproveitamos os recursos e proxectos do centro | | | |
| Necesitouse actividades de reforzo polas dificultades dos contidos. | | | |
| Necesitouse máis tempo para traballar as unidades por dificultades externas á aula ou da dificultade dos contidos. | | | |
| Serviulles para conectar as súas aprendizaxes previas e construíron novos. | | | |
| Prevíronse actividades, respectando os distintos ritmos de aprendizaxe, con actividades tanto de reforzo como de ampliación. | | | |
| Os resultados dos controis, probas orais, exercicios en papel ou en lousa indican que se conseguiron os obxectivos previstos. | | | |

b. -Diario de clase.

-Recollida de información do traballo e actividade.
-Posibles dificultades na posta en marcha das actividades previstas.

**20. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VALORES.**

-

**1.CONTIDOS**

1. B1.1. O autocoñecemento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.
2. B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.
3. B1.3. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidadepersoal. O estilo persoal positivo.
4. B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.
5. B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.
6. B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ásdemaispersoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.
7. B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridadenunmesmo e nunhamesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisiónspersoal meditada. Tolerancia á frustración.
8. B1.8. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.
9. B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisiónspersoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aosdemais.
10. B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.
11. B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.
12. B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.
13. B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoablesempregandoestratexias de comunicación construtivas.
14. B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.
15. B2.6.A intelixenciainterpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.
16. B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzasculturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.
17. B2.8 A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.
18. B2.9 As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aosdemais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.
19. B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nastarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara aooutro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.
20. B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara aooutro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.
21. B3.3. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.
